



Estratexia  
de Desenvolvemento  
Local Participativo



# Ría de Arousa



Patrimonio Sector  
pesqueiro Dixitalización  
Ecoloxía Resiliencia  
Emprego Inclusión  
Alimentos saudables



Grupos de  
Acción  
Local do sector  
Pesqueiro



Documento aprobado en Asemblea do GALP Ría de Arousa en **Vilagarcía de Arousa** a **21** de **setembro** de 2022.

Versión do documento: 3/2022. Fecha de revisión: 21/12/2022

## Índice

1.	Identificación do GALP e da zona pesqueira.....	5
2.	O deseño da EDLP.....	7
2.1	Valoración da aplicación da EDLP 2016-2021.....	7
2.2	Elaboración da EDLP.....	8
3.	A zona pesqueira:.....	13
3.1	Descrición da zona pesqueira: coherencia funcional do territorio.....	13
3.2	Necesidades e potencial da zona pesqueira.....	15
4.	Coherencia co marco estratéxico europeo, nacional e rexional.....	23
4.1	Coherencia co Pacto Verde Europeo.....	23
4.2	Coherencia coa Economía Azul Sostible.....	23
4.3	Coherencia coa Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible.....	24
4.4	Coherencia co DLP do Programa do FEMPA en España.....	25
4.5	Coherencia con outros programas ou estratexias rexionais.....	26
5.	Características innovadoras e enfoque integrado da estratexia.....	28
6.	Misión, visión e valores da EDLP. Plan de acción da estratexia.....	31
6.1	Misión, visión e valores da organización.....	31
6.2	Plan de acción. Obxectivos da estratexia.....	31
6.3	Plan de acción: Indicadores e metas.....	34
6.4	Programa de actuacións.....	38
6.5	Indicadores comúns de resultados FEMPA.....	68
6.6	Análise da pertinencia da estratexia.....	68
7.	Normas para a xestión da EDLP.....	70
7.1.	Límites de axuda pública.....	70
7.2.	Criterios e procedementos de selección dos proxectos.....	71
7.2.1	Requisitos de admisibilidade de solicitudes.....	71
7.2.2	Requisitos de elixibilidade dos proxectos.....	72
7.2.3	Criterios de selección de operacións na aplicación da EDLP.....	73
7.2.3.1.	Criterios de selección das operacións financiáveis do programa de axudas.....	73
7.2.3.2.	Selección de operacións de cooperación.....	85
8.	Plan financeiro.....	88
9.	O grupo de desenvolvemento local do sector pesqueiro (GALP).....	91
9.1	A asociación.....	91

9.2	Relación de entidades sociais .....	93
9.3	Representación da entidade: órganos sociais .....	96
9.4	Capacidade do grupo.....	98
9.4.1	Experiencia do GALP na xestión. ....	98
9.4.2	Recursos do GALP para a xestión do programa .....	99
9.5	Procedementos de traballo e toma de decisións .....	103
10.	Complementariedade e coherencia da estratexia con outros programas de desenvolvemento que se apliquen no territorio. ....	110
11.	Plan de animación na aplicación da EDLP .....	113
12.	Comunicación.....	114
13.	Seguimento e avaliación.....	115
13.1.	Plan de seguimento e avaliación continua .....	115
13.2	Indicadores de avaliación .....	118


## 1. Identificación do GALP e da zona pesqueira.

Datos do Grupo de acción local do Sector Pesqueiro	
Denominación	Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Arousa
Razón Social	GALP Ría de Arousa
NIF	G70196597
Domicilio social	FEXDEGA Finca a Maroma. Avda. Rodríguez de Mendoza s/n. CP 36600 – Vilagarcía de Arousa. Pontevedra
Enderezo electrónico	galp.mar.riadearousa@xunta.gal
Teléfono	986 510 953 / 628 155 386
Web	<a href="https://galp.xunta.gal/ria-de-arousa">https://galp.xunta.gal/ria-de-arousa</a>
RRSS	<a href="https://www.facebook.com/GalpdaRiadeArousa">https://www.facebook.com/GalpdaRiadeArousa</a> <a href="https://twitter.com/GALPRIadeArousa">https://twitter.com/GALPRIadeArousa</a> <a href="https://www.instagram.com/galpriadearousa/">https://www.instagram.com/galpriadearousa/</a> <a href="https://www.linkedin.com/company/galp-r%C3%ADa-de-arousa/">https://www.linkedin.com/company/galp-r%C3%ADa-de-arousa/</a> <a href="https://www.youtube.com/channel/UC_AJHjKEOVkBiDTH5nCKFcA">https://www.youtube.com/channel/UC_AJHjKEOVkBiDTH5nCKFcA</a>


O ámbito de aplicación da EDLP abrangue aos seguintes concellos

Relación de concellos que forman parte do GALP	
Boiro	Rianxo
Cambados	Ribadumia
Catoira	Ribeira
Grove, O	Vilagarcía de Arousa
Illa de Arousa, A	Vilanova de Arousa
Pobra do Caramiñal, A	

Imaxe 1. Mapa de concellos do GALP Ría de Arousa



Imaxe 2. Mapa de situación do GALP en Galicia



## 2. O deseño da EDLP

### 2.1 Valoración da aplicación da EDLP 2016-2021

A aplicación dos fondos FEMP no GALP Ría de Arousa valórase moi positivamente. Para obter datos que apoien esta afirmación, este Grupo realizou avaliacións anuais, así como unha avaliación intermedia (ademais está previsto realizar a avaliación final ao remate do período FEMP). Nestas avaliacións constan polo miúdo datos cuantitativos e cualitativos do desenvolvemento do programa de axudas e o funcionamento do grupo.

Esta preocupación do GALP por facer un seguimento exhaustivo das actividades propias, e nas que participan terceiros, afecta ao comportamento do GALP no que respecta ao seu grao de execución. Podemos apreciar un importante reforzo da eficacia e eficiencia do programa cun grao de execución no programa de axudas en torno ao 100%.

En liñas xerais, os investimentos nesta zona costeira promoveron o dinamismo económico, reflectido no maior apoio a investimentos produtivos promovidos por entidades empresariais. Prevaleceu o investimento privado, sendo un revulsivo na zona costeira, e tamén o alto índice de execución de proxectos nas iniciativas promovidas por mulleres.

Ademais do programa de axudas, executáronse contías dirixidas a dinamizar o territorio e a difundir a actividade do GALP. Desenvolveuse unha ampla campaña de comunicación en liña, visibilizando ao sector pesqueiro, a igualdade de xénero, os proxectos promovidos e o talento azul. Reforzouse a comunicación tradicional, aumentando a visibilidade do GALP e do sector pesqueiro no territorio.

Os datos de execución acumulados mostran a orientación do GALP á consecución dos resultados definidos na súa estratexia. O grao de execución por obxectivos é moi alto, sendo progresivo ao longo de todo o período e estable en cada anualidade. Nos primeiros anos priorizouse o apoio a proxectos do sector pesqueiro, procurando o equilibrio coas actividades de diversificación nos seguintes anos. A execución destes dous ámbitos foi moi importante en termos económicos, pero tamén na interdependencia que xerou entre os dous sectores. Na Ría de Arousa, a actividade turística é un elemento tractor de consumo dos produtos pesqueiros, e á vez, as actividades pesqueiras e marisqueiras son un elemento de atracción e dinamización do turismo.

No relativo ao investimento en proxectos non produtivos do sector pesqueiro, melloraronse a cualificación e as condicións de traballo, promovendo a calidade de vida relacionada coa cadea vertical da pesca. Reforzouse a gobernanza do sector e tamén a súa competitividade. Son destacables os proxectos de dixitalización e melloras tecnolóxicas, empregando os fondos do Grupo para a modernización do sector.

A dinamización do GALP e a xestión do programa reforzaron a cohesión social, promovendo o emprego, e contribuíndo a unha sociedade máis igualitaria e inclusiva. Este feito tamén se aprecia na cooperación con outros GALP galegos, co desenvolvemento de proxectos arredor da promoción do produto (Mar Galaica), as tradicións (Mar de Velas), a igualdade (Candieira), o turismo mariñeiro (Mar das Illas), a rede museística (Pasaporte Rema), o sector social e a economía circular (Tanza), o medioambiente (Pescaconciencia), e o Relevo xeracional, no que este Grupo actuou como coordinador nas dúas edicións. Finalmente, realízouse unha folla de ruta e posta en valor das actuacións desenvolvidas polos GALP co proxecto “Bitácoras”.

A utilidade do programa é un factor que mostra a importancia que teñen estes fondos no desenvolvemento do sector pesqueiro e no conxunto da zona costeira. O grao de continuidade das iniciativas financiadas é tamén un índice que reforza a sustentabilidade desta ferramenta financeira para o tecido empresarial.

A relevancia destes fondos é manifesta para o sector e as entidades, se temos en conta o interese que despertaron as convocatorias de proxectos. A relevancia dos fondos distribuíuse dun xeito importante entre o conxunto de actividades do sector pesqueiro. Financiáronse proxectos para a mellora das actividades extractivas, a transformación de produtos e a súa comercialización, que implicaron unha mellora no valor engadido dos produtos. Tamén se apoiaron melloras nas condicións de vida do sector, na súa capacidade organizativa, e na introdución de innovacións tecnolóxicas que incrementaron a súa competitividade. Os fondos contribuíron á mellora da oferta turística, vinculándose dun xeito importante coas actividades do sector pesqueiro, e reforzando a imaxe dun turismo sustentable e no que se pon en valor o patrimonio natural e cultural da Ría de Arousa.

A orientación do GALP cara o cumprimento dos obxectivos marcados na EDLP reforzou a cohesión territorial e incrementou o valor engadido do programa para a zona costeira.

## 2.2 Elaboración da EDLP

A elaboración da EDLP sustentouse na metodoloxía do Desenvolvemento Local Participativo, que contempla como elemento central a participación activa das entidades e da cidadanía da zona pesqueira.

O desenvolvemento local a través da participación comunitaria é concibida cun enfoque “abaixo-arriba”: o tecido social, en representación dos intereses locais, asume o papel protagonista. A implicación de diversas entidades na elaboración da EDLP garante unha visión ampla sobre as necesidades e as potencialidades do territorio, obtendo como resultado unha EDLP integrada e sostible da zona costeira.

Realizáronse unha serie de accións preparatorias para a ordenación do proceso:

- Xerouse o grupo coordinador, integrado pola xerencia e a Xunta Directiva do GALP, asignando responsabilidades e calendarizando o proceso.
- Planificouse a estrutura de traballo a través de distintos espazos de participación (xuntanzas presenciais e virtuais, formulario en liña de achegas, grupo de contraste e consulta pública).
- Identificáronse grupos de participación preferentes aos que involucrar no proceso, contemplando ao sector científico/técnico para analizar a viabilidade dos contidos.
- Deseñouse unha identidade corporativa baixo o lema “Mar Aberto”, para reforzar a difusión dos espazos de participación e dos contidos da EDLP.
- Realizáronse reunións de coordinación con todos os GALP.

A elaboración da EDLP contemplou unha dobre vertente metodolóxica, empregando distintas técnicas complementarias para integrar as realidades diversas que conviven no territorio. Ao longo do proceso de elaboración da EDLP aplicáronse:

- metodoloxías de investigación cuantitativas e cualitativas, orientadas ao tratamento de datos secundarios extraídos de diversas fontes públicas, así como á recollida de visións, necesidades e propostas das entidades da zona costeira.
- metodoloxías participativas, estruturadas a través de dinámicas aglutinadoras das achegas de entidades e da cidadanía, xunto coas propostas realizadas dende a perspectiva técnica.



## Fases desvoltas na elaboración da EDLP

O proceso de elaboración da EDLP ordenouse a través de fases definidas, con obxectivos específicos e resultados esperados. As fases que vertebraron o proceso de elaboración da EDLP foron os seguintes:

- Fase de elaboración da diagnose: os contidos que compoñen a diagnose parten da análise de datos secundarios da zona pesqueira, complementados mediante as percepcións sobre o territorio das persoas e entidades implicadas nos espazos presenciais e virtuais.

Empregando a técnica do world-café, as persoas asistentes realizaron achegas en distintos ámbitos: sector pesqueiro, acuícola e marisqueiro; diversificación e desenvolvemento azul sostible; patrimonio medioambiental e cultural pesqueiro, e ámbito social. Así mesmo, desenvóléronse mesas de diagnose sobre aspectos transversais á EDLP: mocidade, igualdade de xénero e inclusión.

A metodoloxía do world-café replicouse nas xuntanzas virtuais, dirixidas especialmente ao persoal técnico das confrarías e ao sector público.

O resultado desta fase é a obtención dunha análise do territorio, presentado nun DAFO que recolle as principais necesidades.

- Fase de definición do plan de acción: realizouse unha xuntanza presencial ordenada en mesas temáticas e plenario, complementada por unha xuntanza virtual de carácter técnico.

As temáticas abordadas na diagnose e as necesidades identificadas na fase anterior ordenaron os ámbitos sobre os que se traballou nesta fase, achegando as propostas recollidas no Plan de acción. Ademais, tivéronse en conta os obxectivos fixados nas bases reguladoras para a selección de estratexias e grupos de acción local do sector pesqueiro.

- Fase de contraste: realizouse unha reunión presencial conxunta entre GALP de distintos territorios, para cooperar na definición das disposicións de xestión, dos criterios de selección de operacións, do plan de cooperación, das medidas de RSC e das directrices para o seguimento e a avaliación da EDLP. Desta forma darase unha maior coherencia aos aspectos comúns no novo período. Realizáronse reunións virtuais con carácter previo e posterior á reunión presencial.
- Fase final: o documento da EDLP foi publicado para a súa revisión e sometido a consulta pública. Unha vez incorporadas as últimas achegas, a EDLP presentouse á Asemblea para a súa aprobación polo máximo órgano social do Grupo de Acción Local do Sector deste territorio.

A continuación preséntanse graficamente as accións preparatorias e o fluxograma das fases de elaboración da estratexia de desenvolvemento local participativo:

### Imaxe 3. Accións preparatorias:



Imaxe 4. Fluxograma do proceso de elaboración da EDLP.



A continuación preséntanse os espazos de participación organizados para a elaboración da EDLP.

**Táboa 1. Espazos de participación na elaboración da EDLP.**

Tipo de acción	Lugar e data de celebración	Promotor	Método de difusión	Participantes		
				M	H	Total
Reunión presencial de diagnose	Vilagarcía de Arousa 20/07/2022	GALP Ría de Arousa	Mailing Redes sociais Telefónico e presencial	23	18	41
Reunión virtual de diagnose	En liña 27/07/2022			22	12	34
Reunión presencial Plan de Acción	Vilagarcía de Arousa 24/08/2022			24	16	40
Reunión virtual Plan de Acción	En liña 28/08/2022			10	9	19

**Táboa 2. Reunións de mesas sectoriais ou órganos sociais do GALP.**

Tipo de reunión	Lugar e data de celebración	Finalidade	Participantes		
			M	H	Total
Grupo estratéxico: inclusión social	Vilagarcía de Arousa 22/08/2022	Achegar necesidades e retos á diagnose dende a	2	3	5
Grupo estratéxico: mocidade	Vilagarcía de Arousa 22/08/2022	súa perspectiva específica.	2	2	4
Grupo estratéxico: mulleres	Vilagarcía de Arousa 22/08/2022	Facer propostas ao Plan de acción da EDLP.	18	4	22

**Táboa 3. Espazos de participación na elaboración da EDLP: traballo colaborativo**

Tipo de reunión	Lugar e data de celebración	Finalidade	Participantes		
			M	H	Total
Grupo de traballo colaborativo	Santiago 06/09/2022	Programar a cooperación	4	1	5
Reunións virtuais	En liña 07-08-09/2022	Definir propostas de xestión conxunta entre os GALP	3	1	4

**Táboa 4. Espazos de participación na elaboración da EDLP: órganos sociais**

Tipo de reunión	Lugar e data de celebración	Finalidade	Participantes		
			M	H	Total
Asemblea	Vilagarcía de Arousa 21/09/2022	Aprobación da estratexia por unanimidade	3	9	12

### 3. A zona pesqueira:

Caracterización da zona pesqueira	
Nº de habitantes na zona pesqueira	151.736
Superficie da zona en Km <sup>2</sup>	425,99
Densidade de poboación (persoas/ Km <sup>2</sup> )	400,61
Evolución da poboación (1999-2021)	4.263
Índice de envellecemento	138
Renda per cápita	18.336
Taxa de paro rexistrado	9,83% <sup>1</sup>
Afiliados ao sector pesqueiro en relación ao número total de afiliados (CNAE 0311 e 0321) <sup>2</sup>	11,00%
Nº empresas do sector pesqueiro <sup>3</sup>	465
Número de persoas afiliadas ao sector marítimo-pesqueiro e da acuicultura (CNAE 0311, 0321, 1021, 1022, 4638, 4723 ) <sup>4</sup> en relación ao número total de afiliacións na zona	22,12%

#### 3.1 Descrición da zona pesqueira: coherencia funcional do territorio

O GALP Ría de Arousa abrangue un total de 11 concellos adscritos administrativamente a 3 comarcas, situadas nas provincias da Coruña e Pontevedra. A comarca do Barbanza inclúese por completo na área do GALP Ría de Arousa, así como case toda a área do Salnés (excepto Sanxenxo, Meis e Meaño), e o concello costeiro de Catoira, pertencente á comarca de Caldas.

Os concellos que integran o GALP Ría de Arousa teñen en común pertenceren á area xeográfica delimitada pola Ría de Arousa, recollida entre dúas liñas de costa que bordean a entrada do mar ata os tramos finais das cuncas hidrográficas dos ríos Ulla e Umia.

A Ría de Arousa é a máis ampla das rías galegas, e tamén a de augas menos profundas. Esta circunstancia caracteriza a configuración xeográfica da zona, que conta con gran variedade de ecosistemas intermareais, humedais, praias e illas, que favorecen o desenvolvemento de actividades produtivas ligadas ao mar. A Ría de Arousa é moi produtiva nas 3 vertentes asociadas ao sector

<sup>1</sup> Dato para o ano 2021. Porcentaxe na zona costeira, sendo en Galicia do 9,80%:

<sup>2</sup> Códigos CNAE (0311: pesca mariña, 0321: acuicultura mariña)

<sup>3</sup> Códigos CNAE: (1021, 1022, 4638, 4723)

<sup>4</sup> Códigos CNAE (0311: pesca mariña; 0321: acuicultura mariña; 1021: Procesado de pescados, crustáceos e moluscos; 1022: Fabricación de conservas de pescado; 4638: Comercio al por mayor de pescados y mariscos y otros productos alimenticios; 4723: Comercio al por menor de pescados y mariscos en establecimientos especializados).

pesqueiro: é unha potencia acuícola, xa que concentra o 68,46% das bateas galegas; conta cunha gran concentración de embarcacións dedicadas á pesca costeira artesanal, fundamentalmente na zona de Ribeira e A Illa de Arousa; e o Salnés destaca pola súa capacidade produtiva de bivalvos, que ocupan a un gran número de persoas.

A xeografía da zona recolle as illas de Sálvora e Cortegada (que forman parte do Parque Nacional Illas Atlánticas), así como outros espazos protexidos mediante a Rede Natura 2000 de Galicia.

Na zona terrestre, o sur da Ría de Arousa conta cunha gran tradición vitivinícola no cultivo de uva Albariño, Denominación de Orixe Protexida e recoñecida internacionalmente. A zona litoral do Salnés caracterízase tamén por un gran desenvolvemento turístico, dinamizador da economía da zona e referente nas Rías Baixas, con potencias turísticas como a Illa de Arousa ou O Grove. A zona norte que bordea á Ría de Arousa ten unha xeografía máis escarpada e forma a serra da Barbanza, cun desenvolvemento económico predominante en actividades forestais e xeración de enerxía eólica.

O bordo litoral que rodea a Ría de Arousa conta con vías de comunicación terrestre que conectan o territorio. A parte sur conta coa autoestrada AG-41, complementada pola vía provincial PO-548. Na zona norte, a autoestrada AG-11 conecta Padrón e Ribeira (xunto coa provincial AC-308). Ambas autoestradas facilitan os desprazamentos de persoas e o transporte de produtos por vía terrestre. A infraestrutura de comunicacións fomentou o asentamento de industria relacionada coa transformación de produto pesqueiro, situadas no Salnés e na Barbanza. Estas vías principais, xunto con outra infraestrutura de alta capacidade nos arredores de Vilagarcía de Arousa (VG-4.7 e VG-4.2) cobren as necesidades de comunicación terrestre ao longo do territorio.

No territorio do GALP Ría de Arousa localízase a Autoridade Portuaria de Vilagarcía, dependente de Puertos del Estado, así como outros 28 portos de competencia autonómica. Estas infraestruturas portuarias supoñen o número máis alto de todas as áreas costeiras galegas, por diante da Ría de Vigo e da fachada norte galega. En canto á regulación de Capitanías e Distritos marítimos, Vilagarcía de Arousa (comprendendo a Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Vilagarcía, Cambados e O Grove), é unha das tres Provincias Marítimas galegas recollidas no Real Decreto 638/2007.

A identidade social da Ría de Arousa configura un desenvolvemento cultural das vilas costeiras fortemente vinculado ás actividades do mar. Este carácter propio propicia que a Ría de Arousa sexa recoñecida como un referente turístico, incluído como xeodestino. Destaca así o seu patrimonio histórico (o museo de Valle Inclán na Pobra do Caramiñal, as Torres de Oeste en Catoira, Santa Mariña Dozo en Cambados ou as instalacións romanas de Adro Vello no Grove), e as festas e gastronomía locais. O recoñecemento da Romaría Vikinga de Catoira como Festa de Interese Turístico Internacional, súmase a outras celebracións relacionadas coa cultura mariñeira como son a Exaltación do Marisco no Grove, a Virxe de Guadalupe en Rianxo, ou á Dorna en Ribeira.

### 3.2 Necesidades e potencial da zona pesqueira.

Táboa 5. DAFO

DEBILIDADES	AMEAZAS
<b>SOSTIBILIDADE</b>	
<p><b>Conservación dos recursos e do medio</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Insuficiente infraestrutura para o cultivo e cría de determinados recursos (moluscos bivalvos,...), que dea cobertura á demanda realizada dende as confrarías.</li> <li>Descoñecemento por parte do sector pesqueiro de aspectos concretos sobre o estado ambiental da Ría de Arousa (fondos mariños, evolución de especies invasoras, etc.)</li> <li>Forte presenza do monocultivo dalgunhas especies de marisqueo (principalmente a ameixa xapónica), que suplantam ás principais variedades autóctonas (fina e babosa).</li> <li>Mostraxes insuficientes sobre a calidade das augas da Ría</li> <li>Ineficiencia da vixilancia dos recursos pesqueiros nalgunhas zonas concretas do litoral.</li> <li>Existe conciencia social para o coidado do medio, pero as accións desenvolvidas son insuficientes.</li> </ol> <p><b>Patrimonio cultural</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Valorización e mantemento deficitario das infraestruturas de patrimonio material ligadas ao sector pesqueiro (salgaduras, conserveiras, estaleiros de madeira, etc.)</li> <li>Uso testemuñal das embarcacións construídas en madeira, que é un material sostible.</li> <li>Escasa atención e posta en valor do patrimonio cultural inmaterial marítimo-pesqueiro: historias mariñeiras, xeitos/artes de traballar, nomes das embarcacións, talasonimia, etc.</li> <li>Escasa posta en valor dos saberes tradicionais relacionados co consumo de produtos pesqueiros (receitas, métodos de conservación, valores nutricionais, etc.)</li> </ol> <p><b>Diversificación</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Falta cultura de innovación e pouca implicación do sector, na valorización de determinados produtos/subprodutos e especies non aproveitadas comercialmente.</li> <li>Información deficitaria para o reaproveitamento de recursos mariños existentes.</li> <li>Pouco coñecemento de boas prácticas e aprendizaxes sobre proxectos de diversificación do sector desenvolvidos noutros territorios.</li> <li>Baixa visibilidade e posta en valor do ámbito da artesanía relacionada co sector pesqueiro.</li> </ol> <p><b>Economía circular</b></p>	<p><b>Conservación dos recursos e do medio</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Existencia de perigos recorrentes que ameazan aos recursos pesqueiros: contaminación e vertidos industriais; problemática das algas nos bancos marisqueiros, aumento da temperatura da auga, salinidade (cambio climático)</li> <li>Existencia de construcións situadas na liña de costa pouco respectuosas coa paisaxe natural.</li> <li>Construción de infraestruturas que afectan ao medio mariño, correntes de auga, á produción de recursos, como por exemplo: pantaláns, portos deportivos, pontes, ...</li> <li>Inexistencia dun plan de control de novas especies no medio mariño e no litoral.</li> <li>Desprazamento das especies autóctonas a consecuencia das especies invasoras.</li> <li>A problemática económica e social que xera o furtivismo.</li> </ol> <p><b>Patrimonio cultural</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Perda de informantes no relacionado, sobre todo, co patrimonio cultural inmaterial</li> </ol> <p><b>Diversificación</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Escasa cultura emprendedora na sociedade: pouco acompañamento e titorización ás persoas emprendedoras para desenvolver ideas innovadoras (aceleradores de proxectos, espazos de co-working, etc).</li> </ol> <p><b>Economía circular</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Descoñecemento das potencialidades que supón a posta en marcha de proxectos de economía circular.</li> </ol> <p><b>Participación, igualdade, cohesión social</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Excesiva burocracia nas confrarías que fai que estas perdan a súa vertente máis participativa e de entidades da economía social.</li> <li>Ambiente de desacougo e descontento xeneralizado do sector pesqueiro ante a situación actual e un futuro incerto.</li> </ol>

DEBILIDADES	AMEAZAS
<p>15. Desenvolvemento escaso, falta de coñecemento ou capacitación/formación en proxectos de economía circular que dean resposta a problemáticas da zona que ten o sector pesqueiro e acuícola (algas de arribazón, cunchas de mexillón, etc. ).</p> <p><b>Participación, igualdade, cohesión social</b></p> <p>16. Individualismo, localismos e falta de coordinación no sector pesqueiro son factores que inciden ou frean o seu desenvolvemento.</p> <p>17. Xestión deficitaria e excesiva dependencia económica de fondos públicos por parte dalgunhas confrarías, para poder pechar o ciclo do produto (por exemplo a problemática da semente) ou realizar algunhas actividades.</p> <p>18. Pouca implicación societaria, agás na parte produtiva, nas confrarías que leva a un distanciamento dos órganos societarios coas persoas asociadas: barreiras no traslado de información e baixa participación en actividades</p> <p>19. Falta de espazos de diálogo que melloren a gobernanza do sector: foros, mesas de traballo, relación con outros sectores económicos, etc.</p> <p>20. Escasa concienciación sobre dinámicas de traballo que favorezan a igualdade de xénero no sector pesqueiro.</p> <p>21. Insuficiente visibilidade e recoñecemento social das mulleres no sector: pouco recoñecemento en actividades tradicionalmente masculinas, limitacións no acceso á representación nas confrarías, etc.</p> <p>22. Baixa inserción laboral das persoas con diversidade funcional e colectivos en risco de exclusión social no sector.</p> <p><b>Relevo xeracional nas actividades marítimo-pesqueiras</b></p> <p>23. Diminución do peso específico que ten a pesca costeira artesanal tradicional.</p> <p>24. Demonización por parte do sector do traballo relacionado co mar, poñendo énfase na dureza das condicións de traballo ou na baixa cualificación. O discurso non facilita a integración laboral das novas xeracións.</p> <p>25. Inexistencia de espazos que fomenten a cultura emprendedora co sector pesqueiro.</p> <p>26. Dificultade para a conciliación laboral e familiar.</p>	<p>12. Escaseza de infraestruturas e prazas en centros de atención á discapacidade e terceira idade no territorio, que dificultan a conciliación das e dos profesionais do mar (e da sociedade en xeral)</p> <p>13. A violencia de xénero está invisibilizada e oculta no sector pesqueiro (e na sociedade en xeral)</p> <p><b>Relevo xeracional nas actividades marítimo-pesqueiras</b></p> <p>14. Insuficiente transferencia de coñecemento científico ao sector, e pouca sinerxía entre estas e a sociedade en global.</p> <p>15. Baixa valoración social das profesións relacionadas co mar</p> <p>16. A mocidade ten a percepción de que as condicións de traballo no sector pesqueiro son malas: traballos esporádicos e remuneracións deficientes.</p> <p>17. A mocidade carece de espazos propios nos que desenvolver actividades culturais ou de ocio relacionados co sector pesqueiro</p>
TRANSICIÓN ECOLÓXICA	
<p><b>Produtos pesqueiros e cadea de valor (alimentación saudable)</b></p> <p>27. Escasa colaboración entre os axentes implicados na cadea comercial.</p> <p>28. Baixa aposta polos produtos pesqueiros locais e de proximidade.</p>	<p><b>Produtos pesqueiros e cadea de valor (alimentación saudable)</b></p> <p>18. Inestabilidade en canto á produción e os prezos en primeira venda.</p>



DEBILIDADES	AMEAZAS
<p><b>Adaptación ao cambio climático</b></p> <p>29. Escasa colaboración e proxectos de cooperación entre o sector público e o privado que afronten esta problemática.</p> <p>30. Falta de coordinación entre o sector pesqueiro e entidades que promoven a investigación (Universidade, ...)</p> <p><b>Transición enerxética</b></p> <p>31. Insuficiente uso do potencial das novas tecnoloxías para realizar un control efectivo sobre a produción e as explotacións.</p> <p>32. Descoñecemento sobre a pegada ecolóxica das distintas actividades pesqueiras, ou os ciclos de vida das ferramentas que empregamos na produción dos alimentos.</p>	<p><b>Adaptación cambio climático</b></p> <p>19. Diminución na produción e captura de determinados recursos</p> <p>20. Incerteza derivada das consecuencias do cambio climático sobre os recursos pesqueiros e no medio mariño</p> <p><b>Transición enerxética</b></p> <p>21. Excesiva dependencia de combustibles fósiles nas embarcacións e/ou infraestruturas ou equipamentos.</p>
TRANSICIÓN DIXITAL	
<p><b>Transformación dixital</b></p> <p>33. Desaproveitamento das posibilidades tecnolóxicas para a monitorización das condicións do medio ambiente e dos recursos naturais.</p> <p>34. Equipos e ferramentas informáticas obsoletas.</p> <p>35. Baixa formación no uso das novas tecnoloxías (apps, plataformas dixitais, etc.).</p> <p>36. Pouca claridade na identificación da orixe do produto pesqueiro e do seu etiquetado (Eivas na trazabilidade).</p>	<p><b>Transformación dixital</b></p> <p>22. Medos e resistencias ao cambio e adaptación ás novas tecnoloxías.</p>

FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<b>SOSTIBILIDADE</b>	
<p><b>Conservación dos recursos e do medio</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>O sector pesqueiro está cada vez máis concienciado da importancia de coidar do medio mariño e do impacto que ten o cambio climático</li> <li>Hai axentes do territorio traballando/investigando sobre a utilización de materiais biodegradables para uso do sector.</li> <li>Existen unidades de investigación sobre novos materiais máis respectuosos co medio ambiente (tarugos, mallas, etc.)</li> </ol> <p><b>Patrimonio cultural</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Forte tradición de festas e eventos de interese cultural (inmaterial) relacionados co sector pesqueiro (exaltación do produto e cultura mariñeira).</li> </ol> <p><b>Diversificación</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Iniciativas exitosas de turismo mariñeiro no ámbito do marisqueo, algunhas adaptadas a persoas con diversidade funcional.</li> </ol> <p><b>Economía circular</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Existencia de proxectos de economía circular que poden ser exemplos para motivar ao sector.</li> </ol> <p><b>Participación, igualdade, cohesión social</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>A Ría de Arousa é un territorio cun tecido forte e cohesionado de entidades representantes de colectivos en risco de vulnerabilidade</li> <li>A Asociación de mulleres do mar a nivel autonómico está situada neste territorio e as mulleres do territorio teñen unha longa traxectoria no asociacionismo e na cooperación.</li> </ol> <p><b>Relevo xeracional nas actividades marítimo-pesqueiras</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Existencia de entidades dedicadas ao fomento do deporte e lecer no mar, que supoñen un achegamento da mocidade á contorna litoral.</li> <li>Existencia da Escola Oficial Náutico-pesqueira de Ribeira, e o IGAFA na Illa de Arousa, con oferta formativa relacionada co sector pesqueiro.</li> </ol>	<p><b>Conservación dos recursos e do medio</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>As novas normativas fomentan o uso de materiais ecolóxicos e autóctonos nos recursos e infraestruturas.</li> <li>Existencia dunha crecente conciencia social sobre a necesidade de conservar os recursos e o medio.</li> <li>Protección sobre espazos naturais baixo a Rede Natura 2000 (ZEC e ZEPA).</li> </ol> <p><b>Patrimonio cultural</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Existen elementos patrimoniais mal conservados que poden ser recuperados para o aproveitamento turístico e posta en valor da cultura mariñeira (por exemplo, antigas conserveiras).</li> </ol> <p><b>Diversificación</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>A zona conta cun amplo marxe para desenvolver actividades de turismo na natureza, turismo mariñeiro, gastronómico e cultural.</li> <li>A zona está na área de influencia do Camiño Portugués a Santiago (variante).</li> </ol> <p><b>Economía circular</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Existe un importante volume de recursos para poder reciclar ou reutilizar (algas, cunchas de mexillón, plásticos derivados da actividade pesqueira, esterco, etc.).</li> </ol> <p><b>Participación, igualdade, cohesión social</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>A nova Lei de pesca mellorará previsiblemente as condicións laborais do colectivo das redeiras.</li> <li>As persoas migrantes que chegan ao territorio teñen interese en formar parte do sector pesqueiro.</li> </ol> <p><b>Relevo xeracional nas actividades marítimo-pesqueiras</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Aumento da colaboración entre as escolas de formación e o sector produtivo.</li> <li>O uso de maquinaria fai o traballo menos duro e pode atraer a persoas novas.</li> </ol>
<b>TRANSICIÓN ECOLÓXICA</b>	
<p><b>Produtos pesqueiros e cadea de valor (alimentación saudable)</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>O territorio é líder a nivel acuícola, pesqueiro e de transformación do produto.</li> </ol>	<p><b>Produtos pesqueiros e cadea de valor (alimentación saudable)</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Existe marxe para mellorar os procesos de comercialización dos produtos pesqueiros.</li> </ol>

FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>12. A poxa á alza está implantada en moitas lonxas do territorio, conseguindo mellores prezos nos produtos.</p> <p><b>Adaptación cambio climático</b></p> <p>13. Existencia de centros de investigación e formación que poden analizar o impacto do cambio climático sobre o medio.</p> <p><b>Transición enerxética</b></p> <p>14. Algúns portos pesqueiros están acondicionados con servizos que evitan desprazamentos innecesarios (por exemplo, almacéns nos que gardar as ferramentas de traballo).</p>	<p>13. Pode sacarse máis partido da tecnoloxía para transformar o produto pesqueiro e engadirlle maior valor</p> <p>14. Existencia de Selos de Calidade nos que apoiarse para o recoñecemento da calidade dos produtos.</p> <p><b>Adaptación cambio climático</b></p> <p>15. Posta en marcha da Lei 7/2021, de Cambio Climático e transición enerxética, que permitirá ás entidades do complexo Mar – Industria situadas no litoral desenvolver proxectos de mellora e integración no litoral.</p> <p><b>Transición enerxética</b></p> <p>16. Posibilidade de uso de enerxía renovable (placas solares) para a mellora da eficiencia enerxética en embarcacións.</p>
TRANSICIÓN DIXITAL	
<p><b>Transformación dixital</b></p> <p>15. Proxectos de éxito desenvolto no territorio para unha xestión dos recursos máis eficiente (por exemplo, Xesmar).</p>	<p><b>Transformación dixital</b></p> <p>17. Dar a coñecer e divulgar aquelas experiencias de éxito relacionadas co sector pesqueiro e as novas tecnoloxías, que teñan a capacidade de ser replicadas por outros axentes e territorios.</p>

Táboa 6. Necesidades da zona pesqueira

## NECESIDADES DA ZONA PESQUEIRA

### Conservación dos recursos e do medio

N1. Ser autosuficientes na produción de semente e cría de moluscos bivalvos (Fundamentalmente especies como a ameixa fina ou babosa).

N2. Coñecer as problemáticas ambientais dos recursos e do medio mariño para desenvolver actuacións que incidan na súa preservación.

N3. Erradicar as prácticas ilegais (furtivismo, pesca deportiva, impacto do turismo en praias, etc.) e sensibilizar sobre o dano que causan á conservación dos recursos e á sostibilidade da actividade profesional do sector.

### Patrimonio cultural

N4. Recuperar e manter infraestruturas tradicionais ligadas ao sector pesqueiro (salgadasuras, conserveiras, carpinterías de ribeira, estaleiros de madeira, etc.) e outros elementos patrimoniais relacionados co sector (embarcacións, artes, etc.).

N5. Poñer en valor o patrimonio inmaterial marítimo-pesqueiro, como elemento de reforzo da identidade territorial.

### Diversificación

N6. Promover novas utilidades dos recursos mariños e valorizar subprodutos do mar e novas especies, así como refugallos da actividade pesqueira.

N7. Vincular o turismo coas actividades do sector pesqueiro e a promoción e valorización dos recursos e produtos do mar.

N8. Coñecer e compartir aprendizaxes e boas prácticas en canto á diversificación e modelos de éxito noutros territorios que axuden ao emprendemento.

### Economía circular

N9. Promover a cultura da economía circular no sector e nas actividades marítimo-pesqueiras para o impulso de proxectos.

### Participación, igualdade, benestar

N10. Reforzar a unión e coordinación de diferentes axentes e entidades vinculadas ás actividades da pesca, marisqueo e acuicultura, para dar solucións conxuntas a problemáticas comúns.

NECESIDADES DA ZONA PESQUEIRA
N11. Promover un maior dinamismo das confrarías na xestión dos recursos e na mellora organizativa.
N12. Promover unha maior visibilización e representación do papel das mulleres nas actividades profesionais ligadas ao mar.
N13. Integrar as persoas con diversidade funcional e outros colectivos en risco de exclusión social no sector pesqueiro.
<b>Relevo xeracional nas actividades marítimo-pesqueiras</b>
N14. Maior incorporación da mocidade ás actividades marítimo-pesqueiras.
<b>Produtos pesqueiros e cadea de valor (alimentación saudable e de proximidade)</b>
N15. Mellorar a valoración do produto pesqueiro como alimento saudable, próximo e de calidade.
<b>Adaptación cambio climático</b>
N16. Ter maior coñecemento do impacto que xera nos recursos, no medio e no sector o cambio climático, e que novas estratexias se precisan.
N17. Poñer en valor o papel que xoga a pesca costeira artesanal como actividade sostible.
<b>Transición enerxética</b>
N18. Apostar por un modelo enerxético máis eficiente e menos contaminante nas actividades marítimo-pesqueiras.
<b>Transformación dixital</b>
N19. Socializar a dixitalización no sector para favorecer o seu dinamismo e competitividade.

Táboa 7. Retos identificados tendo en conta o potencial da zona

## RETOS

- Aumentar as oportunidades profesionais que ofrecen as actividades marítimo pesqueiras, promovendo un sector máis autónomo, competitivo e referente, na estrutura económica da Ría de Arousa.
- Un sector máis concienciado sobre a incidencia do cambio climático na xestión dos recursos e do medio: máis orientado cara a redución de residuos e da pegada de carbono que implica a súa actividade profesional; centrado na produción sostible dos recursos; máis involucrado na preservación da biodiversidade mariña.
- Un modelo de desenvolvemento turístico que aposte pola conexión co sector pesqueiro, poñendo en valor os produtos locais do mar, os oficios e actividades do sector, e a cultura mariñeira.
- Un patrimonio cultural “vivo” ligado ao mar: o patrimonio material, o legado das persoas, dos saberes, das tradicións, como sinais que reforcen a identidade da zona pesqueira.
- A mellora da gobernanza do sector: fomentando un modelo de desenvolvemento económico innovador e integrador con outros sectores; un modelo de desenvolvemento social igualitario, inclusivo e colaborativo.

## 4. Coherencia co marco estratéxico europeo, nacional e rexional.

No seguinte apartado faise referencia á coherencia que garda a EDLP do GALP Ría de Arousa respecto das diferentes ferramentas de planificación estratéxica de ámbito europeo, nacional e rexional acordadas cos principios de crecemento sostible.

### 4.1 Coherencia co Pacto Verde Europeo

As accións recollidas na EDLP veñen a pór en valor as diferentes recomendacións, a modo de folia de ruta, que establece o Pacto Verde Europeo para lograr un futuro máis sostible.

A EDLP do GALP Ría de Arousa fai súas as recomendacións establecidas dentro do Pacto Verde Europeo posto que recolle actuacións dirixidas ao cumprimento dos retos transformadores da economía e aos desafíos do clima e do medio ambiente. Centralmente os Obxectivos 1. (Aumento do valor, creación de emprego, mellora das cadeas de produción e subministrados e mellora da imaxe e mellora da cultura alimentaria,) o Obxectivo 2. (Fomento da economía azul) e o Obxectivo 3. (Aproveitamento do patrimonio ambiental do territorio e mitigación do cambio climático) da EDLP recollen actuacións que atenden ao cumprimento dos retos do Pacto Verde Europeo.

Unha das liñas mestras que recolle o marco europeo ten que ver coa enerxía limpa, segura e alcanzable. A EDLP do GALP Ría de Arousa aposta por establecer accións dirixidas a priorizar a eficiencia enerxética, con especial referencia aos procesos da cadea de valor do produto pesqueiro. A mellora e renovación das instalacións ou os sistemas de procesado, distribución e venda son algúns dos eixos centrais da Estratexia neste eido.

Ao tempo, un dos aspectos que se recollen na EDLP é a posta en marcha de iniciativas que poñan en valor o consumo de produtos da pesca de proximidade e de fomento de consumo de alimentos mariños como as algas, contribuíndo tamén a prácticas produtivas respectuosas co entorno natural. Apóstase pola revisión da etiquetaxe na comercialización de produtos saudables e frescos e o control de alimentos, a través de procesos transparentes e a innovación. A Estratexia da Granxa á Mesa responde a un novo enfoque amplo dirixido a que a cidadanía valore a sostibilidade dos alimentos.

As accións recollidas na EDLP vinculadas coa economía circular é un dos ámbitos de maior capacidade de traballo. A EDLP establece un importante volume de accións para estimular a economía circular, en consonancia co Plan de acción da Economía Circular con especial incidencia na programación de actividades e recursos derivados da actividade pesqueira e acuícola. Por unha banda establécense accións encamiñadas á sostibilidade de produto, servizos e modelos de negocio e transformación das pautas de consumo, e tamén reducir a produción de residuos.

A protección do capital natural do territorio GALP así como a recuperación dos ecosistemas degradados é tamén un dos piares fundamentais. É por iso que a Estratexia recolle accións dirixidas á protección do medio mariño gardando coherencia co establecido na Estratexia da Biodiversidade e o Plan de acción da contaminación cero.

O financiamento de proxectos sostibles, reforzando a educación e a formación e impulsando a investigación e a innovación, están presentes na Estratexia.

### 4.2 Coherencia coa Economía Azul Sostible

Para alcanzar os obxectivos do Pacto Verde Europeo, faise imprescindible aplicar as distintas solucións que ofrece unha economía azul sostible. Nesta liña a EDLP baséase nos principios recollidos no novo enfoque da economía azul sostible da UE na que todos os sectores da economía azul, incluídos a pesca, a acuicultura, o turismo costeiro, o transporte marítimo, as actividades portuarias e a construción naval, terán que reducir o seu impacto ambiental e climático.

A transición a unha economía azul sostible require apostar por tecnoloxías innovadoras. Entre o programa de propostas que formula o enfoque da economía azul sostible, destacan as seguintes:

- Alcanzar os obxectivos de neutralidade climática e contaminación cero, especialmente mediante o desenvolvemento de enerxías renovables, a descarbonización do transporte marítimo e a ecoloxización dos portos.
- Pasar a unha economía circular e reducir a contaminación; entre outras cousas, mediante normas renovadas para o deseño de artes de pesca. Así como medidas para reducir a contaminación por plásticos e microplásticos.
- Preservar a biodiversidade e inverter na natureza, reducindo o impacto ambiental da pesca nos hábitats mariños.
- Apoiar a adaptación ao clima e a resiliencia da costa, a través de iniciativas que fomenten o desenvolvemento de infraestruturas verdes nas zonas costeiras e a protección de litorais, contribuíndo a preservar a biodiversidade e aos paisaxes, ao tempo que beneficien ao turismo e a economía costeira.
- Garantir a produción sostible de alimentos. A produción sostible e as novas normas de comercialización dos produtos do mar; o uso de algas e pastos mariños, un maior control da pesca e a investigación e innovación en materia de alimentos mariños. Coa adopción das directrices estratéxicas de acuicultura sostible.
- Mellorar a xestión do espazo marítimo. Proxectos coordinados, facilitando o diálogo entre os diferente axentes, entidades científicas e investigadoras, sector da pesca e acuicultura, turismo e outras.

Neste sentido, todos os obxectivos da EDLP do GALP5 gardan coherencia coa proposta europea; desde alcanzar a neutralidade climática, á promoción da economía circular, coidado e protección dos ecosistemas ata a mellora e sostibilidade da cadea alimentaria dos produtos pesqueiros e acuícolas.

### 4.3 Coherencia coa Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, aprobada en setembro de 2015 pola Asamblea Xeral das Nacións Unidas, establece una visión transformadora cara a sostibilidade económica, social e ambiental.

De entre os 17 obxectivos que establece a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, a EDLP do GALP Ría de Arousa garda coherencia con 10 deles.

A contribución da Estratexia do GALP Ría de Arousa ao retos establecidos pola Nacións Unidas recóllese nos seis obxectivos. A aposta polas comunidades e territorios sostibles, a mellora dos procesos industrialización, innovación e infraestruturas así como a acción polo clima resultan os obxectivos da Axenda 2030 aos que se dará maior cobertura través das accións recollidas na EDLP.

Neste contexto, desde a EDLP, ponse o foco nas accións dirixidas a optimizar os sistemas de produción, para mellorar o uso dos recursos locais nas zonas costeiras. Tamén co apoio ao desenvolvemento da



bioeconomía sostible e circular, a través da explotación sostible dos recursos mariños, como a pesca, a acuicultura, o procesamento e a produción de enerxía.

Outros dos obxectivos do Desenvolvemento Sostible que están desenvolvos na EDLP, son o Obxectivo 5 (Igualdade de xénero) ten que ver co desenvolvemento de accións na promoción da plena igualdade das mulleres profesionais do mar dentro do sector. Ao tempo, a EDLP, atende a outros obxectivos recollidos na Axenda 2030, como son o Obxectivo 6 (auga e saneamento), 7 (enerxía), 8 (crecemento económico), 9 (infraestruturas), 10 (redución da desigualdade), 12 (consumo e produción sostibles), 13 (cambio climático), 15 (biodiversidade) e 17 (medios de implementación e alianzas).

Se ben son numerosos os obxectivos de desenvolvemento sostible, cómpre fixarse o obxectivo 14, Vida submarina, no que se enmarcan algunhas das liñas de traballo nas que se asenta a EDLP.

Neste obxectivo fálase de “conservar e utilizar de forma sostible os océanos, os mares e os recursos mariños para o desenvolvemento sostible”, nun contexto no que millóns de persoas no mundo dependen da biodiversidade mariña e costeira para o seu sustento, o que implica que a seguridade alimentaria depende, en gran parte da economía azul.

Tamén atende este Obxectivo 14 a poñer o foco na necesidade de acadar ditas metas a través da innovación tecnolóxica de cara a unha adecuada xestión e sostemento dos recursos mariños.

#### 4.4 Coherencia co DLP do Programa do FEMPA en España

O novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) para o periodo 2021-2027 recolle catro prioridades de actuación que marcan o deseño da Estratexia do Galp 5. De feito, a EDLP responde a ditos retos, dándose cumprimento a través dos seis obxectivos e as accións nela recollidas, sendo a prioridade 3 do FEMPA, Permitir unha economía azul sostible nas zonas costeiras, insulares e interiores, e fomentar o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícola a que maior grao de coherencia gardan.

A coherencia da EDLP coa Prioridade 3 do programa FEMPA fundaméntase na aplicación do Desenvolvemento Local Participativo, dirixido a impulsar e fortalecer o papel dos Galp e as súas Estratexias para garantir as condicións socioeconómicas das poboacións locais costeiras, pesqueiras e acuícolas, así como o desenvolvemento económico de estas poboacións cara outras actividades da economía azul.

Como ferramenta de dinamización do territorio o DLP supón o piar sobre o que deseñar as accións da Estratexia en base aos seguintes temas:

- Xeración de emprego e tecido empresarial de calidade nas poboacións costeiras e acuícolas, integrando o relevo xeracional. Nesta liña a Estratexia aposta por dar continuidade a accións desenvoltas, achegando á mocidade a relevancia do sector pesqueiro na economía do territorio, establecendo vínculos entre profesionais do sector do mar e axentes sociais e cidadanía ou recuperando a cultura e tradicional mariñeiras.
- Mellorar a gobernanza, a cooperación e o traballo en rede no territorio. Nesta liña as accións propostas na EDLP reforzan os espazos de colaboración entre diferentes axentes, nos que conflúan o sector pesqueiro co resto de sectores que interveñen no territorio, apostando polo intercambio de coñecementos e saberes no deseño e desenvolvemento de accións dirixidas a integrar o crecemento sostible do territorio. Na mesma liña refórzanse os espazos de dinámicas de participación, a través da adquisición de aprendizaxes de cara unha participación máis efectiva e integradora.

Nesta liña a necesidade de acadar a igualdade de xénero dentro do sector pesqueiro implica apostar decididamente polo impulso e visibilización das mulleres do mar, desenvolvendo

accións dirixidas ao colectivo no eido profesional, participación e toma de decisións, mellora da saúde e recoñecemento dos dereitos.

- Promover e desenvolver sistemas alimentarios máis sostibles a lo largo de toda a cadea, establecendo accións para a mellora da trazabilidade do produto do mar, consumo de alimentos de quilómetro cero e traballando cos diferentes operadores locais.
- Aplicar o novo enfoque da economía azul, xerando sinerxias e promovendo actividades empresariais que aposten por proxectos no eido das enerxías limpas ou turismo sostible, entre outras.
- Impulsar a formación e o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación nas empresas e organizacións, como poden ser as relacionadas coa mellora dos procesos de trazabilidade do produto pesqueiro, entre outras.
- Apoiando iniciativas empresarias que axuden a mitigar a perda de poboación e faciliten o relevo xeracional.
- Potenciando a recuperación e posta en valor dos oficios e elementos vinculados co patrimonio e cultural tradicional e artesanal.
- Coidando e protexendo o medio mariño, tamén apostando polas accións de recuperación de especies.
- Continuando cos proxectos que poñen o foco nos novos usos e recuperación de lixo mariño, os xerados polas actividades pesqueiras, dándolle novos usos aos materiais e recuperando e alongando os tempos de utilidade. Mellora da xestión dos residuos.

#### 4.5 Coherencia con outros programas ou estratexias rexionais

O deseño da EDLP garda coherencias con diferentes actuacións atendo ás diversas ferramentas de programación e ordenación do crecemento e xestión de políticas para o desenvolvemento sostible e transformación social, económica e ambiental desenvoltas desde a Xunta de Galicia.

A **Estratexia Galicia Dixital 2030** marca a folla de ruta do futuro dixital para Galicia contribuíndo ao aumento da calidade de vida e ao desenvolvemento sostible nas súas tres vertentes: económica, social e medio ambiental. Neste sentido a EDLP recolle diferentes accións dirixidas a promover a capacitación dixital e a adquisición de competencias para o manexo de ferramentas e tecnoloxías aplicadas á mellora do sector pesqueiro, na investigación e deseño de aplicacións útiles que melloren os procesos de valorización do produto pesqueiro, ou na xeración de novos modelos de xestión. Tamén no impulso de proxectos dirixidos á dinamización do patrimonio cultural vinculado co sector do mar.

No caso da **Estratexia Galega de Cambio Climático**, a EDLP fai súas moitas das actuacións dirixidas a frear o impacto da actividade humana sobre o medio ambiente, no bloque da mitigación de emisión de gases contaminantes, a adaptación, así como no eido da dimensión social, gobernanza e sensibilización, con diferentes propostas para a sensibilización, educación e colaboración dirixidas ao conxunto de axentes e entidades do territorio. Tamén a EDLP do GALP Ría de Arousa garda coherencia coa Estratexia Galega de cambio climático, resultando o Obxectivo 2. Fomento da economía azul e o Obxectivo 3. Patrimonio ambiental e mitigación do cambio climático, os que maior grao de cumprimento manteñen respecto dos retos para mitigación, adaptación, investigación e dimensión social.

Respecto da **Estratexia Galega da Economía Circular**, a EDLP centra as actividades recollidas no seu plan de acción na dimensión de promover unha economía baseada no coñecemento, mellorando a

formación e información, a través do fomento de novos modelos de negocio e deseño de produtos sostibles ou priorizando a circularidade e uso de residuos. A EDLP é participe no seu desenvolvemento a través de diferentes accións e programas dirixidos á redución, novos usos e mellora da xestión dos residuos derivado das actividades pesqueira e acuícola, e produción de alimentos, entre outros. O Obxectivo 1. Aumento do valor, creación de emprego, mellora das cadeas de produción e subministros e mellora da imaxe e e mellora da cultura alimentaria, o Obxectivo 2. Fomento da economía azul e o Obxectivo 3. Aproveitamento do patrimonio ambiental do territorio e mitigación do cambio climático son os que maior grao de coherencia gardan coa Estratexia Galega de Economía Circular.

Outro dos programas deseñados desde administración galega que garda un importante conexión co desenvolvemento das accións recollidas na EDLP, é a **Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia RIS3** para o período 2021-2027. O reto 2 Modelo industrial atopa na EDLP unha alianza no seu desenvolvemento ao recoller iniciativas que apostan pola economía circular, dirixidas a optimizar a orientación ao consumidor e mellora na explotación das canles de comercialización do produto pesqueiro. Tamén coa innovación para o impulso dunha mobilidade sostible. Por último, o reto 3 de promoción dun modelo de vida saudable, a EDLP fai referencia a reforzar a competitividade do sector alimentario, aproveitando os recursos mariños para o desenvolvemento de novos produtos e servizos innovadores.

## 5. Características innovadoras e enfoque integrado da estratexia.

Esta EDLP visualiza o futuro da zona costeira nunha nova etapa de fondos comunitarios, caracterizada pola maduración da actividade do GALP no territorio, que conta cun amplo asentamento na execución de proxectos de desenvolvemento local na Ría de Arousa. Neste sentido, o novo período abre a posibilidade de dar un paso máis na innovación, mellorando os procedementos do período anterior e dando un salto cualitativo nas formas de facer.

A Estratexia aborda a necesidade do sector produtivo de ser máis autosuficiente sobre a explotación dos recursos, polo que se propón poñer en marcha actuacións na fase de produción e engorde de semente, así como na diversificación de especies, para procurar maior sostibilidade. Así mesmo, propóñense melloras no proceso de trazabilidade dos produtos, reforzando aqueles puntos febles no proceso. A innovación faise presente na promoción da autonomía sobre o proceso produtivo, favorecendo a protección e o control do sector pesqueiro sobre os recursos cos que traballa.

Esta EDLP ten en conta o reforzo do consumo dos produtos do mar. A innovación preséntase ao asociar a imaxe dos produtos ás características do proceso produtivo: sostibilidade (social, económica e ambiental), consumo de km0, e alimentación saudable. Ademais, introdúcese a colaboración do sector pesqueiro con axentes locais estratéxicos, que vinculen a oferta gastronómica co sector pesqueiro.

Na Ría de Arousa é importante visibilizar a oportunidade que ofrece o sector pesqueiro como ámbito laboral de referencia no territorio. Os traballos no mar son un elemento tractor da economía da ría de Arousa, e é preciso modernizalos e ofrecelos a outros sectores de poboación (mulleres, persoas migrantes ou persoas novas). Ademais, na EDLP propónse reforzar o papel das confrarías como entidades de economía social, incidindo na promoción dun sector pesqueiro máis igualitario. Atrair a novos perfís sociais ás profesións do mar e reforzar as redes comunitarias, así como fomentar a igualdade de xénero, son aspectos innovadores nesta estratexia.

Esta atracción de novos perfís cara ao sector pesqueiro debe ir máis alá do produtivo: a economía azul é unha oportunidade para o desenvolvemento de iniciativas innovadoras que fomenten o desenvolvemento local sostible. Os ámbitos principais de diversificación propostos tratan de procurar novas utilidades dos recursos mariños, subprodutos e novas especies; iniciativas de economía circular; e un desenvolvemento turístico asociado á identidade costeira.

A innovación tamén se fai presente nesta EDLP a través de estratexias de mitigación e adaptación ao cambio climático, concienciando á comunidade e ao sector pesqueiro da necesidade de continuar esforzándose por coidar do medio ambiente. Neste sentido, o primeiro paso é o de coñecer cal é o estado ambiental da zona, promovendo a colaboración co ámbito científico, tamén na procura de alternativas. Así mesmo, propóñense cambios no sector pesqueiro para reducir o impacto negativo xerado da actividade profesional no medio ambiente.

En referencia ao patrimonio, esta EDLP continúa ofrecendo a posibilidade de poñer en valor e conservar aquelas infraestruturas e recursos pesqueiros en desuso ou en estado de deterioro. A integración e mellora da paisaxe litoral, e a necesidade de espazos culturais, de ocio, ou doutra índole, permiten sacar partido dun patrimonio arquitectónico desaproveitado. Por outra banda, nesta estratexia aparece como elemento innovador a conservación do patrimonio inmaterial relacionado co sector pesqueiro. A riqueza cultural relacionada cos saberes relacionados co mar (embarcacións tradicionais, ferramentas e recursos, formas de conservación e consumo dos produtos pesqueiros, talasonimia, entre outros), son elementos que constrúen a identidade da zona costeira e que serán postos en valor neste novo período. Así mesmo, nesta EDLP introdúcese o reforzo ao papel das entidades de inclusión social e a súa vinculación co mar.

A necesidade de promover a cooperación entre sectores é un dos elementos máis repetidos ao longo do proceso de elaboración da EDLP. Cómpre fomentar a existencia de espazos de colaboración e de debate, de transferencia de coñecementos e consolidar unha cultura da cooperación que multiplique os resultados das accións desenvoltas. Traballar conxuntamente en proxectos de colaboración fortalecerá a rede comunitaria na ría de Arousa.

Por último, os GALP toman a iniciativa en canto á cooperación entre zonas costeiras. Mediante os proxectos de cooperación preténdese multiplicar o impacto e os resultados das accións desenvoltas. As temáticas abordadas serán as relacionadas coas problemáticas e as necesidades comúns das zonas pesqueiras, en relación á transición ecolóxica, a transformación dixital e a sostibilidade, entendida nun sentido amplo. Así mesmo, os valores que guíen estes proxectos son os reflectidos nos principios horizontais. O elemento innovador en canto á cooperación é a amplitude de axentes cos que establecer sinerxías. A cooperación poderá establecerse entre os propios grupos de acción local do sector pesqueiro, tanto a nivel galego como cos do resto do Estado; entre GALP e outras entidades de xestión do desenvolvemento do territorio (por exemplo, os grupos de desenvolvemento rural); e tamén contéplase a cooperación con entidades transnacionais. Cómpre fomentar a existencia de espazos de colaboración e de transferencia de coñecementos, así como a consolidación dunha cultura da cooperación entre territorios que multiplique os resultados das accións desenvoltas sobre necesidades que afectan especialmente ao sector pesqueiro e á sociedade no seu conxunto. Esta promoción da cultura da cooperación é unha característica innovadora desta estratexia.

Estas características innovadoras que salientan na estratexia de desenvolvemento da Ría de Arousa fortalecerán a capacidade da comunidade pesqueira de maximizar os recursos propios e potencialidades do territorio, aumentando a súa resiliencia.

Esta EDLP aborda de forma integrada a cadea vertical da pesca, dirixindo as actuacións a todos os sectores involucrados no sector pesqueiro: o produtivo, o de transformación e o da comercialización. Sacar partido de todas as fases do proceso, así como poñer en conversa aos actores principais, permitirá poñer en marcha novos modelos que aumenten o valor engadido dos produtos pesqueiros.

O carácter integrado da estratexia vertébrase sobre os seguintes piares:

- Ponse o foco das actuacións na mellora da calidade de vida das persoas do territorio, especialmente das e dos profesionais con vinculación co sector pesqueiro
- Foméntase a gobernanza e a participación activa das entidades, para o cal a cooperación establécese como factor necesario para garantir o desenvolvemento do territorio
- As actuacións recollidas na EDLP relaciónanse entre si, integrando a diversos sectores e multiplicando o seu alcance mediante a posta en marcha de proxectos diferentes, pero complementarios

O éxito na proposta desta estratexia reside na diversidade de axentes que participaron na súa elaboración, conxugando perfís profesionais do sector produtivo (pesca artesanal, marisqueo e acuicultura), da transformación, e da comercialización; perfís técnicos e científicos; persoas vinculadas a áreas municipais relacionadas co emprego, o medio ambiente, e o desenvolvemento local. Así mesmo, participaron persoas promotoras de proxectos nos períodos anteriores, e entidades con diversos perfís relacionados co mar (clubs deportivos, náuticos, de investigación e divulgación, de ocio e turismo mariñeiro, entre outros proxectos de economía azul). Ademais, contouse coas achegas do sector social, en especial as entidades de inclusión, as entidades que promoven a igualdade de xénero, e a mocidade, que achegaron a súa visión transversal aos contidos da EDLP.

Neste período, as relacións entre entidades parten dun coñecemento mutuo, o que favorecerá a posta en marcha de proxectos conxuntos. Malia as dificultades que entraña o traballo en equipo e a xestión

de proxectos compartidos, non cabe dúbida que os resultados acadados por este tipo de iniciativas afondan no fortalecemento das redes comunitarias, fomentan o dinamismo económico e favorecen o desenvolvemento social e local do territorio dunha forma integrada.

## 6. Misión, visión e valores da EDLP. Plan de acción da estratexia.

### 6.1 Misión, visión e valores da organización.

#### Misión

O GALP Ría de Arousa pretende mellorar as condicións de vida das persoas do seu territorio, revitalizando ao sector pesqueiro, preservando o equilibrio medioambiental da zona e poñendo en valor o seu patrimonio cultural e natural.

#### Visión

O GALP Ría de Arousa quere ser un referente na dinamización do sector pesqueiro e do territorio, á hora de promover iniciativas de desenvolvemento sostible do mesmo, garantindo tamén a gobernanza e a participación activa de entidades.

#### Valores

O GALP asume como propios os seguintes valores:

- A importancia de manter un sector pesqueiro forte e cohesionado no territorio, no que se reforce a súa gobernanza e se aposte por un uso sostible dos recursos pesqueiros e o medio mariño, podendo “vivir do mar”.
- A singularidade e calidade dos produtos vinculados á zona marítima da Ría de Arousa e a necesidade de procesos de innovación que contribúan a mellorar o seu aproveitamento.
- A cooperación entre as actividades pesqueiras e turísticas, como unha vía de diversificación da economía local, na que se reforce a aposta polos produtos da zona, reforzando a rendibilidade para ambos.
- A xeración de emprego, prestando unha atención especial ao sector pesqueiro, ás mulleres e á mocidade.
- O principio de desenvolvemento sostible no uso dos recursos naturais presentes no territorio, co obxectivo de conservar a súa riqueza para as futuras xeracións.
- O reforzo da identidade social da zona costeira, a través da conservación e valorización da riqueza patrimonial.
- A cooperación e participación como ferramentas que reforcen a cohesión social do territorio.
- A accesibilidade e a integración social de todas as persoas, promovendo un amplo marco para a súa efectividade.

### 6.2 Plan de acción. Obxectivos da estratexia

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.** Aumento do valor, creación de emprego, valoración e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e a acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaría do territorio

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1.** Incrementar a sostibilidade e a autonomía do sector na explotación dos recursos da pesca, o marisqueo e a acuicultura na Ría de Arousa

Actuación 1.1.1 . Actuacións que incidan no desenvolvemento da investigación e a formación para promover actividades económicas relacionadas cos recursos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura

Actuación 1.1.2. Actuacións encamiñadas á diversificación e ao coñecemento dos recursos pesqueiros, reforzando o cultivo das especies autóctonas

Actuación 1.1.3. Accións que reforcen a trazabilidade e o control dos recursos, abordando o impacto que ten o furtivismo sobre a actividade pesqueira

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.2.** Aumentar o consumo dos produtos do mar, mellorando a súa imaxe como produtos saudables

Actuación 1.2.1. Iniciativas que reforcen o consumo dos produtos pesqueiros, marisqueiros e da acuicultura, reforzando o consumo de proximidade, a través da colaboración con axentes estratéxicos

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.3.** Reforzar o posicionamento social do sector pesqueiro, do marisqueo e da acuicultura como sector estratéxico da economía da Ría de Arousa

Actuación 1.3.1. Accións que incidan na profesionalización do sector e o convertan nunha oportunidade laboral atractiva para a mocidade

Actuación 1.3.2. Accións que reforcen o papel das confrarías como entidades de economía social e que promovan un sector máis igualitario



**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.** Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1.** Incrementar as iniciativas sobre novas utilidades dos recursos mariños, dos subprodutos do mar e de novas especies

Actuación 2.1.1. Accións encamiñadas á análise, estudo e investigación dos posibles usos e transformacións que poden ter os recursos mariños, subprodutos do mar e novas especies para a súa valorización

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.2.** Promover a diversificación do sector a través de novas actividades ou novos aproveitamentos de recursos, a través da economía circular ou outros sectores

Actuación 2.2.1. Actuacións empresariais, científicas, ou doutra índole que se centren no aproveitamento dos refugallos e outros residuos xerados nas actividades do sector

Actuación 2.2.2. Accións dirixidas á procura dun modelo de desenvolvemento turístico acorde ao xeodestino, vinculado co sector pesqueiro e sostible social, económica e ambientalmente

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.** Impulso e aproveitamento do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.1.** Mellorar o coñecemento do estado ambiental da Ría de Arousa, tanto dos fondos mariños coma da contorna do litoral

Actuación 3.1.1. Estudos, investigacións e intervencións sobre o estado ambiental da Ría de Arousa e a súa evolución, así como propostas de adaptación aos impactos xerados polo cambio climático

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.2.** Aumentar a sostibilidade das actividades pesqueiras procurando a redución da pegada de carbono

Actuación 3.2.1. Accións promovidas polo sector pesqueiro e outras entidades, orientadas a reducir o impacto negativo no medio ambiente

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.** Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.1.** Achegar as entidades de inclusión social ao sector pesqueiro e ás actividades marítimo pesqueiras

Actuación 4.1.1. Accións que favorezan a integración das persoas con diversidade funcional e en risco de exclusión social a través de actividades relacionadas co mar e co sector pesqueiro

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.2.** Conseguir que a Ría de Arousa teña unha identidade propia vinculada ao patrimonio cultural marítimo-pesqueiro

Actuación 4.2.1. Actuacións enfocadas á recuperación e á conservación do patrimonio material e inmaterial da zona pesqueira

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.** Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos pesqueiros e das actividades marítimas locais

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 5.1.** Mellorar a coordinación e a colaboración entre as entidades do sector pesqueiro e outros organismos e institucións da Ría de Arousa

Actuación 5.1.1. Accións que fomenten a participación do sector pesqueiro con outras entidades e institucións da zona pesqueira, e fomenten a súa apertura a novos ámbitos e sectores

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6.** Cooperación

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 6.6.1.** Potenciar a cooperación interterritorial ou transnacional en diferentes zonas pesqueiras para reforzar o cumprimento dos obxectivos das EDLP.

Actuación. 6.1.1 Actuacións que promovan o desenvolvemento e cohesión social das zonas pesqueiras a través da cooperación entre diferentes GALP e outros axentes público-privados que apliquen unha EDLP.

### 6.3 Plan de acción: Indicadores e metas.

O conxunto de indicadores que se van ter en conta para medir os obxectivos específicos da Estratexia están contempladas na seguinte táboa:

Táboa 8. Indicadores do plan de acción

Indicadores
IP1. Gasto público total en proxectos
IP2. Inversión total en proxectos
IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total)
IP3.1 Número de empregos creados nos proxectos financiados (Mulleres)
IP3.2 Número de empregos creados nos proxectos financiados (Homes)
IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total)
IP4.1. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Mulleres)
IP4.2. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Homes)
IP5. Número de empresas creadas
IP6. Número total de proxectos impulsados por mulleres
IP7. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas
IP8. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro

Se atendemos ás metas a alcanzar por cada un dos obxectivos específicos podemos observar a súa distribución por indicadores:

Táboa 9. Definición de metas por obxectivos específicos

	METAS											
	OE. 1.1	OE. 1.2.	O.E.1.3	OE. 2.1.	OE. 2.2.	OE. 3.1.	O.E. 3.2.	OE. 4.1.	OE. 4.2.	OE. 5.1	OE. 6.1	Total
IP1.	1.307.667	523.067	784.600	326.917	980.750	130.565	87.043	248.980	373.470	217.609	250.000	5.230.667
IP2.	2.615.333	1.046.133	1.569.200	653.833	1.961.500	261.130	174.087	497.959	746.939	217.609	250.000	9.993.725
IP3.	8	2	5	2	5	1	1	2	2	-	-	28
IP3.1.	5	1	3	1	2	1	1	1	1	-	-	16
IP3.2.	3	1	2	1	3	0	0	1	1	-	-	12
IP4.	26	11	17	8	19	2	2	5	8	-	-	98
IP4.1.	16	6	10	5	12	1	1	3	5	-	-	59
IP4.2.	10	5	7	3	7	1	1	2	3	-	-	39
IP5.	5	1	3	1	3	1	0	1	1	-	-	16
IP6.	2	1	1	1	2	1	0	1	0	0	0	9
IP7.	2	1	1	0	1	0	1	1	1	0	0	8
IP8.	8	3	5	2	6	1	1	2	2	1	2	33

Na avaliación intermedia os fitos serían os seguintes:

Táboa 10. Definición de fitos por obxectivos específicos.

	FITOS											
	OE. 1.1	OE. 1.2.	O.E.1.3	OE. 2.1.	OE. 2.2.	OE. 3.1.	O.E. 3.2.	OE. 4.1.	OE. 4.2.	OE. 5.1	OE. 6.1	Total
IP1.	392.300	156.920	235.380	98.075	294.225	39.170	26.113	74.694	112.041	65.283	75.000	1.569.200
IP2.	784.600	313.840	470.760	196.150	588.450	78.339	52.226	149.388	224.082	65.283	75.000	2.998.117
IP3.	3	1	2	0	1	1	0	0	0	-	-	8
IP3.1.	2	0	1	0	1	1	0	0	0	-	-	5
IP3.2.	1	1	1	0	0	0	0	0	0	-	-	3
IP4.	8	4	5	3	6	0	0	2	2	-	-	30
IP4.1.	5	2	3	2	4	0	0	1	1	-	-	18
IP4.2.	3	2	2	1	2	0	0	1	1	-	-	12
IP5.	2	0	1	0	1	1	0	0	0	-	-	5
IP6.	1	1	0	0	1	0	0	0	0	0	0	3
IP7.	1	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2
IP8.	2	2	2	1	0	0	0	1	1	0	1	10

## 6.4 Programa de actuacións

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.** Aumento do valor, creación de emprego, valorización e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e a acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1.** Incrementar a sostibilidade e a autonomía do sector na explotación dos recursos da pesca, o marisqueo e a acuicultura na Ría de Arousa.

**Actuación 1.1.1.** Actuacións que incidan no desenvolvemento da investigación e a formación para promover actividades económicas relacionadas cos recursos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura

A Ría de Arousa concentra dunha maneira moi importante a produción de moluscos bivalvos, tales como as diferentes especies de ameixas e o mexillón. A produción de semente e o seu engorde é fundamental para garantir a sostibilidade destes recursos e, polo tanto, do propio sector produtivo.

### Accións

- Apoio a proxectos e estudos relacionados coa **sememente e instalacións de pre-engorde** de diversos recursos, que potencien o **valor diferencial das especies autóctonas**.
- Impulso de programas e **espazos de traballo** para mellorar o estado dos recursos pesqueiros da zona, incluíndo informes, análises comparativas ou estudos en diferentes zonas.
- Promoción de actividades de **investigación, formación ou intercambio de experiencias sobre a produción da semente**, que reforcen as capacidades de implantación de iniciativas deste tipo no territorio, fomentando a colaboración entre entidades de investigación, as confrarías e o tecido económico e produtivo local e/ou foráneo.
- Accións que dean **visibilidade ás actividades económicas e profesións relacionadas co cultivo e produción de semente como oportunidade laboral**, dirixidas sobre todo á mocidade.

### Requisitos

Será promovido por un operador do sector, ou promotor externo que implique a colaboración co sector.

### Resultados previstos

Incremento da autonomía na produción de semente e cría de moluscos bivalvos e mexillón.  
Aumento do coñecemento sobre as problemáticas ambientais dos recursos e do medio mariño.  
Incremento da unión e coordinación de entidades vinculadas ás actividades pesqueiras, marisqueiras e acuícolas, que dan solucións conxuntas a problemáticas comúns.  
Aumento da incorporación da mocidade ás actividades marítimo pesqueiras.

### Potenciais beneficiarias

Empresas: persoas físicas e xurídicas  
Confrarías de pescadores e as súas federacións

Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións  
Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro

### Principios horizontais aos que atende (RDC)

Promoción do desenvolvemento sustentable

Indicadores de seguimento asociados

IP1. Gasto público total en proxectos	IP5. Número de empresas creadas
IP2. Inversión total en proxectos	IP6. Número total de proxectos impulsados por mulleres
IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total).	IP7. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas
IP3.1 (Mulleres) IP3.2. (Homes)	IP8. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro
IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total).	
IP4.1. (Mulleres) IP4.2 (Homes)	

Porcentaxe de axuda pública

Regra xeral	50% do gasto subvencionable
Regras específicas	60% do gasto subvencionable para proxectos presentados por organizacións de pescadores ou outros colectivos do sector pesqueiro
	100% dos gastos subvencionables se o proxecto responde a interese ou beneficiario colectivo
	100% do gasto subvencionable en operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS e estratexias autonómicas

ODS12 Produción e consumo responsables; ODS9 Industria, innovación e infraestruturas; ODS8 Traballo decente e crecemento económico; ODS6 Auga limpa e saneamento  
Estratexia Galega de Cambio Climático; Estratexia Especialización Intelixente de Galicia RIS3

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.** Aumento do valor, creación de emprego, valorización e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e a acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

**OBXECTIVO ESPECÍFICO ESPECÍFICO 1.1.** Incrementar a sostibilidade e a autonomía do sector na explotación dos recursos da pesca, o marisqueo e a acuicultura na Ría de Arousa

**Actuación 1.1.2.** Actuacións encamiñadas á diversificación e ao coñecemento dos recursos pesqueiros, reforzando o cultivo das especies autóctonas

O monocultivo de especies limita as capacidades do sector pesqueiro para ser máis competitivo e para medrar. É necesaria a diversificación do sector na explotación dos recursos, e tamén na súa transformación e innovación en novos produtos ou formatos que fagan máis atractiva a súa comercialización e o seu consumo. O cambio climático incide no comportamento das especies, o que impulsa ao sector a procurar novos aproveitamentos.

#### Accións

- Proxectos de investigación, formación, sensibilización ou concienciación que **poñan en valor e visibilicen as características e valores diferenciais das especies autóctonas** e sobre o potencial das **especies infra-valoradas** na actualidade.
- Estudos, análises e investigacións sobre actividades relacionadas con **novos recursos**, ou recursos que aínda teñen **marxe** para mellorar a súa comercialización, tendendo cara a **innovación na súa transformación e procurando novos aproveitamentos**.

#### Requisitos

Será promovido por un operador do sector, ou promotor externo que implique a colaboración co sector.

#### Resultados previstos

Incremento do coñecemento sobre o impacto do cambio climático nos recursos, no medio e no sector, establecendo novas estratexias de adaptación  
Aumento da promoción de novas utilidades dos recursos mariños, na valorización de subprodutos do mar e de novas especies  
Aumento do dinamismo das confrarías na xestión dos recursos e melloras organizativas

#### Potenciais beneficiarias

Empresas: persoas físicas e xurídicas  
Confrarías de pescadores e as súas federacións

Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións  
Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro

#### Principios horizontais aos que atende (RDC)

Promoción do desenvolvemento sustentable



### Indicadores de seguimento asociados

IP1. Gasto público total en proxectos	IP5. Número de empresas creadas
IP2. Inversión total en proxectos	IP6. Número total de proxectos impulsados por mulleres
IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total).	IP7. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas
IP3.1 (Mulleres) IP3.2. (Homes)	IP8. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro
IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total).	
IP4.1. (Mulleres) IP4.2 (Homes)	

### Porcentaxe de axuda pública

Regra xeral	50% do gasto subvencionable
Regras específicas	60% do gasto subvencionable para proxectos presentados por organizacións de pescadores ou outros colectivos do sector pesqueiro
	100% dos gastos subvencionables se o proxecto responde a interese ou beneficiario colectivo
	100% do gasto subvencionable en operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

### ODS e estratexias autonómicas

ODS12 Produción e consumo responsables; ODS9 Industria, innovación e infraestruturas; ODS8 Traballo decente e crecemento económico; ODS15 Vida de ecosistemas terrestres  
 Estratexia Galega de Cambio Climático; Estratexia Especialización Intelixente de Galicia RIS3

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.** Aumento do valor, creación de emprego, valorización e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e a acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.1.** Incrementar a sostibilidade e a autonomía do sector na explotación dos recursos da pesca, o marisqueo e a acuicultura na Ría de Arousa

**Actuación 1.1.3.** Accións que reforen a trazabilidade e o control dos recursos, abordando o impacto que ten o furtivismo sobre a actividade pesqueira

A identificación do produto local debe garantirse ao longo de todo o proceso, dende a extracción ata a chegada á persoa consumidora. Tendo en consideración os puntos febles do proceso en canto á rastrexabilidade, pode sacarse partido das novas tecnoloxías para a identificación do produto. Así mesmo, o furtivismo é un problema para o sector pesqueiro, xa que, a maiores do impacto económico, supón unha ameaza para a sostibilidade dos recursos e as condicións de consumo.

#### Accións

- Accións que **melloren a trazabilidade e etiquetado dos produtos**, dende a orixe ata a chegada á persoa consumidora, a través da **etiquetaxe intelixente** ou outras posibilidades que ofrece a tecnoloxía para garantir a súa orixe.
- Proxectos e iniciativas de **modernización na xestión dos procesos produtivos**, en diferentes fases da cadea de valor da pesca (puntos de control, lonxas, depuradoras, mercados, centros de transformación, etc.), introducindo as novas tecnoloxías e outras melloras.
- Programas de **sensibilización e concienciación** dirixidas á cidadanía (veciñanza, visitantes a pé de praia, entre outros) ou á colectivos específicos (por exemplo ao sector da restauración, entre outros) **sobre o impacto negativo que ten o furtivismo** para a sostibilidade do sector pesqueiro, dos recursos e do medio mariño.

#### Requisitos

Será promovido por un operador do sector, ou promotor externo que implique a colaboración co sector.

#### Resultados previstos

Incremento da dixitalización do sector que favoreza o seu dinamismo e competitividade  
Aumento do dinamismo das confrarías na xestión dos recursos e melloras organizativas  
Diminución de prácticas ilegais relacionadas co furtivismo e aumento da concienciación social sobre os seus efectos negativos

#### Potenciais beneficiarias

Empresas: persoas físicas e xurídicas	Entidades locais públicas
Confrarías de pescadores e as súas federacións	Asociacións declaradas de utilidade pública
Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións	Entidades sen ánimo de lucro
Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro	

#### Principios horizontais aos que atende (RDC)

Promoción do desenvolvemento sustentable

Indicadores de seguimento asociados

- |   |  |
|---|--|
| IP1. Gasto público total en proxectos                                   | IP5. Número de empresas creadas  |
| IP2. Inversión total en proxectos                                       | IP6. Número total de proxectos impulsados por mulleres                                 |
| IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total).      | IP7. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas                            |
| IP3.1 (Mulleres) IP3.2. (Homes)   | IP8. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro |
| IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total). |  |
| IP4.1. (Mulleres) IP4.2 (Homes)   |  |

Porcentaxe de axuda pública

Regra xeral	50% do gasto subvencionable
Regras específicas	60% do gasto subvencionable para proxectos presentados por organizacións de pescadores ou outros colectivos do sector pesqueiro 100% dos gastos subvencionables se o proxecto responde a interese ou beneficiario colectivo 100% do gasto subvencionable en operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS e estratexias autonómicas

ODS8 Trabajo decente e crecemento económico; ODS9 Industria, innovación e infraestruturas; ODS12 Producción e consumo responsables  
Estratexia Galega de Cambio Climático; Estratexia Especialización Intelixente de Galicia RIS3

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.** Aumento do valor, creación de emprego, valorización e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e a acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.2.** Aumentar o consumo dos produtos do mar, mellorando a súa imaxe como produtos saudables

**Actuación 1.2.1.** Iniciativas que reforcen o consumo dos produtos pesqueiros, marisqueiros e da acuicultura, reforzando o consumo de proximidade, a través da colaboración con axentes estratéxicos

Estas actuacións deben ir encamiñadas a reforzar o consumo do produto pesqueiro local e de proximidade, que reduza a pegada de carbono, promovendo a comercialización do produto en fresco. Tamén se poden introducir transformacións nos produtos para aumentar a oferta dispoñible. Débese fomentar a colaboración con outros sectores, como pode ser o turismo e a restauración, para a promoción do produto local. Ademais, sería interesante aproveitar a receptividade de amplos segmentos da poboación cara o consumo de produtos ecolóxicos e de km0.

#### Accións

- Accións de promoción a nivel local, que poñan en valor **os mercados de abastos ou os portos, como elementos tractores do consumo local e do turismo**, reforzando deste xeito a orixe do produto.
- Proxectos que reforcen a **calidade diferencial dos produtos do mar**, que conxuguen elaboracións innovadoras, métodos de conservación tradicional típicos da zona pesqueira, facéndoo visible no envasado ou empaquetado do produto.
- Accións informativas, divulgativas e demostrativas que **poñan en valor os produtos pesqueiros, do marisqueo e da acuicultura locais**: as súas propiedades saudables e nutricionais, os efectos do consumo de km0 na redución da pegada de carbono, a importancia destas actividades na estrutura económica local.
- Accións de **promoción, comunicación, divulgación** sobre o consumo de produto local **en diferentes ámbitos** (centros escolares, residencias de maiores, entidades de inclusión social,...), **e sectores**, empregando formatos atractivos para á sociedade.
- Accións promocionais dos concellos para reforzar o valor, fomentar o consumo responsable e garantir o seu compromiso e implicación na **exaltación dos produtos locais**: produtos do mar, da horta, da gandería, maridados cos viños de calidade diferenciada, etc.

#### Requisitos

Será promovido por un operador do sector, ou promotor externo que implique a colaboración co sector.

#### Resultados previstos

Aumento da valoración dos produtos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas locais como alimentos saudables, próximos e de calidade

#### Potenciais beneficiarias

Empresas: persoas físicas e xurídicas  
Confrarías de pescadores e as súas federacións  
Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións  
Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro

Entidades locais públicas  
Asociacións declaradas de utilidade pública  
Entidades sen ánimo de lucro

Principios horizontais aos que atende (RDC)

Promoción do desenvolvemento sustentable

Indicadores de seguimento asociados

- |   |  |
|---|--|
| IP1. Gasto público total en proxectos                                   | IP5. Número de empresas creadas  |
| IP2. Inversión total en proxectos                                       | IP6. Número total de proxectos impulsados por mulleres                                 |
| IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total).      | IP7. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas                            |
| IP3.1 (Mulleres) IP3.2. (Homes)   | IP8. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro |
| IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total). |  |
| IP4.1. (Mulleres) IP4.2 (Homes)   |  |

Porcentaxe de axuda pública

Regra xeral	50% do gasto subvencionable
Regras específicas	60% do gasto subvencionable para proxectos presentados por organizacións de pescadores ou outros colectivos do sector pesqueiro 100% dos gastos subvencionables se o proxecto responde a interese ou beneficiario colectivo 100% do gasto subvencionable en operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS e estratexias autonómicas

ODS8 Tráballo decente e crecemento económico; ODS12 Produción e consumo responsables; ODS13 Acción polo clima  
Estratexia Galega de Cambio Climático; Estratexia Especialización Intelixente de Galicia RIS3

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.** Aumento do valor, creación de emprego, valorización e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e a acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.3.** Reforzar o posicionamento social do sector pesqueiro, do marisqueo e da acuicultura como sector estratéxico da economía da Ría de Arousa

**Actuación 1.3.1.** Accións que incidan na profesionalización do sector e o convertan nunha oportunidade laboral atractiva para a mocidade

O sector debe asumir como propios os grandes retos que se formulan no novo marco estratéxico a nivel comunitario, nacional e rexional, trasladándoos ao ámbito local. Debe reforzar a súa conciencia ecolóxica, traballar cara a transformación dixital e procurar a sostibilidade dos recursos, do medio mariño e da contorna costeira. Asumir estes retos mellorará a súa imaxe e reforzarao como unha importante saída laboral, sobre todo para as persoas mozas.

#### Accións

- Proxectos dirixidos á **mellora da cualificación, da capacitación e dos coñecementos das e dos profesionais do sector** en diferentes ámbitos relacionados coa explotación dos recursos pesqueiros, aspectos ambientais, orientacións cara a transformación dixital ou a transición enerxética, entre outras temáticas relacionadas.
- Promoción de boas prácticas e intercambio de experiencias sobre a **dixitalización, mellorando as actividades do sector.**
- Proxectos que reforcen as actividades marítimo pesqueiras como oportunidade laboral, a través de accións de **promoción dos oficios e profesións ligados ao mar**, a dinamización en centros de ensino, actividades de carácter lúdico, recreativo ou artístico vencelladas ao mar, entre outras.
- Proxectos que dean **visibilidade e potencien á pesca costeira artesanal**, como actividade profesional sostible que xera emprego local, coida dos recursos pesqueiros e respecta o medio ambiente, e que permite o consumo de produto fresco e de proximidade.

#### Requisitos

Será promovido por un operador do sector, ou promotor externo que implique a colaboración co sector.

#### Resultados previstos

Aumento do dinamismo das confrarías na xestión dos recursos e melloras organizativas  
Aumento da incorporación da mocidade ás actividades marítimo pesqueiras  
Incremento da dixitalización do sector que favoreza o seu dinamismo e competitividade  
Incremento da valoración social do papel da pesca costeira artesanal como actividade sostible

#### Potenciais beneficiarias

Empresas: persoas físicas e xurídicas	Entidades locais públicas
Confrarías de pescadores e as súas federacións	Asociacións declaradas de utilidade pública
Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións	Entidades sen ánimo de lucro
Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro	

#### Principios horizontais aos que atende (RDC)

Igualdade de xénero  
 Loita contra a discriminación  
 Promoción do desenvolvemento sustentable

Indicadores de seguimento asociados

IP1. Gasto público total en proxectos	IP5. Número de empresas creadas
IP2. Inversión total en proxectos	IP6. Número total de proxectos impulsados por mulleres
IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total).	IP7. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas
IP3.1 (Mulleres) IP3.2. (Homes)	IP8. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro
IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total).	
IP4.1. (Mulleres) IP4.2 (Homes)	

Porcentaxe de axuda pública

Regra xeral	50% do gasto subvencionable
Regras específicas	60% do gasto subvencionable para proxectos presentados por organizacións de pescadores ou outros colectivos do sector pesqueiro 100% dos gastos subvencionables se o proxecto responde a interese ou beneficiario colectivo 100% do gasto subvencionable en operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS e estratexias autonómicas

ODS8 Trabajo decente e crecemento económico

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.** Aumento do valor, creación de emprego, valorización e fomento da participación das mulleres, atracción de persoas mozas e promoción da innovación en todas as fases da cadea de produción e subministro dos produtos da pesca e a acuicultura, e a mellora da imaxe destes produtos e a actividade produtiva a nivel local para a súa incorporación á cultura alimentaria do territorio.

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 1.3.** Reforzar o posicionamento social do sector pesqueiro, do marisqueo e da acuicultura como sector estratéxico da economía da Ría de Arousa

**Actuación 1.3.2.** Accións que reforcen o papel das confrarías como entidades de economía social e que promovan un sector máis igualitario

As confrarías deben recuperar a súa xénese como entidades de economía social, contribuíndo a xerar un maior dinamismo, cohesión e integración social na zona costeira. Así mesmo, deben activarse dinámicas de traballo que fomenten a igualdade de xénero no sector, facendo visible o papel das mulleres no conxunto de actividades profesionais e reforzando o seu liderado.

#### Accións

- Elaboración de **plans conxuntos de mellora da xestión interna das confrarías**, sobre todo no relacionado con competencias dixitais e tramitación electrónica, entre outras cuestións.
- Accións de **modernización das infraestruturas e equipamentos** que melloren a **eficiencia enerxética** nas actividades do sector.
- Proxectos que fomenten unha **maior integración das confrarías na sociedade** a través de accións que **reforcen a cohesión social** da zona costeira: programas de integración laboral, actividades dirixidas a colectivos estratéxicos (maiores, mocidade, persoas con diversidade funcional, persoas en risco de exclusión social, entre outros).
- Accións de estudo, investigación, divulgación para **coñecer a situación actual das mulleres en diferentes ámbitos da actividade profesional**, poñendo en marcha medidas que corrixan as desigualdades de xénero.
- Accións de **reforzo da participación das mulleres en diferentes espazos e órganos de goberno**, para fomentar que se presenten a postos de representación.
- Actividades que **visibilicen a traxectoria profesional das mulleres do mar**, incidindo na súa importancia para o desenvolvemento económico e social na Ría de Arousa.
- Proxectos e iniciativas que aumenten o **interese das mulleres por acceder a profesións do mar tradicionalmente desempeñadas polos homes**.

#### Requisitos

Será promovido por un operador do sector, ou promotor externo que implique a colaboración co sector.

#### Resultados previstos

Aumento do dinamismo das confrarías na xestión dos recursos e melloras organizativas  
Incremento da dixitalización do sector que favoreza o seu dinamismo e competitividade  
Aumento da integración de persoas con diversidade funcional e outros colectivos en risco de exclusión social no sector pesqueiro  
Aumento da visibilización e da representación das mulleres nas actividades profesionais ligadas ao mar

#### Potenciais beneficiarias

Empresas: persoas físicas e xurídicas  
Confrarías de pescadores e as súas federacións

Entidades locais públicas  
Asociacións declaradas de utilidade pública



Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións  
Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro

Entidades sen ánimo de lucro

### Principios horizontais aos que atende (RDC)

Igualdade de xénero  
Loita contra a discriminación  
Promoción do desenvolvemento sustentable

### Indicadores de seguimento asociados

IP1. Gasto público total en proxectos	IP5. Número de empresas creadas
IP2. Inversión total en proxectos	IP6. Número total de proxectos impulsados por mulleres
IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total).	IP7. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas
IP3.1 (Mulleres) IP3.2. (Homes)	IP8. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro
IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total).	
IP4.1. (Mulleres) IP4.2 (Homes)	

### Porcentaxe de axuda pública

Regra xeral	50% do gasto subvencionable
Regras específicas	60% do gasto subvencionable para proxectos presentados por organizacións de pescadores ou outros colectivos do sector pesqueiro
	100% dos gastos subvencionables se o proxecto responde a interese ou beneficiario colectivo
	100% do gasto subvencionable en operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

### ODS e estratexias autonómicas

ODS5 Igualdade de xénero; ODS8 Traballo decente e crecemento económico; ODS9 Industria, innovación e infraestruturas; ODS10 Redución das desigualdades; ODS16 Paz, xustiza e institucións sólidas

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2 . Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas.**

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.1. Incrementar as iniciativas sobre novas utilidades dos recursos mariños, dos subprodutos do mar e de novas especies**

**Actuación 2.1.1. Accións encamiñadas á análise, estudo e investigación dos posibles usos e transformacións que poden ter os recursos mariños, subprodutos do mar e novas especies, para a súa valorización**

O sector pesqueiro debe traballar man a man co ámbito científico, existindo retroalimentación de información entre ambos. O impacto que xera o cambio climático e outras problemáticas implican que este debe estar preparado para diversificar a súa actividade, ben en relación aos propios recursos pesqueiros ou en relación a outras actividades vinculadas ao mundo do mar.

#### Accións

- Accións de **cooperación** entre o tecido de entidades empresariais e sociais do mar co ámbito científico e formativo, para intercambiar e fomentar coñecementos sobre o **aproveitamento dos recursos do mar, subprodutos do mar e novas especies.**
- Proxectos que aumenten a visibilidade das **propiedades positivas e dos posibles usos de novos produtos do mar**, poñéndoos en valor.
- Proxectos de **diversificación** do sector dentro da **cadea de valor da pesca**, ou en diferentes **gamas de produto.**

#### Requisitos

Contar coa colaboración/participación do sector ou promover o consumo de produto pesqueiro local

#### Resultados previstos

Incremento da promoción de novas utilidades dos recursos mariños e aumento da valorización de subprodutos do mar e novas especies, así como refugallos da actividade pesqueira  
Aumento da valoración dos produtos pesqueiros, marisqueiros e acuícolas locais como alimentos saudables, próximos e de calidade

#### Potenciais beneficiarias

Empresas: persoas físicas e xurídicas

Confrarías de pescadores e as súas federacións

Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións

Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro

Entidades locais públicas

Asociacións declaradas de utilidade pública

Entidades sen ánimo de lucro

#### Principios horizontais aos que atende (RDC)

Promoción do desenvolvemento sustentable

### Indicadores de seguimento asociados

IP1. Gasto público total en proxectos	IP5. Número de empresas creadas
IP2. Inversión total en proxectos	IP6. Número total de proxectos impulsados por mulleres
IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total).	IP7. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas
IP3.1 (Mulleres) IP3.2. (Homes)	IP8. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro
IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total).	
IP4.1. (Mulleres) IP4.2 (Homes)	

### Porcentaxe de axuda pública

Regra xeral	50% do gasto subvencionable
Regras específicas	60% do gasto subvencionable para proxectos presentados por organizacións de pescadores ou outros colectivos do sector pesqueiro
	100% dos gastos subvencionables se o proxecto responde a interese ou beneficiario colectivo
	100% do gasto subvencionable en operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

### ODS e estratexias autonómicas

ODS8 Traballo decente e crecemento económico; ODS9 Industria, innovación e infraestruturas; ODS12 Produción e consumo responsables  
 Estratexia Galega de Cambio Climático; Estratexia Especialización Intelixente de Galicia RIS3

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2 .** Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas.

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.2.** Promover a diversificación do sector a través de novas actividades ou novos aproveitamentos de recursos, a través da economía circular ou outros sectores

**Actuación 2.2.1.** Actuacións empresariais, científicas, ou doutra índole que se centren no aproveitamento dos refugallos e outros residuos xerados nas actividades do sector

O sector pesqueiro e o tecido empresarial en xeral deben orientar o modelo produtivo cara a circularidade económica, o cal implica a procura de iniciativas que potencien unha cultura de cero residuos. Hai que seguir afondando nas iniciativas existentes que investigan novas utilidades dos recursos mariños, ou que poñen en valor os residuos da produción e transformación.

#### Accións

- Proxectos, iniciativas, boas prácticas ou investigacións de **economía circular** derivados do tratamento ou transformación dos recursos pesqueiros, marisqueiros e da acuicultura, ou dos residuos que xera o propio mar, como as algas de arribazón.
- Accións formativas, de investigación, de sensibilización ou iniciativas empresariais que procuren unha **colaboración activa coas administracións públicas**, para trasladar unha mensaxe coherente cara unha sociedade máis **ecolóxica e resiliente**.
- Proxectos que fomenten a **colaboración entre o sector pesqueiro e o ámbito científico**, para coñecer novos usos dos refugallos do sector pesqueiro (redes e aparellos de pesca, tarugos, ferramentas, etc.), do produto pesqueiro (algas, especies depredadoras, etc.) ou dos restos que non se aproveitan actualmente (cunchas ou augas dos cocedoiros de mexillón, por exemplo).

#### Requisitos

Fomentará algunha actividade vinculada á economía azul sostible  
Implicar/fomentar a participación de entidades do ámbito científico ou tecido social relacionado co mundo do mar.

#### Resultados previstos

Incremento da promoción de novas utilidades dos recursos mariños e aumento da valorización de subprodutos do mar e novas especies, así como refugallos da actividade pesqueira  
Incremento da vinculación do turismo coas actividades do sector pesqueiro e a promoción e valorización dos recursos e produtos do mar  
Incremento da cultura da economía circular no sector e nas actividades marítimo pesqueiras para o impulso de proxectos  
Incremento da unión e coordinación de entidades vinculadas ás actividades pesqueiras, marisqueiras e acuícolas, que dan solucións conxuntas a problemáticas comúns

#### Potenciais beneficiarias

Empresas: persoas físicas e xurídicas	Entidades locais públicas
Confrarías de pescadores e as súas federacións	Asociacións declaradas de utilidade pública
Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións	Entidades sen ánimo de lucro
Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro	

#### Principios horizontais aos que atende (RDC)

Promoción do desenvolvemento sustentable

Indicadores de seguimento asociados

- |   |  |
|---|--|
| IP1. Gasto público total en proxectos                                   | IP5. Número de empresas creadas  |
| IP2. Inversión total en proxectos                                       | IP6. Número total de proxectos impulsados por mulleres                                 |
| IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total).      | IP7. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas                            |
| IP3.1 (Mulleres) IP3.2. (Homes)   | IP8. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro |
| IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total). |  |
| IP4.1. (Mulleres) IP4.2 (Homes)   |  |

Porcentaxe de axuda pública

Regra xeral	50% do gasto subvencionable
Reglas específicas	60% do gasto subvencionable para proxectos presentados por organizacións de pescadores ou outros colectivos do sector pesqueiro 100% dos gastos subvencionables se o proxecto responde a interese ou beneficiario colectivo 100% do gasto subvencionable en operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS e estratexias autonómicas

ODS6 Auga limpa e saneamento; ODS9 Industria, innovación e infraestruturas; ODS12 Produción e consumo responsables; ODS15 Vida de ecosistemas terrestres  
Estratexia Galega de Cambio Climático; Estratexia Galega de Economía Circular; Estratexia Especialización Intelixente de Galicia RIS3

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2 . Fomento da economía azul nas zonas pesqueiras e acuícolas mediante o apoio á diversificación dentro e fóra do sector da pesca comercial, a aprendizaxe permanente e a creación de emprego nas zonas pesqueiras e acuícolas.**

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 2.2. Promover a diversificación do sector a través de novas actividades ou novos aproveitamentos de recursos, a través da economía circular ou outros sectores**

**Actuación 2.2.2. Accións dirixidas á procura dun modelo de desenvolvemento turístico acorde ao xeodestino, vinculado co sector pesqueiro e sostible social, económica e ambientalmente**

O sector turístico ten un importante peso específico na Ría de Arousa, polo que é necesario dotalo dunha maior conexión co sector pesqueiro e as súas actividades. Existen experiencias de artesanía, de turismo mariñeiro, que avalan un modelo alternativo de turismo, no que se conxuga a xeración de valor para o sector, co respecto aos recursos e o medioambiente mariño e costeiro.

#### Accións

- Accións que promovan o **turismo mariñeiro** como vía de diversificación do sector, creando unha conciencia cidadá sobre a necesidade de coidar do medio mariño e a sostibilidade da actividade marítimo-pesqueira.
- Proxectos de apoio a empresas turísticas, de restauración, ou **programas de desenvolvemento turístico**, que fomenten a conexión co sector pesqueiro, acuícola e marisqueiro, a través do consumo ou valorización de produto, realización de actividades conxuntas, ou que promovan a recuperación ou valorización do patrimonio cultural e natural da Ría de Arousa.
- Proxectos empresariais, do ámbito social ou institucional, que promovan **obradoiros** de artes tradicionais, produtos artesanís, procedentes de recursos ou refugallos do mar.
- Iniciativas de turismo que teñan como base os **itinerarios culturais europeos** e que aproveiten **rutas existentes no territorio** do GALP, poñendo en valor os recursos naturais e patrimoniais da zona pesqueira.
- Proxectos vinculados ao **xeodestino “Barbanza- Arousa”**, aproveitando os eixes da Estratexia de Turismo de Galicia, e en colaboración con Turismo de Galicia

#### Requisitos

Fomentará algunha actividade vinculada á economía azul sostible  
Contará coa colaboración/participación do sector ou promoverá o consumo de produto pesqueiro local

#### Resultados previstos

Incremento da vinculación do turismo coas actividades do sector pesqueiro e a promoción e valorización dos recursos e produtos do mar  
Aumento na recuperación e mantemento de infraestruturas tradicionais ligadas ao sector pesqueiro e outros elementos patrimoniais relacionados co sector  
Mellora na valoración do produto pesqueiro como alimento saudable, próximo e de calidade

#### Potenciais beneficiarias

Empresas: persoas físicas e xurídicas  
Confrarías de pescadores e as súas federacións  
Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións  
Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro

Entidades locais públicas  
Asociacións declaradas de utilidade pública  
Entidades sen ánimo de lucro

Principios horizontais aos que atende (RDC)

Promoción do desenvolvemento sustentable

Indicadores de seguimento asociados

- |   |  |
|---|--|
| IP1. Gasto público total en proxectos                                   | IP5. Número de empresas creadas  |
| IP2. Inversión total en proxectos                                       | IP6. Número total de proxectos impulsados por mulleres                                 |
| IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total).      | IP7. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas                            |
| IP3.1 (Mulleres) IP3.2. (Homes)   | IP8. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro |
| IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total). |  |
| IP4.1. (Mulleres) IP4.2 (Homes)   |  |

Porcentaxe de axuda pública

Regra xeral	50% do gasto subvencionable
Regras específicas	60% do gasto subvencionable para proxectos presentados por organizacións de pescadores ou outros colectivos do sector pesqueiro 100% dos gastos subvencionables se o proxecto responde a interese ou beneficiario colectivo 100% do gasto subvencionable en operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS e estratexias autonómicas

ODS8 Traballo decente e crecemento económico; ODS11 Cidades e comunidades sostibles

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.** Impulso e aproveitamento do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático.

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.1.** Mellorar o coñecemento do estado ambiental da Ría de Arousa, tanto dos fondos mariños coma da contorna do litoral

**Actuación 3.1.1.** Estudos, investigacións e intervencións sobre o estado ambiental da Ría de Arousa e a súa evolución, así como propostas de adaptación aos impactos xerados polo cambio climático

O cambio climático e outros factores están producindo transformacións na contorna mariña, que de maneira directa ou indirecta afectan ao comportamento dos recursos, e ao propio medio mariño.

O sector é consciente da necesidade de coñecer o estado do medio mariño en colaboración co ámbito científico, xa que afecta directamente ao seu traballo. Empregar novas tecnoloxías pode axudar a coñecer en maior medida cal é o estado dos recursos mariños e o impacto ambiental que xera a súa actividade.

#### Accións

- **Estudos e investigacións sobre o estado ambiental da ría** e o impacto que xera o cambio climático, ou outros factores externos, no comportamento e na evolución dos recursos e o propio medio mariño.
- Iniciativas que apliquen as **novas tecnoloxías para a monitorización ambiental**, en tempo real, das zonas produtivas da Ría de Arousa.
- Proxectos de **sensibilización e concienciación** sobre a importancia que ten o coidado da contorna do litoral e o medio mariño, poñendo en práctica accións para a erradicación de plástico, de lixo mariño, ou doutros residuos.
- Proxectos empresariais que promovan a **economía circular**, atallando problemáticas ambientais producidas pola xeración de residuos por parte do sector pesqueiro (por exemplo, empregar a madeira de bateas que chegan ao final da súa vida útil, aproveitamento dos sacos de plástico, tarugos ou cordelería do mexillón, entre outros).

#### Requisitos

Fomentará algunha actividade vinculada á economía azul sostible

Implicar/fomentar a participación de entidades do ámbito científico ou tecido social relacionado co mundo do mar

#### Resultados previstos

Incremento do coñecemento sobre o impacto do cambio climático nos recursos, no medio e no sector, establecendo novas estratexias de adaptación

Aumento do coñecemento sobre as problemáticas ambientais dos recursos e do medio mariño

Incremento da dixitalización do sector que favoreza o seu dinamismo e competitividade

Incremento da cultura da economía circular no sector e nas actividades marítimo pesqueiras para o impulso de proxectos

#### Potenciais beneficiarias

Empresas: persoas físicas e xurídicas

Confrarías de pescadores e as súas federacións

Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións

Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro

Entidades locais públicas

Asociacións declaradas de utilidade pública

Entidades sen ánimo de lucro



Principios horizontais aos que atende (RDC)

Promoción do desenvolvemento sustentable

Indicadores de seguimento asociados

- |   |  |
|---|--|
| IP1. Gasto público total en proxectos                                   | IP5. Número de empresas creadas  |
| IP2. Inversión total en proxectos                                       | IP6. Número total de proxectos impulsados por mulleres                                 |
| IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total).      | IP7. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas                            |
| IP3.1 (Mulleres) IP3.2. (Homes)   | IP8. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro |
| IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total). |  |
| IP4.1. (Mulleres) IP4.2 (Homes)   |  |

Porcentaxe de axuda pública

Regra xeral	50% do gasto subvencionable
Regras específicas	60% do gasto subvencionable para proxectos presentados por organizacións de pescadores ou outros colectivos do sector pesqueiro
	100% dos gastos subvencionables se o proxecto responde a interese ou beneficiario colectivo
	100% do gasto subvencionable en operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS e estratexias autonómicas

ODS13 Acción polo clima; ODS9 Industria, innovación e infraestruturas; ODS11 Cidades e comunidades sostibles; ODS14 Vida Submarina; ODS15 Vida de ecosistemas terrestres; ODS6 Auga limpa e saneamento  
 Estratexia Galega de Cambio Climático; Estratexia Galega de Economía Circular; Estratexia Especialización Intelixente de Galicia RIS3

**OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.** Impulso e aproveitamento do patrimonio medioambiental das zonas pesqueiras e acuícolas, incluídas as operacións de mitigación do cambio climático.

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 3.2.** Aumentar a sostibilidade das actividades pesqueiras, procurando a redución da pegada de carbono

**Actuación 3.2.1.** Accións promovidas polo sector pesqueiro e outras entidades, orientadas a reducir o impacto negativo no medio ambiente

O sector pesqueiro debe orientar as súas actividades cara un modelo enerxético que sexa máis eficiente e que reduza o seu impacto sobre o medio ambiente. O sector produtivo e o tecido empresarial deben adoptar medidas para acadar un impacto ambiental neutro ou positivo.

#### Accións

- Proxectos que supoñan un **aforro enerxético** nas actividades da cadea vertical da pesca, apoiando a **mellora das infraestruturas, das instalacións ou equipamentos**.
- Accións de estudo e análise de proxectos de **eficiencia enerxética** que funcionan noutros territorios, en diferentes fases do **proceso produtivo**, co obxectivo de valorar a súa implementación no territorio.
- Accións que incrementen a eficiencia nos procesos de manipulación e transporte dos produtos pesqueiros, reducindo e optimizando os custos económicos e a **pegada ambiental do proceso loxístico**.
- Promover a **concienciación, sensibilización e investigación**, entre entidades, empresas do sector e confrarías, sobre a necesidade de **reducir o impacto ambiental** das actividades que desenvolven, e da necesidade de incorporar a tecnoloxía e a innovación en accións que supoñan un aforro enerxético e unha redución dos residuos.

#### Requisitos

Será promovido por un operador do sector, ou promotor externo que implique a colaboración co sector  
Redución de residuos e materiais contaminantes

#### Resultados previstos

Aumento da aposta por un modelo enerxético máis eficiente e menos contaminante nas actividades marítimo pesqueiras  
Aumento do coñecemento de boas prácticas e modelos de éxito noutros territorios replicables na zona costeira  
Incremento da unión e coordinación de entidades vinculadas ás actividades pesqueiras, marisqueiras e acuícolas, que dan solucións conxuntas a problemáticas comúns

#### Potenciais beneficiarias

Empresas: persoas físicas e xurídicas	Entidades locais públicas
Confrarías de pescadores e as súas federacións	Asociacións declaradas de utilidade pública
Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións	Entidades sen ánimo de lucro
Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro	

#### Principios horizontais aos que atende (RDC)

Promoción do desenvolvemento sustentable

Indicadores de seguimento asociados

IP1. Gasto público total en proxectos	IP5. Número de empresas creadas
IP2. Inversión total en proxectos	IP6. Número total de proxectos impulsados por mulleres
IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total).	IP7. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas
IP3.1 (Mulleres) IP3.2. (Homes)	IP8. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro
IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total).	
IP4.1. (Mulleres) IP4.2 (Homes)	

Porcentaxe de axuda pública

Regra xeral	50% do gasto subvencionable
Reglas específicas	60% do gasto subvencionable para proxectos presentados por organizacións de pescadores ou outros colectivos do sector pesqueiro
	100% dos gastos subvencionables se o proxecto responde a interese ou beneficiario colectivo
	100% do gasto subvencionable en operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS e estratexias autonómicas

ODS6 Auga limpa e saneamento; ODS7 Enerxía asumible e non contaminante; ODS9 Industria, innovación e infraestruturas; ODS11 Cidades e comunidades sostibles; ODS12 Produción e consumo responsables; ODS13 Acción polo clima  
 Estratexia Especialización Intelixente de Galicia RIS3; Estratexia Galega de Cambio Climático

OBXECTIVO ESTRATÉGICO 4. Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo

OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.1. Achegar as entidades de inclusión social ao sector pesqueiro e ás actividades marítimo pesqueiras

Actuación 4.1.1. Accións que favorezan a integración das persoas con diversidade funcional e en risco de exclusión social a través de actividades relacionadas co mar e co sector pesqueiro

As entidades e confrarías do sector do mar da Ría de Arousa deben procurar unha maior inclusión social de diversos colectivos nas actividades pesqueiras. Existe un importante capital social de persoas con diversidade funcional, que teñen capacidades para desenvolver diferentes actividades no sector.

#### Accións

- Proxectos ou actuacións **que faciliten os accesos ou eliminen barreiras físicas e cognitivas nas instalacións** onde se realizan actividades marítimo pesqueiras.
- Accións que melloren a **integración laboral de persoas con diversidade funcional** nos diferentes oficios e actividades do sector, estudando as posibilidades existentes para a realización de tarefas adaptadas, fomentando a conexión entre ambos sectores.
- Iniciativas que promovan a **adaptación de procesos, a formación e a capacitación de persoas** con diversidade funcional para o desempeño de distintas actividades no sector pesqueiro, marisqueiro e da acuicultura (acompañamento, titorización en empresas, etc).

#### Requisitos

Será promovido por un operador do sector, ou promotor externo que implique a colaboración co sector.  
Implicar/fomentar a participación de entidades do ámbito científico ou tecido social relacionado co mundo do mar.

#### Resultados previstos

Aumento da integración de persoas con diversidade funcional e outros colectivos en risco de exclusión social no sector pesqueiro

#### Potenciais beneficiarias

Empresas: persoas físicas e xurídicas

Confrarías de pescadores e as súas federacións

Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións

Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro

Entidades locais públicas

Asociacións declaradas de utilidade pública

Entidades sen ánimo de lucro

#### Principios horizontais aos que atende (RDC)

Loita contra a discriminación

#### Indicadores de seguimento asociados

IP1. Gasto público total en proxectos  
 IP2. Inversión total en proxectos  
 IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total).  
 IP3.1 (Mulleres) IP3.2. (Homes)  
 IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total).  
 IP4.1. (Mulleres) IP4.2 (Homes)

IP5. Número de empresas creadas  
 IP6. Número total de proxectos impulsados por mulleres  
 IP7. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas  
 IP8. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro

Porcentaxe de axuda pública

Regra xeral 50% do gasto subvencionable

Regras específicas 60% do gasto subvencionable para proxectos presentados por organizacións de pescadores ou outros colectivos do sector pesqueiro  
 100% dos gastos subvencionables se o proxecto responde a interese ou beneficiario colectivo  
 100% do gasto subvencionable en operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS e estratexias autonómicas

ODS10 Redución das desigualdades; ODS16 Paz, xustiza e institucións sólidas  
 Estratexia Especialización Intelixente de Galicia RIS3

**OBXECTIVO ESTRATÉGICO 4.** Fomento do benestar social e do patrimonio cultural das zonas pesqueiras e acuícolas, incluíndo o patrimonio cultural pesqueiro, acuícola e marítimo

**OBXECTIVO ESPECÍFICO 4.2.** Conseguir que a Ría de Arousa teña unha identidade propia vinculada ao patrimonio cultural marítimo pesqueiro

**Actuación 4.2.1.** Actuacións enfocadas á recuperación e á conservación do patrimonio material e inmaterial da zona pesqueira

A posta en valor do patrimonio cultural material marítimo pesqueiro incide no benestar social. A recuperación e o mantemento do patrimonio, principalmente infraestruturas, equipamentos, ou embarcacións tradicionais, debe garantir o bo estado do patrimonio para fomentar o seu uso, a través de actividades dirixidas á poboación. Así mesmo, o patrimonio inmaterial existente na zona costeira precisa de medidas que garantan a súa conservación e transmisión entre diferentes xeracións e colectivos. Recoller e sistematizar os saberes que compoñen o patrimonio inmaterial implica manter viva a sociedade mariñeira, reforzando a identidade das zonas costeiras.

#### Accións

- Proxectos de **recuperación e mantemento do patrimonio material existente**, promovendo usos que reforcen a cultura mariñeira e que reforcen unha paisaxe litoral cuidada e viva.
- Iniciativas e apoio á **construción de embarcacións tradicionais e elementos vinculados, fomentando o seu uso** máis alá do produtivo e aumentando o coñecemento deste tipo de embarcacións.
- Accións de **colaboración con centros de ensino, formativos ou de investigación**, para dinamizar o emprego e a realización de actividades relacionadas co patrimonio material marítimo pesqueiro.
- Proxectos de **recuperación e posta en valor do patrimonio inmaterial marítimo pesqueiro** sobre diferentes temáticas: historia mariñeira, artes de pesca e a súa reparación, nomenclatura das embarcacións tradicionais, talasonimia da zona, preparacións dos produtos, etc.), incluíndo a súa difusión.
- Programas ou actividades que promovan o **intercambio xeracional** para reforzar o vínculo coa tradición e a cultura mariñeira, que xeren experiencias ou programas innovadores relacionados co mar.

#### Requisitos

Será promovido por un operador do sector, ou promotor externo que implique a colaboración co sector  
Incluirá a realización de actividades e usos dos bens recuperados ou postos en valor, ou a súa difusión

#### Resultados previstos

Incremento da recuperación e mantemento de infraestruturas tradicionais ligadas ao sector pesqueiro e outros elementos patrimoniais relacionados co sector  
Aumento da posta en valor do patrimonio inmaterial marítimo pesqueiro como elemento de reforzo da identidade territorial  
Incremento da vinculación do turismo coas actividades do sector pesqueiro e a promoción e valorización dos recursos e produtos do mar  
Incremento da unión e coordinación de entidades vinculadas ás actividades pesqueiras, marisqueiras e acuícolas, que dan solucións conxuntas a problemáticas comúns

#### Potenciais beneficiarias

Empresas: persoas físicas e xurídicas  
Confrarías de pescadores e as súas federacións

Entidades locais públicas  
Asociacións declaradas de utilidade pública

Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións  
Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro

Entidades sen ánimo de lucro

Principios horizontais aos que atende (RDC)

Loita contra a discriminación  
Promoción do desenvolvemento sustentable

Indicadores de seguimento asociados

IP1. Gasto público total en proxectos	IP5. Número de empresas creadas
IP2. Inversión total en proxectos	IP6. Número total de proxectos impulsados por mulleres
IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total).	IP7. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas
IP3.1 (Mulleres) IP3.2. (Homes)	IP8. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro
IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total).	
IP4.1. (Mulleres) IP4.2 (Homes)	

Porcentaxe de axuda pública

Regra xeral	50% do gasto subvencionable
Regras específicas	60% do gasto subvencionable para proxectos presentados por organizacións de pescadores ou outros colectivos do sector pesqueiro 100% dos gastos subvencionables se o proxecto responde a interese ou beneficiario colectivo 100% do gasto subvencionable en operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

ODS e estratexias autonómicas

ODS8 Traballo decente e crecemento económico; ODS11 Cidades e comunidades sostibles  
Estratexia Especialización Intelixente de Galicia RIS3

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5. Reforzo do papel das comunidades pesqueiras no desenvolvemento local e da gobernanza dos recursos e actividades marítimas locais

OBXECTIVO ESPECÍFICO 5.1. Mellorar a coordinación e a colaboración entre as entidades do sector pesqueiro e outros organismos e institucións da Ría de Arousa

Actuación 5.1.1. Accións que fomenten a participación do sector pesqueiro con outras entidades e institucións da zona pesqueira e fomenten a súa apertura a novos ámbitos e sectores

Trátase de establecer dinámicas de traballo e participación que promovan a cooperación entre diferentes axentes e institucións co sector do mar. Así mesmo, pódense identificar novos ámbitos de colaboración que favorezan a consecución de maiores consensos, que permitan unha mellora da gobernanza da zona marítima da Ría de Arousa.

#### Accións

- Actividades **de intercambio entre entidades do sector e/ou distintos sectores produtivos**, nos que compartir problemáticas e potencialidades sobre temáticas que afectan ao sector, poñendo en práctica proxectos innovadores, fomentando o intercambio de experiencias, visitas didácticas, etc.
- **Iniciativas e proxectos conxuntos** entre diferentes entidades, asociacións, institucións e outros axentes de dentro e fóra do territorio do GALP, a través de **espazos de traballo colaborativos** que aborden solucións a problemas comúns da zona pesqueira, intercambio de experiencias, innovadores e inter-xeracionais, de carácter informal ou lúdico, ou outras actividades.
- Actividades e programas para a **realización de eventos** que reforcen o papel do GALP na atención a diferentes problemáticas que afectan ao territorio.

#### Requisitos

Implicará a participación de entidades do sector pesqueiro, marisqueiro ou acuícola, conxuntamente con outras entidades

#### Resultados previstos

Aumento do coñecemento de boas prácticas e modelos de éxito noutros territorios replicables na zona costeira  
Incremento da unión e coordinación de entidades vinculadas ás actividades pesqueiras, marisqueiras e acuícolas, que dan solucións conxuntas a problemáticas comúns  
Aumento da visibilización e da representación das mulleres nas actividades profesionais ligadas ao mar

#### Potenciais beneficiarias

Confrarías de pescadores e as súas federacións  
Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións  
Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro

#### Principios horizontais aos que atende (RDC)

Igualdade de xénero  
Loita contra a discriminación  
Promoción do desenvolvemento sustentable

#### Indicadores de seguimento asociados



IP1. Gasto público total en proxectos

IP2. Inversión total en proxectos

IP6. Número total de proxectos impulsados por mulleres

IP7. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas

IP8. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro

### Porcentaxe de axuda pública

Regra xeral 50% do gasto subvencionable

Regras específicas 60% do gasto subvencionable para proxectos presentados por organizacións de pescadores ou outros colectivos do sector pesqueiro  
100% dos gastos subvencionables se o proxecto responde a interese ou beneficiario colectivo  
100% do gasto subvencionable en operacións vinculadas á pesca costeira artesanal

### ODS e estratexias autonómicas

ODS8 Traballo decente e crecemento económico; ODS16 Paz, xustiza e institucións sólidas

## OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6. Cooperación

### OBXECTIVO ESPECÍFICO 6.1. Potenciar a cooperación interterritorial ou transnacional en diferentes zonas pesqueiras para reforzar o cumprimento dos obxectivos das EDLP.

Actuación 6.1.1 Actuacións que promovan o desenvolvemento e cohesión social das zonas pesqueiras a través da cooperación entre diferentes GALP e outros axentes público-privados que apliquen unha EDLP.

Os Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro e outras asociacións público-privadas que apliquen unha Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa, deben cooperar para reforzar ao sector pesqueiro e da acuicultura, como sectores estratéxicos que vertebran a economía das zonas pesqueiras, ou ben, para promover a diversificación das comunidades locais. Aproveitando as oportunidades que ofrece a Economía Azul Sostible e as potencialidades dos recursos locais (Capital social e humano, o patrimonio cultural e natural, etc.), a cooperación debe dar resposta ás necesidades locais que se formulan nas EDLP dunha maneira global, transversal, atendendo aos retos dos diferentes marcos estratéxicos comunitarios, nacionais e rexionais.

#### Accións

- **Accións de promoción da pesca e acuicultura como motores da economía azul sostible.** Proxectos que impliquen a dignificación dos oficios (tradicionais e actuais) marítimo-pesqueiros. Proxectos innovadores que incidan no relevo xeracional no sector pesqueiro.
- **Accións de promoción dos produtos do mar de orixe local como base dunha alimentación saudable e sostible.** Proxecto que reforcen o consumo de produtos pesqueiros locais: da pesca costeira artesanal, do marisqueo e a acuicultura, que garantan a súa trazabilidade. Proxectos que impliquen a innovación e/ou transformación dos recursos e/ou produtos ou subprodutos do mar. Proxectos que reforcen a alimentación saudable: consumo de proximidade de produtos do mar ou con produtos do agro.
- **Accións que promovan a diversificación e os recursos do territorio como eixe de desenvolvemento da economía azul sostible.** Proxectos de promoción do turismo mariñeiro ou pesca turismo. Proxectos de aproveitamento dos recursos do mar e dos residuos xerados nas actividades pesqueiras para novos usos. Accións dirixidas a promover a conexión das actividades náuticas (deportivas, recreativas, turismo) co sector pesqueiro ou coa posta en valor dos recursos do mar. Proxectos de valorización do patrimonio cultural material e inmaterial sobre os recursos e a cultura marítimo-pesqueira. Proxectos de posta en valor do entorno ambiental da zona costeira, que impliquen ao sector ou os produtos pesqueiros. Proxectos que reforcen a economía circular nas actividades marítimo-pesqueiras.
- **Accións que dean resposta dende a cooperación, aos retos locais de transformación dixital e transformación ecolóxica integrando os principios da igualdade, a inclusión social, a sostibilidade medioambiental e a gobernanza.** Proxectos que reforcen o empoderamento das mulleres no sector, fomenten o asociacionismo, melloren as condicións de traballo e a súa visibilidade. Proxectos que promovan unha maior vinculación das entidades de inclusión social coas actividades marítimo-pesqueiras ou o sector pesqueiro

#### Requisitos

Implicará a colaboración necesaria dos GALP

#### Resultados previstos

Reforzo de cooperación entre os GALP a nivel intraterritorial e transnacional, e con outras entidades

#### Potenciais beneficiarias

Grupos de acción local do sector pesqueiro ou outras entidades público/privadas que desenvolvan unha EDLP

Principios horizontais aos que atende (RDC)

Igualdade de xénero  
Loita contra a discriminación  
Promoción do desenvolvemento sustentable

Indicadores de seguimento asociados

IC1. Número total de proxectos de cooperación subvencionados  
IC2. Importe gastado en proxectos de cooperación

Porcentaxe de axuda pública

100% de axuda

ODS e estratexias autonómicas

ODS16 Paz, xustiza e institucións sólidas

## 6.5 Indicadores comúns de resultados FEMPA

Táboa 11. Indicadores de resultados

Indicadores de resultados	Valor previsto
Número de empregos creados (CR06)	28
Número de empregos mantidos (CR07)	98

## 6.6 Análise da pertinencia da estratexia

Na realización da análise de pertinencia temos en consideración as necesidades que se tiveron en conta unha vez realizado o DAFO e as poñemos en relación coas liñas de actuación recollidos nos diferentes obxectivos estratéxicos. Tal e como se recolle na seguinte matriz de pertinencia:

Táboa 12. Matriz de pertinencia

Necesidades	Obxectivos						Número de actuacións
	1	2	3	4	5	6	
N1. Ser autosuficientes na produción de semente e cría de moluscos bivalvos (Fundamentalmente especies como a ameixa fina ou babosa).	2	0	0	0	0	1	3
N2. Coñecer as problemáticas ambientais dos recursos e do medio mariño para desenvolver actuacións que incidan na súa preservación.	0	1	2	0	0	1	4
N3. Erradicar as prácticas ilegais (furtivismo, pesca deportiva, impacto do turismo en praias, etc.) e sensibilizar sobre o dano que causan á conservación dos recursos e á sostibilidade da actividade profesional do sector.	1	0	0	0	0	1	2
N4. Recuperar e manter infraestruturas tradicionais ligadas ao sector pesqueiro (salgaduras, conserveiras, carpinterías de ribeira, estaleiros de madeira, etc.) e outros elementos patrimoniais relacionados co sector (embarcacións, artes, etc.).	0	0	0	1	0	1	2
N5. Poñer en valor o patrimonio inmaterial marítimo-pesqueiro, como elemento de reforzo da identidade territorial.	0	0	0	1	0	1	2
N6. Promover novas utilidades dos recursos mariños e valorizar subprodutos do mar e novas especies, así como refugallos da actividade pesqueira.	1	2	0	0	1	1	5
N7. Vincular o turismo coas actividades do sector pesqueiro e a promoción e valorización dos recursos e produtos do mar.	0	1	0	1	1	1	4

Necesidades	Obxectivos						Número de actuacións
	1	2	3	4	5	6	
N8. Coñecer e compartir aprendizaxes e boas prácticas en canto á diversificación e modelos de éxito noutros territorios que axuden ao emprendemento.	0	1	0	1	1	1	4
N9. Promover a cultura da economía circular no sector e nas actividades marítimo-pesqueiras para o impulso de proxectos.	2	1	1	0	0	1	5
N10. Reforzar a unión e coordinación de diferentes axentes e entidades vinculadas ás actividades da pesca, marisqueo e acuicultura, para dar solucións conxuntas a problemáticas comúns.	1	1	1	0	1	1	5
N11. Promover un maior dinamismo das confrarías na xestión dos recursos e na mellora organizativa.	1	0	0	0	1	1	3
N12. Promover unha maior visibilización e representación do papel das mulleres nas actividades profesionais ligadas ao mar.	1	0	0	0	0	1	2
N13. Integrar as persoas con diversidade funcional e outros colectivos en risco de exclusión social no sector pesqueiro.	1	0	0	1	0	1	3
N14. Maior incorporación da mocidade ás actividades marítimo-pesqueiras.	2	0	0	0	0	1	3
N15. Mellorar a valoración do produto pesqueiro como alimento saudable, próximo e de calidade.	1	0	0	0	0	1	2
N16. Ter maior coñecemento do impacto que xera nos recursos, no medio e no sector o cambio climático, e que novas estratexias se precisan.	1	2	1	0	0	1	5
N17. Poñer en valor o papel que xoga a pesca costeira artesanal como actividade sostible.	1	0	0	0	0	1	2
N18. Apostar por un modelo enerxético máis eficiente e menos contaminante nas actividades marítimo-pesqueiras.	1	0	1	0	0	1	3
N19. Socializar a dixitalización no sector para favorecer o seu dinamismo e competitividade.	1	0	0	0	0	1	2
<b>Necesidades cubertas (Nº)</b>	<b>17</b>	<b>9</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>19</b>	<b>61</b>

As necesidades establecidas no diagnóstico para a zona da Ría de Arousa teñen unha resposta efectiva a través do plan de acción, dado que a todas elas se lles da resposta a través dalguna liña de actuación.

Un dos primeiros elementos a destacar é que un gran número de liñas de actuación que recollen as necesidades do diagnóstico concéntranse no obxectivo 1, que está destinado a aumento a o valor da cadea de produción do sector pesqueiro e da acuicultura, onde ata 17 liñas de actuación están relacionados con necesidades. A unha certa distancia se sitúa o obxectivo 2 vinculado á diversificación

do sector, 9 liñas de actuación vinculadas a necesidades, e a maior distancia o obxectivo 3, patrimonio medioambiental, e o 4 e o 5 cun nivel similar de resposta ás necesidades. No caso do obxectivo de cooperación, obxectivo 6, ao axudar ao cumprimento de todos os obxectivos estratéxicos anteriores e recoller os principios transversais do FEMPA está relacionado con todas as necesidades establecidas no diagnóstico.

Hai catro necesidades que teñen un grao de cobertura moi amplo dentro da estratexia: a promoción de novas utilidades dos recursos mariños (N6), a promoción da economía circular (N9), o reforzo da unión e coordinación de diferentes axentes vinculados ao sector pesqueiro (N10) e o maior coñecemento do impacto do cambio climático nos recursos, no medio e no sector pesqueiro (N16). Estas catro necesidades están relacionadas con ata 5 liñas de actuación da estratexia.

Tamén hai que destacar o vínculo das liñas de actuación da estratexia coas necesidades relacionadas co coñecemento das problemáticas ambientais á hora de preservar os recursos (N2), a necesidade dunha maior implicación do sector turístico coas actividades do sector pesqueiro á hora de promocionar os seus recursos (N7) ou o intercambio de coñecemento e boas practicas con outros territorios que axuden á diversificación e emprendemento do sector (N8).

## 7. Normas para a xestión da EDLP

### 7.1. Límites de axuda pública

A Orde da Consellería do Mar do 10 de maio de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2022, para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo e Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro, e para a concesión da axuda preparatoria no período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, en Galicia (código de procedemento PE210B), establece no seu artigo 6, as regras para as operacións apoiadas polas estratexias de desenvolvemento local participativo.

En virtude da mesma, indicar que o grao de financiamento dos proxectos presentados para investimentos ao abeiro da correspondente EDLP, para operacións que leven a cabo en virtude do título II, capítulo IV, terá os seguintes límites.

**Táboa 13. Límites de axuda por proxecto con carácter xeral**

Aplicación da EDLP	
Importe máximo de axuda	Sen límite
Importe máximo de axuda de proxectos non promovidos polo sector pesqueiro	200.000 €
Importe máximo de proxectos que non se benefician da exención de aplicación de axudas estado	200.000 €

**Táboa 14. Límites de intensidade de axuda pública para operacións que leven a cabo en virtude do Título II, capítulo IV do Regulamento (UE) 2021/1139.**

Aplicación da EDLP	Intensidade de axuda
Grao máximo de axuda do investimento subvencionable	50%
Operacións vinculadas á pesca costeira artesanal <sup>5</sup>	100%
Organizacións de pescadores ou outros beneficiarios colectivos do sector pesqueiro	60%
Operacións que respondan aos seguintes criterios: interese colectivo e beneficiario colectivo	100%
Proxectos amparados en regulamentos de exención de aplicación de axudas de estado	50%

## 7.2. Criterios e procedementos de selección dos proxectos

### 7.2.1 Requisitos de admisibilidade de solicitudes

<sup>5</sup> Operacións desenvolvidas por persoas físicas ou xurídicas que leven a cabo directamente actividades de pesca costeira artesanal e aquelas operacións levadas a cabo por entidades asociativas do sector pesqueiro que desenvolvan proxectos dirixidos só ao sector da pesca costeira artesanal

A admisibilidade das solicitudes estará condicionada polo establecido nas bases reguladoras para a concesión de axudas ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo para este período de programación. Cumprirá todos os criterios definidos pola mesma, no tempo e forma estipulados. A maiores, terase en conta que cumpre coas disposicións normativas de referencia que afectan a este procedemento en diferentes niveis territoriais (normativa comunitaria, nacional ou galega) ou sectoriais, en función do tipo de proxecto que se presente.

Segundo se establece no artigo 11 do Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello de 7 de xullo de 2021 polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, serán inadmisibles as solicitudes de axudas presentadas por operadores respecto dos cales a autoridade competente comprobara que:

1. Cometeron infraccións graves con arranxo ao artigo 42 do Regulamento (CE) nº 1005/2008 do Consello ou ao artigo 90 do Regulamento (CE) nº 1224/2009, ou con arranxo a outros actos legislativos adoptados polo Parlamento Europeo e polo Consello no marco do PPC.
2. Estiveron involucrados na explotación, xestión ou propiedade dalgún buque pesqueiro incluído na lista de buques INDNR da Unión segundo dispón o artigo 40, apartado 3, do Regulamento (CE) nº 1005/2008, ou dalgún buque con pavillón de países considerados terceiros países non cooperantes segundo establécese no artigo 33 do devandito Regulamento.
3. Cometeron algún dos delitos ambientais establecidos nos artigos 3 e 4 da Directiva 2008/99/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no caso de que a solicitude de axudas preséntese con arranxo ao artigo 27 do Regulamento 2021/1139.

Se calquera das situacións a que se fai referencia se produce durante o período comprendido entre a presentación da solicitude de axudas e o cinco anos seguintes á realización do pago final, recuperárase do operador o apoio concedido polo FEMPA en resposta á devandita solicitude, de conformidade co artigo 44 do Regulamento (UE) 2021/1139 e o artigo 103 do Regulamento (UE) 2021/1060.

Sen prexuízo de normas nacionais máis ambiciosas, tal como se estipulase no acordo de colaboración co Estado membro de que se trate, serán inadmisibles durante un período de tempo determinado as solicitudes de axudas presentadas por un operador respecto do cal a autoridade competente correspondente determinase, por medio dunha resolución definitiva, que cometeu fraude, tal como se define no artigo 3 da Directiva (UE) 2017/1371, no contexto do FEMP ou do FEMPA.

### 7.2.2 Requisitos de elixibilidade dos proxectos

Para que un proxecto sexa elixible deberá de respectar os seguintes requisitos con carácter xeral.

1. Tal e como se establece no artigo 6.4 da orde do 10 de maio de 2022 os proxectos deberán:
  - Apoiaren a prioridade 3 do FEMPA, encadrarse dentro da EDLP e contribuír aos obxectivos da zona pesqueira onde se vaian a desenvolver.
  - Estaren localizados no ámbito territorial elixible do GALP.
  - Seren viables técnica, financeira e economicamente, de ser o caso.
  - Axustárense á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
2. O artigo 5 das bases reguladoras indica que as estratexias terán un enfoque importante dirixido ao desenvolvemento do sector pesqueiro, que se traducirá en que un mínimo dun 50 % do orzamento do plan financeiro estará destinado a apoiar este sector, ben que poden ser máis amplas e dirixirse á diversificación das comunidades locais. Un proxecto que apoia o desenvolvemento do sector pesqueiro (proxectos de pesca) é aquel que cumpre polo menos un dos seguintes criterios:



- a) Provee produtos e/ou servizos para exercer a captura/produción, procesado, transformación e/ou comercialización dos produtos pesqueiros.
  - b) Proporciona apoio técnico para a xestión dos recursos e/ou do medio mariño.
  - c) Capacita a operadores en activo ou futuros operadores do sector pesqueiro, pescadores e redeiras mediante a formación, sempre e cando o contigo abranga calquera das actividades descritas no apartado a.
  - d) Promove o consumo dos produtos do mar locais das zonas pesqueiras, sempre que o beneficiario sexa unha entidade do sector pesqueiro ou unha entidade pública coa participación ou en colaboración cunha entidade do sector pesqueiro.
  - e) É promovido por un operador do sector, agás aqueles proxectos orientados á diversificación cara actividades económicas fora do sector pesqueiro<sup>6</sup>.
  - f) Beneficia de xeito directo ao conxunto do sector pesqueiro e da acuicultura da zona pesqueira (posta en valor do patrimonio cultural e ambiental pesqueiro, etc...).
3. Que as operacións propostas para seleccionar presenten a mellor relación entre o importe da axuda, as actividades emprendidas e a consecución de obxectivos.
  4. Os gastos subvencionables e non subvencionables serán os que se indiquen nas bases reguladoras, no artigo 186.3 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do consello, do 18 de xullo de 2018, no artigo 64 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, e o artigo 13 do Regulamento (UE) 2021/1139 (operacións ou gastos non subvencionables), do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021.

### 7.2.3 Criterios de selección de operacións na aplicación da EDLP

#### 7.2.3.1. Criterios de selección das operacións financiáveis do programa de axudas

O proceso de selección de proxectos que opten á axuda do FEMPA será de concorrencia competitiva, priorizando estes en función da puntuación máis elevada que obteñan, en relación a unha serie de criterios que definimos a continuación.

Os proxectos deben cumprir unha serie de regras para poder seren financiados baixo a EDLP.<sup>7</sup> Os proxectos deben estar aliñados coa estratexia e deben ser viables técnica, financeira e economicamente. Por este motivo, estruturamos o proceso de baremación en torno a dous tipos de criterios:

- Criterios de carácter excluínente, que deben cumprir todos os proxectos.
- Criterios de valoración de carácter global para todos os proxectos.

Os criterios excluínentes implican que un proxecto poida acceder ou non ao financiamento. O elemento de referencia que temos para a súa comprobación é a memoria técnica do proxecto. Establecemos unha puntuación mínima que deben ter os proxectos para poder ser financiados, pero tamén se valora a calidade e a coherencia da proposta técnica presentada e as garantías que ofrecen as persoas e entidades promotoras.

Son criterios excluínentes: a viabilidade técnica, a viabilidade económica e financeira, a coherencia do proxecto coa EDLP, a ubicación do proxecto no territorio, e a adecuación á normativa sectorial. Estes dous últimos non forman parte da valoración.

<sup>6</sup> A pesca-turismo considerase como parte da actividade pesqueira e o turismo mariñeiro no marisqueo como parte da actividade marisqueira.

<sup>7</sup> Artigo 6. Regras para as operacións apoiadas polas estratexias de desenvolvemento local participativo. ORDE do 10 de maio de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria do ano 2022 para a selección de estratexias de desenvolvemento local participativo e grupos de acción local do sector pesqueiro, así como para a concesión da axuda preparatoria, no período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) 2021-2027 en Galicia (código de procedemento PE210B).

Os criterios de valoración de carácter global teñen en consideración diferentes características que definen ás persoas promotoras, a xeración de emprego, a posta en valor dos recursos pesqueiros, a atención aos principais retos do marco estratéxico comunitario, nacional e rexional, a valorización do patrimonio ou a atención aos principios horizontais dos fondos europeos.

### **Criterios excluíntes**

Dentro dos criterios excluíntes valorarase a viabilidade técnica, económica e financeira e a coherencia coa EDLP.

1. **Viabilidade técnica.** A solicitude do proxecto virá acompañada dunha memoria que acredite a solvencia do proxecto dende o punto de vista técnico. Da información da memoria extraerase a puntuación tendo en conta entre outros factores: a experiencia da persoa ou entidade que promove o proxecto, os medios humanos e recursos dos que vai a dispor, a coherencia nas actividades que promova e as garantías para a súa execución. Poderá obterse información de contraste a través da revisión doutros documentos necesarios no procedemento, en función da súa natureza, como Plans de Empresa, anteprojectos de obras ou memorias de carácter técnico, nos cales conste a posibilidade de poder executar a iniciativa respectando os requirimentos dende o punto de vista normativo (urbanístico, ambiental,...). Este criterio é excluínente, polo cal se requirirá unha puntuación mínima.
2. **Viabilidade económica e financeira.** O principal factor a ter en conta na viabilidade económica é que a memoria sexa coherente na proposta de investimentos e/ou gastos que faga, co tipo de operación que se pretende poñer en marcha. Cómpre diferenciar entre as propostas que inclúan investimentos e gastos, das que só inclúan gastos, xa que van a facer referencia a diferentes tipos de proxectos, que poden ter ou non fin de lucro. Revisaranse criterios de viabilidade económica analizando conceptos como a taxa interna de rendibilidade (TIR), o valor actual neto (VAN), o desglose das amortizacións, etc., nas iniciativas de carácter empresarial. Estes conceptos analizaranse tendo en conta a documentación que se presente: memorias económicas, balances e contas de exercicios anteriores á presentación, de existiren, xa que no caso de empresas de nova creación non se contará con esta información. Para acreditar a viabilidade financeira, poderán terse en conta certificacións bancarias, certificados de entidades ou institucións de crédito, declaracións persoais, etc. No ámbito das administracións locais, confrarías ou entidades do tecido asociativo, deberá acreditarse a capacidade financeira con certificacións por parte dos órganos competentes, en función das súas normas, regulamentos ou estatutos. Para poder acceder ao financiamento do FEMPA requirirase unha puntuación mínima, que de non acadarse implicaría a desestimación do proxecto.
3. **Coherencia do proxecto coa EDLP.** O proxecto deberá adecuarse aos obxectivos establecidos no Plan de Acción da estratexia, e por tanto, no FEMPA. Valorarase a atención do proxecto ás necesidades definidas na diagnose da estratexia, o grao de cobertura dos obxectivos da mesma, a relación do proxecto co sector pesqueiro ou colectivos estratéxicos do territorio, así como, a cobertura dos retos estratéxicos da zona pesqueira. Requirirase unha puntuación mínima.
4. **A ubicación no territorio do GALP.** A entidade ou persoa solicitante terá o seu domicilio social ou estará empadroada en calquera dos concellos que pertencen ao GALP.
5. **Cumprimento da normativa sectorial.** Os proxectos deben de axustarse á normativa sectorial que lles resulte de aplicación, sexa de carácter local, autonómica, estatal ou comunitaria.

Este dous últimos criterios non puntúan nos baremos, xa que serían causas de non admisibilidade dos propios proxectos en caso de non seren cumpridos.

Táboa 15. Criterios excluíntes e calidade do proxecto.

Nº	Criterio	Descrición	Verificación	Puntuación mínima	Puntuación máxima
0.1	Viabilidade técnica	Coherencia técnica da memoria do proxecto, tendo en consideración a descrición de fases, actividades, resultados, cronograma, etc.	Memoria do proxecto ou documentación complementaria	5	10
0.2	Viabilidade económica	Análise da viabilidade económica do proxecto, tendo en consideración a documentación achegada no expediente	Plan económico do proxecto	5	10
0.3	Viabilidade financeira	Suficiencia financeira para a posta en marcha do proxecto: propia ou externa	Plan financeiro do proxecto ou declaración	5	10
0.4	Coherencia do proxecto coa EDLP	Coherencia do proxecto coa EDLP e os principios horizontais do Fondo	Asociación aos obxectivos e aos principios horizontais dos Fondos.	5	10
<b>Total de puntuación mínima e máxima neste apartado</b>				<b>20</b>	<b>40</b>

### Criterios de valoración global.

#### Criterio 1. Persoa promotora

A estratexia terá en conta a tipoloxía de **persoas que promoven o proxecto**. Neste sentido diferenciamos entre proxectos de persoas físicas ou xurídicas. Indicar que no caso das persoas físicas nas zonas urbanas densamente poboadas se terá como referencia para entender que é o sector pesqueiro, o establecido no art. 4.3. (sector pesqueiro e familias) da Orde do 10 de maio de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria do ano 2022 para a selección de estratexias de desenvolvemento local participativo. Primarase a relación directa das persoas promotoras co sector pesqueiro<sup>8</sup> ou a realización de actividades que apoiem ao seu desenvolvemento<sup>9</sup>. Tamén se primará o carácter colectivo dos proxectos, a atención a colectivos estratéxicos da zona costeira ou a promoción de iniciativas conxuntas.

Táboa 16. Características da persoa promotora

<sup>8</sup> CNAE: 0311, 0321, 1021, 1022, 4638, 4723

<sup>9</sup> As relacionadas deberían cumprir os criterios dun "proxecto de pesca", tal e como se fixan pola Consellería do Mar no documento: Criterios para a definición dun proxecto de pesca no marco da prioridade 3 do FEMPA 2021-2027.

1	Criterio	Descrición	Verificación	Puntuación máxima
1.1.	Proxectos promovidos por persoas físicas	Persoas de alta no sector pesqueiro	Alta en IAE, correspondencia con CNAE sector <sup>10</sup>	20
		Persoas que apoian o desenvolvemento do sector pesqueiro.	Alta en IAE, correspondencia con CNAE sector e relacionadas.	20
		Mulleres	DNI	10
		Mocidade <sup>11</sup>	DNI	10
		Persoas con diversidade	Certificado acreditativo de tal situación	10
		Persoas en risco de exclusión social	Certificado acreditativo de tal situación	10
		Persoas desempregadas, emprendedoras (1º negocio)	Tarxeta demandante de emprego ou alta censal / declaración responsable	10
1.2.	Proxectos promovidos polas persoas xurídicas (ámbito asociativo) do sector pesqueiro	Confrarías de pescadores	Estatutos sociais, escritura de constitución da entidade	30
		Asociacións profesionais do sector sen ánimo de lucro: redeiras, defensa dos intereses do sector, culturais e de posta en valor do patrimonio		30
		Outras entidades asociativas relacionados co sector pesqueiro e o mar		30
1.3	Proxectos promovidos polas persoas xurídicas (ámbito asociativo) non do sector pesqueiro	Que promovan actividades relacionadas co sector ou os produtos pesqueiros locais, ou ben que o proxecto atenda aos obxectivos da EDLP	Memoria do proxecto Estatutos sociais, escritura de constitución da entidade	20
1.4	Proxectos promovidos por persoas xurídicas (ámbito empresarial) do sector pesqueiro	Sociedades mercantís e entidades profesionais (OPP, Asociacións de armadores,...)	Alta en IAE CNAE sector primario 0311/0321	30
		Sociedades mercantís dedicadas á transformación ou valorización dos produtos do mar	Alta en IAE CNAE 1021, 1022, 4638, 4723	30
		Sociedades mercantís que apoian o desenvolvemento do sector pesqueiro	Alta en IAE Memoria do proxecto	20
1.5	Proxectos promovidos por persoas xurídicas (ámbito empresarial) non do sector pesqueiro	Sociedades mercantís cuxo proxecto atenda aos obxectivos da EDLP	Memoria do proxecto	10
1.6.	Proxectos promovidos por entidades da economía social, empresas/asociacións do ámbito da inclusión social	Cooperativas, SSLL, empresas de inserción, fundacións, CEE,...	Estatutos sociais, escritura de constitución da entidade	25
1.7.	Proxectos promovidos por entidades públicas locais vinculados ao sector ou produtos do mar de orixe local	Concellos ou mancomunidades de concellos	Memoria do proxecto	20
1.8.	Proxectos conxuntos entre entidades da zona pesqueira ou de fóra da mesma	Nº entidades promotoras (≥ a 2)	Solicitud de proxecto	30

<sup>10</sup> CNAE: 0311, 0321, 1021, 1022, 4638, 4723, 4799 (só para venta ambulante de peixe e marisco, con certificación de compra en lonxas de Galicia).

<sup>11</sup> Considérase mocidade ás persoas que teñen entre 16 e 40 anos incluídos.

1	Criterio	Descrición	Verificación	Puntuación máxima
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>				<b>30</b>

### Criterio 2. Creación de empresas, xeración ou consolidación de emprego

Outro apartado é a **creación de empresas e a creación ou consolidación de emprego**. Atenderase a se o proxecto é de nova creación, potenciando a relación co sector pesqueiro. Para o cálculo da creación de empregos terase en conta o emprego neto xerado, facendo referencia ás unidades de traballo anual (UTA).

A **consolidación ou mantemento de emprego** implica que se mantén ao final da xustificación do proxecto, como mínimo, o mesmo número de persoas traballadoras que se reflicten na documentación achegada na correspondente solicitude. Fai referencia aos postos de traballo que se perderían se non se contase co financiamento da operación. Terase en conta que establece a guía de Famenet ao respecto<sup>12</sup>.

Para verificar que se cumpre o mantemento do emprego usarase o informe de plantilla media de traballadores en alta da Seguridade Social. Terase en conta o número de persoas traballadoras, no ano inmediatamente anterior á data da solicitude do proxecto, comparándoo co mesmo dato no momento en que se realice a última xustificación, por parte da persoa promotora.

**Táboa 17. Creación de empresas ou creación de emprego**

2	Criterio	Descrición	Verificación	Intervalos	Puntuación máxima
2.1.	Creación dunha nova empresa	Sector pesqueiro	Alta en IAE CNAE 0311/0321/1021/1022/46 38/4723		10
		Proxecto de pesca	Alta en IAE CNAE		8
		Outros sectores diferentes do pesqueiro	Alta en IAE		5
2.2.	Creación de emprego	Sector pesqueiro	Número de empregos /Altas UTA	De 1 a 2: 10 puntos De 3 a 4: 15 puntos Máis de 4: 20 puntos	20
		Proxecto de pesca	Número de empregos /Altas UTA	De 1 a 2: 15 puntos De 3 a 4: 10 puntos Máis de 4: 15 puntos	15
		Non Sector pesqueiro	Número de empregos /Altas UTA	De 1 a 2: 4 puntos De 3 a 4: 7 puntos Máis de 4: 10 puntos	10
		Colectivos prioritarios (mulleres, mocidade <sup>13</sup> , persoas con diversidade, maiores de 55 anos, persoas desempregadas, colectivos en risco de exclusión social)	Número de empregos por condición /Altas UTA Acreditación colectivo prioritario (DNI, documento diversidade funcional, risco de exclusión, tarxeta demandante de emprego...)	Se cumpre 1 criterio: 10 puntos Se cumpre máis de 1 criterio: 15 puntos	15
2.3.	Consolidación e mantemento do emprego	Sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola ou proxectos de pesca	Informe de plantilla media de traballadores en alta, RNT da empresa ou	Manter todo o emprego do ano	10

<sup>12</sup> EUROPEAN COMMISSION – Directorate-General for Maritime Affairs and Fisheries, Unit D.3 (2022): FAMENET Support Unit, working paper on EMFAF MEF 2021-2027, Brussels CT5.1 Final April 2022

<sup>13</sup> De 16 a 40 anos incluídos

2	Criterio	Descrición	Verificación	Intervalos	Puntuación máxima
			certificación da Seguridade Social do ano anterior á solicitude e no período de xustificación	anterior á solicitude de fondos, 10 puntos	
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>					<b>30</b>

### Criterio 3. Posta en valor dos recursos pesqueiros

Enténdese que é necesario reforzar o consumo dos **produtos pesqueiros** apoiando á pesca costeira artesanal, como actividade sostible. Tamén é necesario apoiar as actividades extractivas do marisqueo e a acuicultura, debido á súa transcendencia global na economía das zonas pesqueiras. Neste sentido poñemos en valor a toda a cadea da pesca e a innovación na mesma, como un factor que xera valor engadido para o recurso e o sector. A innovación enténdese segundo as orientacións existentes no DLP<sup>14</sup>.

Táboa 18. Posta en valor dos recursos pesqueiros

3	Criterio	Descrición	Verificación	Puntuación máxima
3.1.	Posta en valor do produto fresco, procedente da pesca, marisqueo ou acuicultura de orixe local e/ou transformación, comercialización dos produtos do mar	Descrición detallada actividade de posta en valor e/ou innovacións do produto	Memoria do proxecto: cumprimento puntuación 10, non cumprimento puntuación 0	10
3.2.	Innovación en calquera fase da cadea de produción e subministración dos produtos da pesca, marisqueo ou acuicultura de orixe local	Descrición das accións/actividades ou resultados que produce a innovación	Memoria do proxecto: cumprimento puntuación 10, non cumprimento puntuación 0	10
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>				<b>20</b>

### Criterios 4, 5 e 6. Coherencia cos marcos estratéxicos comunitarios, nacionais e rexionais.

Para facer a valoración deste apartado temos como referencia os contidos establecidos na guía “As estratexias de desenvolvemento local participativo no marco estratéxico global FEMPA 2021-2027. Orientacións para encadrar as EDLP nos marcos estratéxicos comunitarios, nacionais e rexionais”, publicada pola Consellería do Mar.

<sup>14</sup> A innovación supón a incorporación de novas actividades, métodos e procesos de traballo, o apoio a novos tipos de empresas, produtos ou servizos, ou a innovación social. Non implica necesariamente unha innovación tecnolóxica, senón que incluso pode consistir en aproveitar o coñecemento dunha comunidade para dar solucións aos retos que se formulan a nivel local. Soe ter un efecto multiplicador ou efecto de arrastre sobre os cambios que a comunidade quere lograr.

Consideramos que os proxectos financiados con cargo ao FEMPA, deben gardan coherencia coas **prioridades de inversión** da Unión Europea para o marco plurianual 2021-2027, adaptándoas ao marco rexional de referencia, que neste caso é Galicia.

Trátase de potenciar e reforzar o financiamento das iniciativas para favorecer:

- a transformación dixital, mediante a innovación, a dixitalización,...
- A transformación ecolóxica, mediante procesos graduais de transición enerxética que permitan avanzar cara a neutralidade climática e a adaptación ao cambio climático.
- A sostibilidade, centrada na conservación dos recursos, do medio, a economía circular e a diversificación cara os sectores da economía azul no ámbito local.

A valoración realízase tendo en conta os retos aos que tende o proxecto, tendo sempre como referencia os contidos da memoria técnica que se presente. O cumprimento significaría que atende a 1 criterio.

No caso de consideralo necesario, en proxectos de carácter tecnolóxico ou relacionados coa eficiencia enerxética, o GALP poderá solicitar á persoa promotora informes de carácter técnico que avalen a verificación destes aspectos.

Táboa 19. Marcos estratéxicos territoriais

	Criterio	Descrición	Verificación/ puntuación	Puntuación máxima
4	<b>TRANSFORMACIÓN ECOLÓXICA</b>			
4.1.	Transición enerxética	Redución de emisións de carbono no sector e na cadea vertical da pesca Incremento da eficiencia enerxética e uso de enerxías limpas Redución do impacto ambiental do sector, sobre todo na cadea alimentaria dos produtos do mar (Consumo Km0,...) Promoción ou concienciación cara unha sociedade máis neutral dende o punto de vista enerxético	Memoria do proxecto: cumprimento 1 criterio puntuación 20, non cumprimento puntuación 0	20
4.2.	Mitigación e adaptación ao cambio climático	Implantación de medidas que combatan o cambio climático e os seus efectos Promoción de estratexias axeitadas á conservación e uso eficiente dos recursos Implantación de accións de sensibilización sobre o cambio climático	Memoria do proxecto: cumprimento 1 criterio puntuación 10, non cumprimento puntuación 0	10
5	<b>TRANSFORMACIÓN DIXITAL</b>			
5.1.	Infraestrutura e servizos	Adquisición de equipamentos, infraestruturas, servizos ou melloras tecnolóxicas que afecten de maneira directa ao sector pesqueiro, marisqueiro ou acuícola local ou a proxectos de pesca.	Memoria: cumprimento puntuación 10, non cumprimento puntuación 0	10
5.2.	Transformación do sector	Adquisición ou mellora de competencias dixitais para as persoas profesionais do sector	Memoria: cumprimento puntuación 10, non cumprimento puntuación 0	10

5.3	O produto pesqueiro	Actividades/ proxectos que impliquen a implantación da dixitalización na valorización dos produtos en calquera fase da cadea de valor.	Memoria: cumprimento puntuación 10, non cumprimento puntuación 0	10
<b>6 SOSTIBILIDADE AMBIENTAL</b>				
6.1	Conservación dos recursos e do medio mariño	Mellora da xestión e da gobernanza dos recursos mariños Medidas de preservación da biodiversidade do territorio e o medio mariño, incluíndo as que reforcen o papel do sector pesqueiro. Accións encamiñadas a un mar e zona costeira libre de residuos	Memoria: cumprimento puntuación 10, non cumprimento puntuación 0	10
6.2.	Circularidade económica	Proxectos de economía circular procedentes dos residuos do medio mariño e costeiro (especialmente plásticos) Accións de sensibilización sobre o impacto dos residuos no medio mariño, concienciando da necesidade de pechar o ciclo Promover proxectos que aproveiten subprodutos, ou refugallos procedentes das actividades pesqueira, marisqueira e acuícola. Promoción de medidas que reduzan o impacto do lixo que produce o envasado, empaquetado dos produtos pesqueiros	Memoria: cumprimento puntuación 10, non cumprimento puntuación 0	10
6.3.	Diversificación	Promoción dos produtos da pesca costeira artesanal, ou produtos con selos de garantía ecolóxica, boas prácticas Promoción de actividades, bens, servizos, de turismo mariñeiro ou experiencias de turismo que poñan en valor o medio mariño, os recursos pesqueiros, o medioambiente mariño Promoción de actividades, ben, servizos, que promovan a desestacionalización do turismo: actividades ou eventos de turismo náutico, experiencias gastronómicas, deportivas, ... Promoción de actividades económicas que empreguen residuos procedentes das actividades marítimo pesqueiras. Promoción de circuitos curtos de consumo e maridaxe da produción agraria coa produción do mar	Memoria do proxecto: cumprimento puntuación 10, non cumprimento puntuación 0	10
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>				<b>40</b>

### Criterio 7. Posta en valor do patrimonio e a cultura mariñeira

O seguinte criterio a valorar sería o de si atende ou non ao **patrimonio ou cultura mariñeira**, diferenciando se afecta ao patrimonio material ou inmaterial e se contribúe á súa divulgación. O patrimonio marítimo pesqueiro reforza a identidade local das zonas costeiras, ao tempo que traslada unha maior imaxe o positiviza ao sector.

Táboa 20. Patrimonio e cultura mariñeira



7	Criterio	Descrición	Verificación/puntuación	Puntuación máxima
7.1.	Patrimonio cultural material ou inmaterial	Proxectos que afectan a infraestruturas e equipamentos marítimo-pesqueiros (vilas mariñeiras, mercados de abastos, lonxas, portos, bens inmoebles,...).	Memoria do proxecto: cumprimento puntuación 10, non cumprimento puntuación 0	10
		Proxectos que afectan á preservación das embarcacións tradicionais, carpintería de ribeira, artes e útiles de pesca ou patrimonio somerxido.		10
		Proxecto relacionados coa posta en valor do patrimonio cultural inmaterial do mar.		10
7.2.	Posta en valor do patrimonio	Actividades que manteñan vivo o patrimonio e a cultura tradicional mariñeira, promovan o seu uso, coñecemento, divulgación ou posta en valor.	Memoria do proxecto: cumprimento puntuación 10, non cumprimento puntuación 0	10
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>				<b>20</b>

### Criterio 8. Principios horizontais e outros

O último criterio sería o da horizontalidade, o que coñecemos como principios transversais dos fondos: a igualdade e non discriminación. Neste caso, os aspectos relacionados coa sostibilidade ambiental, xa están contemplados nos criterios anteriores, polo cal non os incorporamos a este criterio. A maiores introducimos un criterio que atende á contribución do mantemento da poboación nas zonas costeiras, atendendo ao que supón o reto demográfico.

Táboa 21. Horizontalidade

8	Criterio	Descrición	Verificación/Puntuación	Puntuación máxima
8.1.	Igualdade de xénero	Proxectos que impliquen unha maior participación, empoderamento e liderado das mulleres no sector pesqueiro	Memoria do proxecto: cumprimento puntuación 15, non cumprimento puntuación 0	15
		Accións que melloren as condicións de traballo das profesionais do sector		
		Accións de sensibilización en materia de igualdade		
8.2	Non discriminación	Accións que impliquen a integración social de diferentes colectivos.	Memoria do proxecto: cumprimento puntuación 15, non cumprimento puntuación 0	15
8.3	Reto demográfico	Accións que contribúan á fixación da poboación nas zonas costeiras.	Memoria do proxecto: cumprimento puntuación 10, non cumprimento puntuación 0	10
<b>Puntuación máxima neste apartado</b>				<b>20</b>

Unha vez que se realizou a correspondente valoración nos diferentes criterios, en base aos límites de axuda que se fixan, establecemos a matriz de valoración, que asignará a porcentaxe de axuda correspondente tendo en consideración a puntuación obtida na valoración do proxecto. Para isto diferenciamos a regra xeral de financiamento e as regras específicas:

- Regra xeral: o tope de financiamento será do 50% do investimento subvencionable.
- Regras específicas: A. As organizacións de pescadores ou outros beneficiarios colectivos do sector pesqueiro poderán chegar ata o 60% de financiamento. B. As operacións vinculadas á pesca costeira artesanal e as operacións que respondan ao interese colectivo e beneficiario colectivo, poderán chegar ata o 100% de axuda.

Táboa 22. Intervalos de puntuación.

Intervalos de puntuación	Regra xeral	Regras específicas	
		A	B
De 50 a 79	40%	40%	70%
De 80 a 119	45%	50%	80%
≥ de 120	50%	60%	100%

Táboa 23. Cadro Resumo dos criterios de valoración

Criterios		Puntuación	
		Mínima	Máxima
<b>EXCLUÍNTES</b>			
0.1	Viabilidade técnica	5	10
0.2	Viabilidade económica	5	10
0.3	Viabilidade financeira	5	10
0.4	Coherencia do proxecto coa EDLP	5	10
<b>Puntuación criterios excluíntes</b>		<b>20</b>	<b>40</b>

GLOBAIS		Puntuación máxima
1	Persoa promotora	30
2	Creación de empresas, xeración ou consolidación de emprego	30
3	Posta en valor dos recursos pesqueiros	20
4,5,6	Coherencia cos marcos estratéxicos comunitarios, nacionais e rexionais.	40
7	Posta en valor do patrimonio e a cultura mariñeira	20
8	Principios horizontais e outros	20
<b>Puntuación criterios globais</b>		<b>160</b>

PUNTUACIÓN TOTAL	Puntuación máxima
<b>Puntuación total da operación financiable</b>	<b>200</b>

O GALP é o responsable de aplicar o procedemento de selección de proxectos en función dunha serie de principios que definirán como actúa. O seu funcionamento, como entidade colaboradora na xestión de fondos públicos, terá como referencia a normativa existente que regula o funcionamento das administracións públicas. En todo momento respectará tamén os contidos establecidos no seu ámbito estatutario ou normas regulamentarias ou instrucións que emanen por parte da administración competente.

Á hora de abordar o funcionamento ordinario no conxunto de actividades do Grupo, e por tanto na selección dos proxectos, o GALP debe tomar coma referencia os seguintes **principios**:

- A igualdade e non discriminación na asignación dos fondos públicos. Todas as persoas concorrerán nas mesmas condicións ao procedemento, se ben a estratexia pode primar que determinados colectivos sexan prioritarios, o cal se establecerá nos criterios de baremación dos proxectos. Un claro exemplo é o de reforzar a promoción de proxectos por parte de colectivos como o da mocidade, a muller, os colectivos marxinados ou con especiais dificultades de integración social, xa que entre os valores fundamentais do GALP figura o de garantir a cohesión social do territorio. Estes criterios estarán documentados e serán accesibles para potenciais promotores e a cidadanía en xeral.
- A transparencia do gasto público. A definición duns criterios baremables obxectivamente e un procedemento claro e coñecido por todos os potenciais promotores, garantirán unha correcta decisión de que proxectos aprobar ou rexeitar. Tanto a resolución da concesión de axuda a proxectos como a súa denegación serán públicos, co obxectivo de favorecer a súa difusión, se ben respectarán en todo momento a normativa de protección de datos de carácter persoal en todo o relacionado coa información privada das persoas e entidades promotoras. Nos casos de denegación das iniciativas presentadas, indicaranse as causas que motivaron tal decisión. Terase como referencia e realizarase un cumprimento estrito da normativa relacionada en materia de subvencións.
- A publicidade, relacionada co principio anterior, garantirá o coñecemento por todas as persoas e entidades dos procedementos vinculados ao programa de axudas, pero tamén dos vinculados á contratación de persoas, gastos de animación, nos que incorra o grupo. Teranse en conta todas as disposicións regulamentarias nesta materia, que están recollidas no Regulamento 1139/2021 no referente á información e comunicación (artigo 60).
- A eficacia é outro dos principios que o GALP terá presente, co obxectivo último de dar cumprimento aos fins que se formula na estratexia, mediante o cumprimento dos seus obxectivos, dunha maneira sistemática, ordenada e cuantificada.
- A eficiencia do gasto público. Este principio debe terse presente non só no que respecta á aplicación da EDLP (programa de axudas), senón tamén no que respecta aos custos de xestión do programa. Para isto deberán solicitarse diferentes orzamentos, co obxectivo de comparar investimentos no caso de proxectos, ou das posibles actividades de animación que poida realizar o GALP. Teranse coma referencia prezos de mercado, polo cal, de existiren diferenzas notables, poderíase solicitar apoio técnico para facer unha valoración ou unha xustificación motivada do orzamento, sobre todo cando se estea a falar de investimentos dun determinado volume. Enténdese que a eficiencia é a realización dunha acción ao menor custe posible, mantendo os mesmos criterios de calidade do produto ou prestación do servizo.
- Procurar o consenso á hora de tomar decisións. Malia a que estatutariamente se contemple unha regra de maiorías á hora de adoptar decisións, o GALP terá en conta as normas que eviten conflitos, intentando que as decisións se adopten por consenso e non por maioría. Isto afondará na boa gobernanza do GALP e na mellora das relacións entre as entidades que o forman. Tanto a decisión por maioría, como os quórum necesarios para a súa adopción, respectarán o establecido no marco estatutario e regulamentario do grupo.

O **procedemento de selección** dos proxectos que obterán financiamento a través da aplicación da estratexia constará dos seguintes pasos:

1. Convocatoria de ordes de axuda para o financiamento de proxectos. En función dos prazos e forma que se estipulen para a presentación dos proxectos, recolleranse as solicitudes de axuda. Teranse en conta os requirimentos que se establezan na correspondente orde de axudas, sobre todo no que afecta aos requisitos que deben cumprir as entidades ou persoas solicitantes.
2. Recepción de solicitudes. O GALP recibirá as correspondentes solicitudes nos modelos normalizados, as cales incluirán toda a documentación pertinente que se requira en función da natureza do proxecto. A documentación achegada soportará a valoración que se faga en función dos criterios de valoración, que serán previamente definidos. Toda a información que se presente no GALP, será rexistrada correctamente, recollendo nos asentos que se realicen no seu rexistro todos os contidos mínimos que aseguren a transparencia do proceso (número de asento, datas de ingreso/saída, extracto do contido, etc.). A información do proceso será custodiada por un período mínimo de cinco anos, dende a finalización do programa. Unha vez recibidas as solicitudes e visto que compren os requisitos mínimos das mesmas, o equipo técnico realiza a comprobación in situ de que as actuacións para as que solicita a axuda non foron iniciadas emitindo a correspondente “acta de non inicio”.
3. Subsanación de solicitudes. Advertidos erros ou omisións nas solicitudes, poranse en coñecemento da entidade ou persoa promotora, coa finalidade de proceder á súa subsanación, establecendo a tal efecto un prazo determinado. De non responder en prazo, procederase á valoración coa información inicial ou ben ao arquivo da solicitude, entendendo que a promotora desiste do procedemento.
4. Exame e valoración das solicitudes. Unha vez pechado o proceso de recepción de solicitudes, o equipo técnico procederá á súa avaliación, elaborando unha proposta técnica que lle trasladará á Xunta Directiva. Aclarará calquera dúbida sobre a solicitude ou a aplicación dos criterios de valoración. Posteriormente a xunta directiva procederá á súa revisión e emitirá unha proposta provisional, que será publicada na web e no taboleiro de anuncios do GALP, para revisión por parte das persoas interesadas e realización de posibles alegacións.
5. Rematado o prazo de alegacións, a Xunta Directiva emitirá unha proposta definitiva de proxectos obxecto de financiamento, que lle trasladará á Consellería do Mar. Ao mesmo tempo, publicarase de novo no taboleiro de anuncios do GALP a “Proposta de resolución definitiva da Xunta Directiva”, cos proxectos susceptibles de obter subvención por orde de puntuación acadada nos criterios de valoración. Nesta proposta incídese no seu carácter provisional, o cal non crea ningún dereito a favor das persoas ou entidades solicitantes. A proposta elévase á Consellería do Mar da Xunta de Galicia, como órgano competente, por delegación, para a resolución da concesión das axudas para proxectos ao abeiro da Orde de Bases pertinente.
6. A resolución definitiva da concesión de axudas será competencia da Consellería do Mar, a cal comprobará a elixibilidade dos gastos así como que a documentación e a solicitude se axuste ao procedemento de concesión das axudas. A decisión final será comunicada ás persoas promotoras. A resolución desfavorable non imposibilitará que a persoa ou entidade promotora poida reformular a solicitude e volver a concorrer en novas convocatorias de axuda.
7. Aceptación da axuda. A persoa ou entidade promotora, recibirá a comunicación da aprobación da axuda. Esta poderá expresar a aceptación/non aceptación da axuda á Consellería, mediante o escrito que reciba. De non facelo enténdese que aceptaría a axuda. A renuncia ao procedemento implicaría o arquivo da solicitude.
8. Execución do proxecto e xustificación. Unha vez que se acepte a axuda a persoa ou entidade promotora deberá poñer en marcha o proxecto xustificando de maneira dilixente os gastos nos que incorreu ao obxecto de comprobar a súa veracidade.
9. Certificación do GALP. Tanto o equipo técnico do Grupo como o Servizo de Auditoría externa, emitirán as correspondentes certificacións dos gastos acometidos pola entidade ou persoa

promotora, que serán trasladadas á Consellería do Mar, para que as revise e proceda ao pagamento da subvención.

10. Pagamento da subvención. Será competencia da Consellería do Mar, a realización efectiva do pagamento da axuda, na conta bancaria designada a tal efecto por parte da persoa ou entidade promotora.
11. Por último, o GALP realizará controis periódicos dos proxectos financiados, en base a unha selección aleatoria dos mesmos, verificando que cumpre cos requisitos da súa concesión, e todos aqueles termos que se indiquen no seu momento por instrución do órgano competente da Consellería do Mar.

Todas as reunións da Xunta Directiva estarán documentadas coas correspondentes actas, reflectíndose nas mesmas todas as persoas participantes, as decisións ou acordos adoptados e os motivos de conflito de intereses, de existiren.

### 7.2.3.2. Selección de operacións de cooperación

#### Procedemento de selección

A continuación expoñemos o procedemento de selección correspondente aos proxectos de cooperación, que se vertebra nos seguintes pasos:

- 1) Xunta directiva: órgano de goberno que decide que se realice un proxecto de cooperación.
- 2) Xerente: elabora o proxecto, busca socios, completa a documentación necesaria establecida na orde de bases.
- 3) Xunta directiva do grupo coordinador<sup>15</sup>: acorda a presentación do proxecto de cooperación ante a consellería.

Xunta directiva do grupo socio: acorda a presentación do proxecto e designa ao grupo coordinador.

- 4) Consellería: a consellería do mar realizará un control administrativo da solicitude.

O órgano encargado da ordenación e instrución do procedemento será un servizo do OIG, que realizará de oficio, cantas actuacións coide necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

Se a solicitude non reúne todos os requisitos das bases reguladoras efectuará requirimento de emenda, coa indicación de que, se non o fixer, se terá por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución.

O órgano instrutor emitirá informe sobre o cumprimento dos requisitos da convocatoria, incluída a elixibilidade, que trasladará ao comité de selección a través do GALP coordinador.

- 5) Comité de selección:
  - a) Formado polos representantes designados polos 8 GALP (1 persoa/grupo) que non participaron na decisión de elaborar un proxecto, na elaboración do mesmo nin na decisión do grupo de presentar a axuda. Designarase unha persoa titular e una suplente. A súa composición será:

---

<sup>15</sup> O GALP coordinador é o interlocutor coa consellería para proporcionar toda a información requirida, e é designado por acordo dos grupos participantes do proxecto.

- i) Técnicos/as dos grupos (non participaron na elaboración do proxecto) no caso de que formen parte do equipo técnico.
  - ii) Membros cualificados da asemblea que non sexan membros da xunta directiva (non participaron na toma de decisión do acordo de realización e presentación do proxecto).
  - iii) Designaranse suplentes entre os membros da asemblea que non formen parte da xunta directiva.
  - iv) Pódense designar asesores: persoal experto con voz e sen voto.
- b) Designación dun presidente/a e secretario/a entre os membros do comité.
  - c) O comité avalía e aplica os criterios de selección establecidos. Os criterios son únicos e estarán recollidos nas estratexias dos grupos.
  - d) O presidente/a do comité fórmula proposta de resolución ao órgano concedente que indicará de forma individualizada os beneficiarios, os proxectos seleccionados, as accións para as que se propón subvención, así como o importe para cada unha delas.
  - e) Os expedientes que non cumpran coas esixencias das bases ou a normativa de aplicación, de acordo co informe do servizo instrutor da consellería, quedarán a disposición do comité que formulará proposta de resolución desestimatoria ou de inadmisión, segundo o caso.
- 6) Consellería: Aproba os proxectos de cooperación.

### Criterios de selección

- Para a aprobación dos proxectos requirirase unha puntuación mínima de 30 puntos.
- desempate nas puntuacións resolverase segundo os criterios de selección establecidos pola orde correspondente.

Táboa 24. Matriz de valoración dos proxectos de cooperación

CRITERIOS		VALOR MÍNIMO	VALOR MÁXIMO
<b>1.CALIDADE DA PROPOSTA</b>		<b>0</b>	<b>20 PUNTOS</b>
1.1 Abordan necesidades identificadas nas estratexias		0	5 puntos
1.2 Grado de cobertura dos obxectivos estratéxicos	OE 1	0	1 punto
	OE 2	0	1 punto
	OE 3	0	1 punto
	OE 4	0	1 punto
	OE 5	0	1 punto
1.3 Coherencia entre orzamento e as actividades		0	5 puntos
1.4 Capacidade de execución: traxectoria da entidade, experiencia e capacidade da entidade para realizar o proxecto		0	5 puntos
<b>2. NUMERO DE ENTIDADES PARTICIPANTES</b>		<b>0</b>	<b>30 PUNTOS</b>
2.1 Número de GALP participantes de Galicia	8	0	30 puntos
	7	0	20 puntos
	6	0	15 puntos
	5	0	10 puntos
	4	0	5 puntos
	3	0	2 puntos
	2	0	1 punto
2.2. Número de GALP doutras Comunidades Autónomas ou países membros da UE, así como asociacións público-privadas que implementen unha EDLP (galegas, nacionais ou europeas)	3 ou máis	0	15 puntos
	2 a 3	0	7 puntos
	1	0	2 puntos
2.3 Colaboración con outras entidades de interese	3 ou máis	0	10 puntos
	2 a 3	0	5 puntos
	1	0	1 punto
<b>3. IMPACTO DO PROXECTO EN DETERMINADOS COLECTIVOS ESTRATÉXICOS</b>		<b>0</b>	<b>20 PUNTOS</b>
3.1 Proxecto que contribúa á promoción ou desenvolvemento dos colectivos de mulleres, mocidade, inclusión social e diversidade funcional	Mulleres	0	5 puntos
	Mocidade (ata 40 anos)	0	5 puntos
	Inclusión social	0	5 puntos
	Diversidade funcional	0	5 puntos
<b>4. CONTRIBUCIÓN DO PROXECTO AO MARCO ESTRATÉXICO</b>		<b>0</b>	<b>30 PUNTOS</b>
4.1. Transformación dixital		0	6 puntos
4.2 Transformación ecolóxica: transición enerxética		0	6 puntos
4.3 Transformación ecolóxica: adaptación ao cambio climático		0	6 puntos
4.4. Sostibilidade: economía circular		0	6 puntos
4.5 Sostibilidade: diversificación cara sectores da economía azul		0	6 puntos

## 8. Plan financeiro

Tal e como consta no artigo 5 das bases reguladoras, para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo e Grupos de Acción Local do sector Pesqueiro, no seu punto 2, as estratexias deberán garantir que as comunidades situadas en zonas dedicadas á pesca ou á acuicultura marítima aproveiten mellor as oportunidades que ofrece a economía azul sustentable e se beneficien delas en maior medida, capitalizando e reforzando os recursos ambientais, culturais, sociais e humanos, conforme o disposto no artigo 30.2 do Regulamento (UE) 2021/1139.

A estratexia do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Arousa, dedicará un mínimo do 50 % do orzamento do plan financeiro ao apoio de proxectos do sector pesqueiro. Este tipo de proxectos, poderán financiarse baixo o amparo da asignación estipulada a calquera dos obxectivos estratéxicos.

Táboa 25. Plan financeiro da estratexia por anualidades

	2023	2024	2025	2026	Total	%
Funcionamento	277.608,07	277.608,07	277.608,07	277.608,07	1.110.432,30	17,0%
Animación	47.713,89	47.713,89	47.713,89	47.713,89	190.855,55	2,9%
Aplicación da EDLP	1.245.166,71	1.328.500,04	1.328.500,04	1.328.500,04	5.230.666,83	80,1%
Total gasto público	1.570.488,67	1.653.822,00	1.653.822,00	1.653.822,00	6.531.954,68	100,0%

Táboa 26. Plan financeiro da estratexia por obxectivos

Obxectivo	2023	2024	2025	2026	Total	%
1	653.833,35	653.833,35	653.833,35	653.833,35	2.615.333,42	50,0%
2	326.916,68	326.916,68	326.916,68	326.916,68	1.307.666,71	25,0%
3	54.402,17	54.402,17	54.402,17	54.402,17	217.608,68	4,2%
4	155.612,34	155.612,34	155.612,34	155.612,34	622.449,35	11,9%
5	54.402,17	54.402,17	54.402,17	54.402,17	217.608,68	4,2%
6	0,00	83.333,33	83.333,33	83.333,33	250.000,00	4,8%
Total	1.245.166,71	1.328.500,04	1.328.500,04	1.328.500,04	5.230.666,83	100,0%



Táboa 26.1. Plan financeiro da estratexia por obxectivo 1

	2023	2024	2025	2026	Total
Obxectivo estratéxico 1	653.833,35	653.833,35	653.833,35	653.833,35	2.615.333,42
Obxectivo específico 1.1	326.916,68	326.916,68	326.916,68	326.916,68	1.307.666,71
Actuación 1.1.1	98.075,00	98.075,00	98.075,00	98.075,00	392.300,01
Actuación 1.1.2	98.075,00	98.075,00	98.075,00	98.075,00	392.300,01
Actuación 1.1.3	130.766,67	130.766,67	130.766,67	130.766,67	523.066,68
Obxectivo específico 1.2	130.766,67	130.766,67	130.766,67	130.766,67	523.066,68
Actuación 1.2.1	130.766,67	130.766,67	130.766,67	130.766,67	523.066,68
Obxectivo específico 1.3	196.150,01	196.150,01	196.150,01	196.150,01	784.600,02
Actuación 1.3.1	98.075,00	98.075,00	98.075,00	98.075,00	392.300,01
Actuación 1.3.2	98.075,00	98.075,00	98.075,00	98.075,00	392.300,01

Táboa 26.2. Plan financeiro da estratexia por obxectivo 2

	2023	2024	2025	2026	Total
Obxectivo estratéxico 2	326.916,68	326.916,68	326.916,68	326.916,68	1.307.666,71
Obxectivo específico 2.1	81.729,17	81.729,17	81.729,17	81.729,17	326.916,68
Actuación 2.1.1	81.729,17	81.729,17	81.729,17	81.729,17	326.916,68
Obxectivo específico 2.2	245.187,51	245.187,51	245.187,51	245.187,51	980.750,03
Actuación 2.2.1	81.729,17	81.729,17	81.729,17	81.729,17	326.916,68
Actuación 2.2.2	163.458,34	163.458,34	163.458,34	163.458,34	653.833,35

Táboa 26.3. Plan financeiro da estratexia por obxectivo 3

	2023	2024	2025	2026	Total
Obxectivo estratéxico 3	54.402,17	54.402,17	54.402,17	54.402,17	217.608,68
Obxectivo específico 3.1	32.641,30	32.641,30	32.641,30	32.641,30	130.565,21
Actuación 3.1.1	32.641,30	32.641,30	32.641,30	32.641,30	130.565,21
Obxectivo específico 3.2	21.760,87	21.760,87	21.760,87	21.760,87	87.043,47
Actuación 3.2.1	21.760,87	21.760,87	21.760,87	21.760,87	87.043,47

Táboa 26.4. Plan financeiro da estratexia por obxectivo 4

	2023	2024	2025	2026	Total
Obxectivo estratéxico 4	155.612,34	155.612,34	155.612,34	155.612,34	622.449,35
Obxectivo específico 4.1	62.244,94	62.244,94	62.244,94	62.244,94	248.979,74
Actuación 4.1.1	62.244,94	62.244,94	62.244,94	62.244,94	248.979,74
Obxectivo específico 4.2	93.367,40	93.367,40	93.367,40	93.367,40	373.469,61
Actuación 4.2.1	93.367,40	93.367,40	93.367,40	93.367,40	373.469,61

Táboa 26.5. Plan financeiro da estratexia por obxectivo 5

	2023	2024	2025	2026	Total
Obxectivo estratéxico 5	54.402,17	54.402,17	54.402,17	54.402,17	217.608,68
Obxectivo específico 5.1	54.402,17	54.402,17	54.402,17	54.402,17	217.608,68
Actuación 5.1.1	54.402,17	54.402,17	54.402,17	54.402,17	217.608,68

Táboa 26.6. Plan financeiro da estratexia por obxectivo 6

Obxectivo	2023	2024	2025	2026	Total
Obxectivo estratéxico 6	0,00	83.333,33	83.333,33	83.333,33	250.000,00
Obxectivo específico 6.1	0,00	83.333,33	83.333,33	83.333,33	250.000,00
Actuación 6.1.1	0,00	83.333,33	83.333,33	83.333,33	250.000,00

## 9. O grupo de desenvolvemento local do sector pesqueiro (GALP)

### 9.1 A asociación

A Asociación Grupo de Acción Costeira “Ría de Arousa” constitúese no ano 2008, baixo a denominación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Arousa, como asociación sen ánimo de lucro cuxo obxecto social é o de colaborar na gobernanza, participando activamente na construción da capacidade organizativa da zona pesqueira e servindo de núcleo de converxencia e representación das persoas particulares, entidades e axentes socioeconómicos con interese no desenvolvemento integral e equilibrado da zona costeira.

Nos estatutos do GALP Ría de Arousa sinálanse os seguintes obxectivos:

- Elaborar e aplicar estratexias de desenvolvemento local participativo multisectoriais e integradas, que respondan ás necesidades da zona pesqueira.
- Seleccionar operacións no marco da EDLP para as medidas contempladas no Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura.
- Xerar capacidade nos axentes locais para desenvolver e levar á práctica as operacións para a implementación da EDLP, fomentando a súa capacidade para xestionar proxectos.
- Dinamizar o tecido local, incluíndo a creación de emprego, a diversificación da economía e a mellora do benestar social.
- Potenciar a gobernanza local e a animación e innovación social.
- Reforzar o papel das mulleres promovendo medidas que favorezan a igualdade de xénero e a non discriminación.
- Constituír e decidir as medidas amparadas pola EDLP para seleccionar operacións a desenvolver polo sector privado e público, dentro da EDLP.
- Participar nas iniciativas zonais, rexionais, nacionais e internacionais que contribúan a potenciar o desenvolvemento socioeconómico do sector pesqueiro da zona.
- Ser un centro receptor, canalizador e distribuidor da información relativa ao desenvolvemento local e rexional.
- Coñecer e realizar prospeccións das dotacións, recursos e proxectos existentes na zona costeira.
- Sensibilizar (ás Administracións e ás entidades públicas e privadas), para a optimización e aproveitamento dos recursos endóxenos da zona para un desenvolvemento harmónico, equilibrado, sostible e integral.
- Promover a cooperación interrexional e transnacional con outras organizacións creadas ao abeiro do eixe 4 do Fondo Europeo da Pesca.
- Participar e promover actividades que favorezan o desenvolvemento sostible do territorio.

Así mesmo, as actuacións a desenvolver teñen como eixos transversais o impulso da diversificación de actividades económicas; o impulso de actuacións dirixidas á procura do valor engadido para os produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura; o fomento da igualdade de oportunidades entre

mulleres e homes; a promoción de actividades formativas de investigación, prevención e sensibilización; e o fomento de actividades dirixidas á protección do medio natural.

Como entidade democrática, o GALP Ría de Arousa contempla nos seus estatutos unha composición representativa dos sectores relevantes na zona costeira, tendo en conta a participación nos órganos sociais de catro sectores estratéxicos para a cohesión do territorio: o sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola; o sector social (entidades culturais, ecoloxistas, deportivas, recreativas, educativas, de mulleres, mocidade e inclusión social); o sector económico e o sector público.

O GALP Ría de Arousa réxese polo principio de Portas Abertas: calquera entidade local que cumpra os requisitos esixidos nos estatutos ten o dereito de formar parte do GALP Ría de Arousa. A entidade réxese polo sistema de autogoberno e polos principios de representación, de observancia, legalidade e de democracia interna no seu funcionamento. Os órganos de dirección do GALP Ría de Arousa son a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva, a Presidencia e a Vicepresidencia, complementados polos órganos administrativos de secretaría e tesourería.

A existencia do GALP como asociación a prol do desenvolvemento social e económico da zona costeira impulsa, mediante a súa actividade, oportunidades para reforzar a vinculación entre entidades de sectores moi diversos, co medio mariño como nexo de unión. O GALP constitúese, polo tanto, como unha ferramenta que pon en común necesidades, saberes, e formas de facer de persoas e entidades que, a priori, non teñen vinculación, pero comparten o territorio. Mediante este espazo democrático e de gobernanza, as entidades cooperan para construír sociedades máis resilientes, onde o mar é fonte económica e laboral, pero tamén de ocio, de sensibilización social e de benestar.

## 9.2 Relación de entidades socias

Táboa 27. Relación de entidades socias do GALP

Nº	Denominación	NIF	Domicilio social	Representante	Sector	Tipoloxía	Data adhesión GALP	Data constitución	Persoas socias
1	Confraría de pescadores San Martiño do Grove	G36014744	Praza do Corgo, 2 O Grove	Dolores Gondar Meis	Pesqueiro	Confraría de Pescadores	2008	-	509
2	Confraría de pescadores de Carreira – Aguiño	G1502722	Porto, 5 - Ribeira	Jose Antonio Santamaría Sampedro	Pesqueiro	Confraría de Pescadores	15-08-2008	1924	245
3	Cofradía da Illa de Arousa	G36014124	Avda. Castelao, 52 - A Illa de Arousa	Juan José Rial Millán	Pesqueiro	Confraría de Pescadores	24-02-2017	1944	934
4	Confraría de pescadores A Pastoriza de Vilanova de Arousa	G36013597	Praza do parque, 11 Vilanova de Arousa	María José Vales Martínez	Pesqueiro	Confraría de Pescadores	22-08-2008	-	381
5	Confraría de pescadores San Antonio de Cambados	G36012847	Nova, 4 Cambados	Ruperto Costa Fernández	Pesqueiro	Confraría de Pescadores	25-08-2008	1917	530
6	Confraría de pescadores Virxe do Carmen de Rianxo	G15032642	Peirao, s/n - Rianxo	Miguel Ángel Iglesias Romero	Pesqueiro	Confraría de Pescadores	14-08-2008	-	735
7	Confraría de pescadores San Pedro de Ribeira	G15033087	Avda. Malecón, 22 - Ribeira	Jose Antonio Pérez Sieira	Pesqueiro	Confraría de Pescadores	01-07-2008	-	450
8	Confraría de pescadores Virxe do Rosario de Vilaxoán	G36012854	Rafael Pazos, 16 Vilaxoán	Joaquín Santos Pérez	Pesqueiro	Confraría de Pescadores	22-01-2015	-	125
9	Confraría de pescadores Santiago Apostol de Carril	G36012813	Rúa Aduana, 23 - Carril	Jose Luis Villanueva Vicente	Pesqueiro	Confraría de Pescadores	22-08-2008	11-05-1947	468
10	Confraría de pescadores Cabo de Cruz	G15043953	Porto s/n - Boiro	José Manuel Pérez Cebreiro	Pesqueiro	Confraría de Pescadores	15-05-2015	-	356
11	Confraría de pescadores da Pobra do Caramiñal	G15037401	Porto Comercial s/n A Pobra do Caramiñal	Enrique Manuel Maceiras Fernández	Pesqueiro	Confraría de Pescadores	07-05-2015	28-09-1924	190
12	Consello Regulador da Denominación de Orixe do Mexillón de Galicia	Q8655621D	Av. da Mariña s/n Vilagarcía de Arousa	Mª de los Ángeles Longa Portabales	Pesqueiro	Asociación	29-12-2015	1994	-
13	Asociación de produtores mejilloneros Ría de Arousa	35440604L	Avda. das Sinas, 104 Vilanova de Arousa	Wenceslao Suárez Ferro	Pesqueiro	Asociación de produtores	2008	10-02-1981	25
14	Asociación mexilloeira Rianxeira	G15071780	Muelle s/n - Rianxo	Jesús Méndez Graña	Pesqueiro	Asociación	15-05-2015	11-06-1983	70
15	Asociación de produtores mejilloneros "Ría de Barraña" (Amebarraña)	G15057086	Rúa Corbiño, 80 - Boiro	Vicente Deira Lustres	Pesqueiro	Asociación	21-08-2008	25-10-1997	120
16	Asociación de produtores mexilloeiros de Rianxo	G15072309	Paseo do porto s/n Rianxo	Román Fungueiro Castro	Pesqueiro	Asociación	28-08-2008	04-03-1983	175

Nº	Denominación	NIF	Domicilio social	Representante	Sector	Tipoloxía	Data adhesión GALP	Data constitución	Persoas oías
17	Asociación rañeir@s Illa de Arousa	G70569256	Lugar Porto de Rianxo, s/n - Rianxo	Juan José Rial Millán	Pesqueiro	Asociación	10-08-2020	03-08-2018	1342
18	Concello do Grove	P3602200B	Praza do Corgo s/n O Grove	Jose Antonio Cacabelos Rico	Público	Concello	19-08-2008	NP	NP
19	Concello da Pobra do Caramiñal	P1506800J	Rúa Gasset, 28 A Pobra do Caramiñal	Jose Luis Piñeiro García	Público	Concello	20-08-2008	NP	NP
20	Concello de Ribeira	P1507400H	Praza do concello s/n Ribeira	Manuel Ruiz Rivas	Público	Concello	13-08-2008	NP	NP
21	Concello de Vilanova de Arousa	P3606100J	Rúa González Besada, s/n - Vilanova de Arousa	Gonzalo Durán Hermida	Público	Concello	19-08-2008	NP	NP
22	Concello de Cambados	P3600600E	Praza do Concello, 1 Cambados	Samuel Lago Ozon	Público	Concello	20-08-2008	NP	NP
23	Concello de Boiro	P1501100J	Praza de Galicia s/n Boiro	Jose Ramón Romero García	Público	Concello	22-08-2008	NP	NP
24	Concello de Rianxo	P1507300J	Praza Castelao Rianxo	Adolfo Francisco Muíños Sánchez	Público	Concello	22-08-2008	NP	NP
25	Concello de Vilagarcía de Arousa	P3606000B	Praza Ravella, 1 Vilagarcía de Arousa	Alberto Varela Paz	Público	Concello	2008	NP	NP
26	Concello da Illa de Arousa	P8600004I	Palmeira, 25 A Illa de Arousa	Carlos Iglesias Cores	Público	Concello	-	NP	NP
27	Concello de Catoira	P3601000G	Rúa do Concello, 1 Catoira	Alberto García García	Público	Concello	-	NP	NP
28	Empresarios grovenses de bens e servizos (EMGROBES)	G36032498	Luis Casais, 1 O Grove	José Besada Garrido	Económico	Asociación	11-08-2008	11-03-1985	140
29	Asociación galega de carpintería de Ribeira (AGALCARI)	G70115340	Plaza de Galicia, s/n - Boiro	Gerardo Triñanes Domínguez	Económico	Asociación	18-08-2008	28-04-2007	16
30	Comunidade de Montes San Miguel de Catoira	V36054773	Estación, 11 – Catoira	Luis M. Rey Lajos	Social	Asociación	19-04-2018	1979	ND
31	Asociación de Mulleres do Mar de Arousa – Mulleres Salgadas*	G70518972	Praza do Parque, 11 - Vilanova de Arousa	Dolores Gómez Ordóñez	Social	Asociación	-	2016	1600
32	Asociación cultural mulleres do mar de Cambados (GUIMATUR)*	G36468882	Praza do Concello s/n - Cambados	Mª Josefa Cacabelos Domínguez	Social	Asociación	2008	2004	12
33	Amarcarril*	G94157708	Avda Rosalía de Castro 198, Carril	Rita Vidal Mouriño	Social	Asociación	06-09-2019	20/04/2017	5
34	Asociación de mulleres rurais San Miguel das uvas de Andrés*	G36575082	O Cruceiro s/n - Vilanova de Arousa	Mª Carmen Ferreira Rosende	Social	Asociación	19-08-2008	02-08-2007	60
35	Asociación cultural Vellas Glorias	-	Rúa Barca, 8 - Vilanova de Arousa	Dolores Portas García	Social	Asociación	22-08-2008	20-06-2008	ND

Nº	Denominación	NIF	Domicilio social	Representante	Sector	Tipoloxía	Data adhesión GALP	Data constitución	Persoas oías
36	Asociación cultural e de vela tradicional de Cambados	G94151446	Porto de Tragobe, 57 - Cambados	Iago Otero Abella	Social	Asociación	29-09-2017	21-04-2016	30
37	Asociación cultural e veciñal "O sequeño"	G70117585	Rúa Escarís, 3 - Boiro	Guillermo Miguéns Ríos	Social	Asociación	18-08-2008	29-04-2007	350
38	Asociación cultural e de tradicións mariñeiras Gamela	G15819998	Peirao - Cabo de Cruz	Antonio Saborido López	Social	Asociación	21-08-2008	06-11-2001	22
39	Club de remo de Rianxo*	G15087208	Paseo do Muelle, 1 - Rianxo	Joaquín Iglesias Sánchez	Social	Asociación	18-08-2008	21-01-1982	105
40	Club de piragüismo de Cambados	G36217701	Escalinata Santo Tomé s/n - Cambados	Paula Pérez Domínguez	Social	Asociación	22-08-2008	01-01-1980	90
41	Asociación Amas de casa, consumidores e usuarios	G15049034	Rúa do Monumento, 5 - Ribeira	Magdalena Bringas Miralles	Social	Asociación	22-08-2008	ND	1600
42	Asociación AMBAR*	G15052434	Castelao, 5 A Pobra do Caramiñal	María Milagros Rey Pérez	Social	Asociación	20-08-2008	06-09-1980	1130
43	AMBAR acción social S.L.U.*	B70218276	San Roque Frións, s/n - Ribeira	Jose Antonio Chouza Romero	Social	Asociación	18-08-2008	20-07-2009	ND
44	Asociación cultural "O Castro"	G36116879	Rúa Caballo s/n - Vilanova de Arousa	José Sabarís Casal	Social	Asociación	20-08-2008	1989	1587
45	Asociación cultural de familias rurais "Vista Real"	G36480739	Casa da Cultura de Corón - Vilanova de Arousa	Serafín Oubiña Diz	Social	Asociación	22-08-2008	ND	ND
46	Asociación cultural Real e Ilustre Confraría da Dorna	G15315682	Apdo Correos 16, Santa Uxía de Ribeira	Narciso Fernández Santos	Social	Asociación	26-04-2016	ND	720
47	Asociación AMICOS*	G15747678	Lugar Comoxo, 2 Boiro	Xoan España Vidal	Social	Asociación	02-06-2016	11-05-2010	ND
48	Asociación BATA*	G36105567	Moreira – A Laxe, 16 Vilagarcía de Arousa	Mario Trigo Hombre	Social	Asociación	31-05-2016	09-02-1989	ND
49	Asociación cultural Ría de Arousa	G70146832	Areiros 132B - Ribeira	Mª Dolores Fernández Guillán	Social	Asociación	20-08-2008	24-11-2006	30
50	Arroz club de buceo	-	Praza Ravella, 26 Vilagarcía de Arousa	Jose Manuel Fernández Gómez	Social	Asociación	20-05-2016	31/07/2002	20
51	Asociación Amas de casa de Camariñas*	G70121231	Rúa Fernando Varela, 87 - A Pobra do Caramiñal	Mª Carmen Lijo Fernández	Social	Asociación	22-08-2008	13-01-1977	1050
52	Asociación Con eles*	G36296739	Rúa Sobreira, 24 - Vilagarcía	Ignacio Rey Rañó	Social	Asociación	01-09-2008	30-09-1997	ND
53	Asociación Cultural e deportiva Dorna	G36031292	Pza do Regueiro, s/n Illa de Arousa	Daniel García Núñez	Social	Asociación	04/12-2017	1979	500
54	Club de Piragüismo de Rainxo	G15692270	Porto s/n, Rianxo	Francisco Celestino Rodríguez Romero	Social	Asociación	21/09/2020	10-04-1999	90

Identifícase cun asterisco aquelas entidades que teñen como fin a promoción dos intereses de mulleres, das persoas mozas e/ou das persoas con discapacidade

## 9.3 Representación da entidade: órganos sociais

Táboa 28. Composición actual da xunta directiva

Nº	Persoa representante	NIF	Cargo	Sector	Entidade á que representa
1	María José Vales Martínez	76416626-T	Presidencia	Pesqueiro	Confraría de pescadores de Vilanova de Arousa
2	Fátima Abal Roma	35473508X	Vicepresidencia	Público	Concello de Cambados
3	María de los Ángeles Longa Portabales	36083326Y	Secretaría	Pesqueiro	Consello Regulador do Mexillón de Galicia
4	José Luis Piñeiro García	52457968M	Tesourería	Público	Concello da Pobra do Caramiñal
5	Miguel Ángel Iglesias Romero	52932262Q	Vogalía	Pesqueiro	Confraría de pescadores de Rianxo
6	Juan José Rial Millán	35450623X	Vogalía	Pesqueiro	Confraría de pescadores da Illa de Arousa
7	Enrique Manuel Maceiras Fernández	52456907W	Vogalía	Pesqueiro	Confraría de pescadores da Pobra do Caramiñal
8	Jose Manuel Pérez Cebreiro	52933959B	Vogalía	Pesqueiro	Confraría de pescadores de Cabo de Cruz
9	José Ramón Romero García	33285513M	Vogalía	Público	Concello de Boiro
10	Ramón Collazo Mosquera	32756119W	Vogalía	Económico	Asociación galega de carpintería de Ribeira
11	José Besada Garrido	35411270X	Vogalía	Económico	Empresarios grovenses de bens e servizos
12	Adolfo Muñíos Sánchez	33264742A	Vogalía	Público	Concello de Rianxo
13	Milagros Rey Pérez	33243142T	Vogalía	Social	Asociación AMBAR
14	Mario Trigo Hombre	35466993G	Vogalía	Social	Asociación BATA
15	Carlos Iglesias Cores	35464565Z	Vogalía	Público	Concello da Illa de Arousa
16	José Antonio Santamaría Sampedro	52455400J	Vogalía	Pesqueiro	Confraría de pescadores de Carreira - Aguiño



Táboa 29. Representación por xénero nos órganos sociais.

	Asemblea			Xunta Directiva		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Sector pesqueiro	14	3	17	5	2	7
Sector público	10	0	10	4	1	5
Sector económico	2	0	2	2	0	2
Sector social	15	10	25	1	1	2
Total entidades	41	13	54	12	4	16

Táboa 30. Representación por sectores nos órganos sociais.

	Asemblea		Xunta Directiva	
	Número	% dereitos voto	Número	% dereitos voto
Sector pesqueiro	17	31,48%	7	43,75%
Sector público	10	18,51%	5	31,25%
Sector económico	2	3,71%	2	12,5%
Sector social	25	46,29%	2	12,5%
Total entidades	54	100%	16	100%

A composición das entidades que forman o Grupo de Acción Local do sector pesqueiro Ría de Arousa é representativa dos principais sectores da zona costeira, caracterizada por unha gran concentración de actividade acuícola, un volume alto de pesca con artes menores, e unha potente industria de transformación.

En canto á actividade acuícola, este territorio é o máis produtivo a nivel europeo en miticultura, cunha tradición bateira que comeza a mediados do século pasado, e que actualmente é un sector produtivo que conta con 2.139 bateas e 18 polígonos na Ría de Arousa. Entre as entidades que forman o GALP atópanse asociacións produtoras e entidades que aglutinan as necesidades do sector e avogan pola calidade no cultivo, elaboración, transformación e distribución do mexillón.

En relación á actividade pesqueira, a Ría de Arousa é o territorio con maior concentración de infraestrutura portuaria, sendo o volume de facturación e capturas do porto de Ribeira un dos máis relevantes a nivel galego. A actividade pesqueira está representada mediante a participación no GALP de todas as confrarías de pescadores, agás a de Palmeira, que participan tanto a nivel asembleario como na Xunta Directiva. Así mesmo, a zona do Salnés é un expoñente en canto a produción marisqueira, e o GALP conta coa participación das confrarías e asociacións de marisqueo a flote.

O GALP Ría de Arousa caracterízase pola participación activa das mulleres do mar. Este territorio conta cunha masa social ampla de mulleres que se asocian para fomentar a igualdade no sector pesqueiro. A través de distintas entidades plurais, que engloban distintos perfís profesionais, as mulleres do mar

reivindican melloras na situación laboral e na súa representación en postos de decisión, dan a coñecer a súa actividade profesional, e achegan o mar a persoas con diversas capacidades. Estas necesidades reflíctense na composición da Asemblea, onde as mulleres representan a 13 entidades (mentres que os homes a 40). É salientable que o sector público e o económico non contan con representantes mulleres no GALP, e o sector pesqueiro é representado con 3 mulleres (do total de 17 entidades). O sector que amosa máis paridade é o social (10 mulleres e 14 homes). Esta situación intenta paliarse na composición da Xunta Directiva, onde os cargos de maior visibilidade son ostentados por mulleres.

Así mesmo, os concellos son unha peza fundamental da composición do Grupo de Acción Local do sector pesqueiro Ría de Arousa. A alianza do GALP coas entidades municipais é clave para o desenvolvemento de accións patrimoniais e sociais, e a súa implicación facilita estender a presenza do GALP a todos os territorios, dende Ribeira ata O Grove.

As entidades de inclusión social son moi activas na zona da Ría de Arousa. As persoas con capacidades diversas están representadas no GALP a través de tres entidades, situadas en Arousa Norte e Arousa Sur. A través da súa actividade cotiá e de proxectos de inclusión, vinculan ás persoas usuarias co mundo do mar e promoven o coidado medio ambiental e a economía circular. O mar convértese así nun medio de cohesión da zona costeira que achega oportunidades a todas as persoas.

O mar tamén é cultura, e nos órganos sociais do GALP Ría de Arousa participan entidades que, ademais dunha actividade económica, preservan e difunden a identidade mariñeira da zona. No GALP Ría de Arousa están representadas entidades que difunden a carpintería de ribeira e os saberes vinculados ás embarcacións tradicionais, dan a coñecer oficios como o marisqueo ou a elaboración de redes de pesca, e promoven a tradición cultural mariñeira.

Un dos retos recollidos na EDLP ten que ver co relevo xeracional no sector pesqueiro. Na zona costeira existen entidades que achegan o mar á xente nova de forma lúdica, vinculando a mocidade á cultura mariñeira. O GALP Ría de Arousa conta con varias entidades culturais e deportivas que, a través de actividades de ocio (vela, remo, piragüismo, mergullo, etc), mostran as oportunidades que o mar ofrece á mocidade.

Os órganos sociais do GALP Ría de Arousa son un tecido dinámico e vivo, susceptible de ser ampliado e actualizado no novo período. Sería interesante ampliar a vinculación de entidades de nova creación en relación á igualdade de xénero (Féminas en acción, Asociación Mar da Pobra), á inclusión social e á mocidade (Escola náutico pesqueira, Asociación Arousa Moza). Así mesmo, reforzarse o vínculo con entidades a prol do coidado medio ambiental e de investigación.

## 9.4 Capacidade do grupo.

### 9.4.1 Experiencia do GALP na xestión.

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP), nace no 2008 como entidade colaboradora na execución da programación de fondos comunitarios 2007-2013, do Fondo Europeo de Pesca. No ano 2015 o GALP Ría de Arousa é seleccionado como candidato, por resolución da Consellería do Mar,

elaborando a EDLP para o período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020. No ano 2016, o GALP asina o Convenio de colaboración coa a Consellería do Mar para a aplicación da estratexia, no marco do desenvolvemento sostible das zonas de pesca do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, converténdose en entidade colaboradora na xestión.

Na acta fundacional do GALP no ano 2008 reflíctense 64 entidades, das que 14 pertencían ao ámbito pesqueiro. Actualmente o GALP conta con 53 entidades, sendo o sector pesqueiro o que presenta un incremento na vinculación ao Grupo, mentres que o sector público mantense estable, e o económico e social tenden a reducirse en número. A participación de todas as entidades foi clave para a difusión dos fondos no territorio e para o fortalecemento do tecido social e económico da zona.

Ao longo dos distintos períodos, o Grupo dinamizou a súa actividade e xestionou o programa de axudas (dende a solicitude de proxectos ata a xustificación, incluíndo o posterior control durante o tempo establecido na normativa). A este respecto, a capacitación do persoal que integra o Grupo foi fundamental para a boa marcha da xestión. Con respecto ao acompañamento aos proxectos, o GALP Ría de Arousa caracterízase por anticiparse á solicitude administrativa das axudas, participando na maduración do proxecto mediante un asesoramento pormenorizado. Este acompañamento realizouse ao longo dos períodos, a través de xornadas presenciais e virtuais para solventar as dúbidas das persoas promotoras, complementadas con reunións personalizadas para tratar temas concretos do proxecto.

A dinamización do GALP empregou temáticas transversais da EDLP, como a promoción da igualdade, cuxa programación desenvolveuse anualmente. Así mesmo, ao longo do período leváronse a cabo visitas de estudo e intercambios de experiencias entre territorios. A realización de xornadas centrouse na Economía Azul e na Economía Circular, aportando ao territorio novas ideas que poidan funcionar de impulso de novos proxectos no período FEMPA. O GALP tamén realizou proxectos de colaboración con outros GALP galegos para a valorización dos recursos, a igualdade, o patrimonio e o relevo xeracional, do que foi representante.

No que respecta a datos cuantitativos, no período FEP tramitáronse 133 proxectos, dos que se executaron 54. O grao de execución deste período foi alto, chegando ao 90%.

O orzamento total para o período FEMP 2014-2020 dobrouse con respecto ao período anterior, ascendo aos 7.451.258,55€, do que se executou un 85,7% (este dato pertence á execución auditada do programa de axudas e dos gastos de xestión, con data 31 de decembro de 2021, excluíndo a execución de orzamento do ano en curso). O orzamento dispoñible para o programa de axudas foi de 5.588.443,91€, que acadou un grao de execución do 93,7% (coa convocatoria do 2022, completou o 100%). Estas iniciativas crearon 90,55 empregos, e tiveron unha repercusión no territorio da Ría de Arousa de arredor dos 17 millóns de euros. Así mesmo, é interesante salientar a tramitación de 305 proxectos (dos que se executaron 108), o que dá conta do interese que xeran estes fondos. Na última anualidade do período rexistrouse un número importante de iniciativas que non se puideron financiar por non ter crédito suficiente.

A este respecto, valórase positivamente a pertinencia da EDLP anterior, xa que acadou unha execución alta e equilibrada nos obxectivos propostos. A andadura do GALP Ría de Arousa dá conta da relevancia deste modelo de xestión participada, onde a gobernanza do sector pesqueiro ten unha importante transcendencia e relevancia. A xestión do GALP Ría de Arousa reforzou a cohesión territorial da zona, e se afianzou como ferramenta que promove o dinamismo socioeconómico desta zona costeira.

#### 9.4.2 Recursos do GALP para a xestión do programa

O GALP Ría de Arousa ten a súa sede no recinto Fexdega, en Vilagarcía de Arousa. Este espazo é público e compartido, facilmente accesible á poboación. Sitúase no centro da cidade, ten dispoñibilidade de prazas de aparcamento e caracterízase pola proximidade de servizos públicos de transporte, o que supón un beneficio para o seu uso como sede. Así mesmo, o espazo é accesible a persoas con

diversidade funcional. Por contra, ao seren un espazo compartido, resulta menos visible ao público xeral.

Os espazos de traballo cos que conta o GALP Ría de Arousa son tres despachos. A sala empregada pola xerencia ten a posibilidade de acoller reunións de entre 10 e 12 persoas. Así mesmo, o recinto Fexdega conta con unha sala polivalente cun aforo maior, e unha zona común, que permite realizar actividades como Asembleas ou pequenos grupos de traballo, previa solicitude e reserva do espazo.


Para a xestión ordinaria do grupo, o GALP Ría de Arousa conta cos seguintes equipamentos e materiais inventariados:

**Táboa 31. Equipamentos para a xestión do Grupo**

Espazo	Equipamento informático	Mobiliario oficina	Equipamento oficina
Despacho xerencia	Ordenador sobremesa, monitor, teclado, rato	Cadeira oficina Mesa despacho Caixoneira Arquivador auxiliar con portas Mesa reunións redonda Mesas abatibles (2) con rodas Cadeiras confidente (7) Percheiro e paragüeiro	Radiador DeLonghi Calefactor FM
Despacho administración	Ordenador sobremesa, monitor, teclado, rato (2018) Ordenador portátil Lenovo (en desuso)	Cadeira oficina con rodas Cadeiras confidente (2) Mesa de despacho Caixoneira Estantería con portas Estantería aberta Percheiro e paragüeiro	Radiador DeLonghi Calefactor FM
Despacho auxiliar	Ordenador sobremesa, monitor, teclado, rato (2022)	Cadeiras oficina (2) Cadeira confidente Mesa de despacho Caixoneira Estanterías con portas (4) Estanterías abertas (3) Percheiro e paragüeiro Escaleira	Radiador DeLonghi
Espazos comúns		2 cadeiras confidente	

Os recursos do GALP Ría de Arousa complétanse co seu equipo de xestión. A extensión do territorio, o volume de poboación, e o dinamismo do sector pesqueiro que caracteriza a esta zona costeira xera unha alta participación nas actividades xestionadas polo GALP Ría de Arousa. Ademais, o éxito do programa de axudas, reflectido na cantidade de proxectos presentados, supón unha alta carga de traballo, que xustifica a necesidade de contar cun equipo de tres persoas.

#### Imaxe 5. Organigrama do GALP Ría de Arousa



Os recursos humanos cos que conta o GALP consta dun equipo composto por tres mulleres, con funcións e responsabilidades diferentes.

Táboa 32. Composición do cadro de persoal do GALP. Ano 2021

Posto da persoa	Nome e apelidos	Xornada laboral
Xerencia	Rosa Carballo Martínez	Completa
Auxiliar administrativa	Beatriz Bouzada Gómez	Completa
Administrativa	Ana Isabel Rodríguez Giráldez	Completa

Táboa 33. Funcións dos postos de traballo

Posto	Funcións
Xerencia	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirixir e coordinar ao equipo técnico</li> <li>• Dinamizar e xestionar os expedientes de subvencións</li> <li>• Asesorar sobre necesidades de financiamento de proxectos enmarcados no FEMPA</li> <li>• Informar e prestar asesoramento ás persoas e entidades promotoras</li> <li>• Captar e analizar iniciativas de desenvolvemento local susceptibles de percibir fondos</li> <li>• Dinamizar colectivos para a posta en marcha de proxectos conxuntos</li> <li>• Responsabilizarse da consecución dos obxectivos marcados pola EDLP</li> <li>• Realizar o seguimento e a avaliación da EDLP</li> </ul>
Administración	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizar a xestión administrativa e contable, baixo supervisión</li> <li>• Atención telefónica, entrega e recepción postal da entidade e xestión documental</li> <li>• Control dos rexistros de entrada e saída de documentación que afecte aos asuntos vinculados á execución do programa, así como a atención dos aprovisionamentos necesarios na sede do GALP</li> </ul>

Posto	Funcións
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Apoio á xerencia e á área técnica na tramitación dos expedientes, tanto na fase de solicitude como na fase de xustificación</li> <li>• Utilización da aplicación informática do programa de xestión do fondo</li> <li>• Xestión e actualización diaria das páxinas web e das redes sociais do GALP</li> <li>• Acudir ás reunións de traballo e aos cursos de formación</li> <li>• Calquera outra función de apoio solicitada pola xerencia ou área técnica</li> </ul>

### Procedemento para a contratación de persoal

O procedemento para a contratación do persoal do equipo técnico está baseado nos principios de publicidade, transparencia, libre concorrencia, capacidade, experiencia e non discriminación. O GALP terá como referencia para a contratación de persoal as cláusulas establecidas no Convenio de Colaboración entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e o Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro. Establécese o seguinte:


- O GALP deberá dotarse de persoal para a realización das funcións que ten encomendadas como entidade colaboradora, e deberá ter como mínimo unha persoa encargada da xerencia.
- A selección do persoal do GALP deberá cumprir os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria e cumprir os seguintes requisitos:
  - Publicación dun anuncio da oferta de emprego no diario de maior tirada na zona pesqueira ou no territorio, nos taboleiros de anuncios dos concellos que formen parte do GALP, no taboleiro de anuncios da sede e na páxina web que estableza a Consellería do Mar, para o cal enviará unha comunicación do anuncio á mesma.
  - Apertura dun prazo de quince días hábiles para a presentación de solicitudes.
  - Realización dun procedemento de selección mediante unhas bases de contratación que cumpran os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.
  - Comunicación á Consellería do Mar do resultado do proceso de selección.
- Os postos de traballo que estableza o GALP, respectarán as retribucións fixadas no Convenio citado anteriormente.
- No caso de dedicacións parciais, as retribucións establecidas no Convenio serán reducidas proporcionalmente.
- O réxime de contratación do persoal do GALP será laboral, e polo tanto seranlle de aplicación as fontes do ordenamento laboral que establece o Estatuto dos Traballadores.
- O Convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que participen no seu desenvolvemento e a Consellería, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou efectos que acontezan no desenvolvemento da mesma.
- O persoal do GALP fará unha declaración na que conste que non están incursas nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma Galega, así como no caso de que cambien as circunstancias que podan afectar á compatibilidade.
- De ter persoal contratado, o GALP non terá que iniciar un novo proceso de selección de persoal.

Ademais do equipo técnico contarase coa colaboración dos órganos sociais, e poderanse externalizar algunhas das actividades a través do modelo de asistencias técnicas. A contratación deste tipo de servizos seguirá o marco normativo establecido para a contratación por parte das Administracións Públicas, seguindo estes principios: libre concorrència, publicidade, transparencia, non discriminación e igualdade.

## 9.5 Procedementos de traballo e toma de decisións

Nos estatutos da entidade, concretamente no artigo 11, recóllese que a entidade rexerese polo sistema de autogoberno e polos principios de representación, de observancia, legalidade e de democracia no seu funcionamento interno, respectando os principios que se establecen na Constitución Española e no ordenamento xurídico, máis concretamente no que se establece na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Imaxe 6. Estrutura orgánica do GALP Ría de Arousa



Os dous órganos de dirección máis importantes son a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, sendo a Presidencia e Vicepresidencia delegacións destes dous órganos para realizar labores de representación.

Táboa 34. Asemblea xeral

Asemblea Xeral	
Composición	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Unha persoa en representación de cada unha das entidades socias. En total hai 54 persoas socias: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ 17 sector pesqueiro, marisqueiro e/ou acuícola.</li> <li>○ 25 sector social.</li> <li>○ 10 sector público.</li> <li>○ 2 sector económico.</li> </ul> </li> </ul>
Funcións	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecer e aprobar conta xeral de ingresos e gastos e o orzamento anual.</li> <li>• Nomeamento das persoas integrantes da Xunta Directiva.</li> </ul>

Asemblea Xeral	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Censurar a xestión da Xunta Directiva e dos outros órganos.</li> <li>• Acordar a contía das cotas de ingreso e periódicas e a súa forma de pago.</li> <li>• Disposición ou alleamento dos bens do GALP.</li> <li>• Solicitude de declaración de utilidade pública.</li> <li>• Constitución dunha federación ou integración nela.</li> <li>• Modificación de estatutos.</li> <li>• Disolución do GALP.</li> <li>• Admisión de novas entidades ou persoas socias.</li> </ul>
Sistema de voto	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cada persoa representante das entidades ten un voto. A presidencia terá voto de calidade en caso de empate.</li> </ul>
Adopción de acordos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Maioría simple de votos, agás nos casos de nomeamento das persoas da Xunta Directiva, solicitude de declaración de utilidade pública, disolución do GALP e admisión de persoas socias, onde se require o voto de dous terzos da Asemblea.</li> </ul>
Reunións	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sesións ordinarias e extraordinarias. A sesión ordinaria convócase unha vez ao ano, dentro dos seis primeiros meses. As sesións extraordinarias poden ser convocadas por acordo da Xunta Directiva ou por petición dun 10% das entidades socias.</li> </ul>

Táboa 35. Xunta directiva

Xunta Directiva	
Composición	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Forman parte o Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a, e vogais coa seguinte representación: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ 7 representantes do sector pesqueiro, marisqueiro e/ou acuícola.</li> <li>○ 4 representantes das Administracións públicas locais.</li> <li>○ 2 representante do sector social.</li> <li>○ 2 representante do sector económico.</li> </ul> </li> </ul>
Funcións	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Resolver as cuestións que lle propoñan a Asemblea Xeral ou calquera persoa socia.</li> <li>• Realizar a administración conforme á normativa da asociación.</li> <li>• Nomeamento das persoas administradoras e representantes.</li> <li>• Propor dimisións, baixas ou suspensións no caso de alteración dos Estatutos.</li> <li>• Expulsión de persoas asociadas.</li> <li>• Velar polo cumprimento das normas estatutarias e regulamentarias.</li> <li>• Resolver dúbidas sobre a interpretación das normas.</li> <li>• Aprobar normas regulamentarias.</li> <li>• Presentar o informe económico financeiro anual, a conta xeral de ingresos e gastos, e o orzamento anual de gastos.</li> </ul>



Xunta Directiva	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estudo, planificación e control das actividades económicas e financeiras.</li> <li>• Organizar e coordinar os traballos e responsabilidades dentro da asociación.</li> <li>• Planificar as actividades a desenvolver na organización.</li> <li>• Coñecer e aprobar, se procede, a memoria de actividades sociais realizadas.</li> <li>• Adoptar e executar accións de goberno e administración.</li> <li>• Xestión de subvencións para a realización de proxectos no marco do FEMP.</li> <li>• Avaliación e elevación de propostas de resolución dos proxectos presentados.</li> <li>• Contratación de persoal.</li> <li>• Asesoramento á Presidencia.</li> <li>• Desenvolver cantas funcións non esten atribuídas a outros órganos sociais.</li> </ul>
Sistema de voto	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Un voto por vogal.</li> </ul>
Adopción de acordos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Maioría simple de votos de persoas asistentes á reunión. Respectaranse os límites establecidos no regulamento en relación á adopción de acordos (Regulamento 2021/1060 de disposicións comúns dos fondos. Art. 31.2.b).</li> </ul>
Reunións	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sesións ordinarias e extraordinarias. As sesións ordinarias convócanse dúas veces ao ano. As sesións extraordinarias poden ser convocadas pola Presidencia, ou solicitadas de maneira razonada por un membro da Xunta Directiva.</li> </ul>

A presidencia é exercida por unha persoa elixida entre os representantes do sector pesqueiro, marisqueiro ou acuícola da Asemblea Xeral. Será escollido mediante unha maioría de dous terzos. Entre as súas funcións está a de exercer a representación legal da entidade.

A vicepresidencia é elixida de entre os representantes dos sectores social, económico e público da Asemblea Xeral. Substitúe á presidencia no caso de ausencia, enfermidade ou vacante, e é elixida cunha maioría de dous terzos das persoas representantes na Asemblea.

Os órganos de xestión, Secretaría e Tesourería, son elixidos polas persoas que conforman a Asemblea Xeral. O primeiro ten como función principal levar a xestión dos libros da entidade, mentres que o segundo leva o control legal dos ingresos e gastos da entidade.

### Xestión de entidades e persoas sociais

Poden ser socias todas aquelas entidades asociativas e de representación de intereses colectivos, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, administracións locais e entidades públicas dependentes destas, que desenvolvan a súa actividade dentro do ámbito territorial dos concellos que configuran a zona da Ría de Arousa, quedando excluída expresamente a participación de persoas físicas ou xurídicas individuais con ánimo de lucro.

O GALP debe de estar constituído por entidades representativas dos seguintes sectores:

- Sector pesqueiro.
- Sector social.
- Sector económico.
- Sector público.

Os criterios de representatividade serán avaliados pola Xunta Directiva, co fin de evitar a participación de entidades que non sexan representativas do territorio ben porque non teñan verdadeira

implantación na zona ou porque non desenvolvan unha actividade permanente. Deste criterio estarían excluídas as entidades do sector público.

Entre os dereitos das persoas asociadas cómpre sinalar os seguintes segundo os estatutos:

- Participar con voz e voto na Asemblea Xeral.
- Elixir e ser elixidas para formar parte da Xunta Directiva ou das comisións ou comités que se poidan crear.
- Aprobar, se procede, en Asemblea o balance do exercicio e o orzamento anual.
- Solicitar información sobre aspectos da marcha do GALP ou de aspectos que poidan ser de interese para esta.

Son obrigacións das persoas socias:

- Ocupar os cargos para as que resulten elixidas e desempeñar fielmente as súas obrigacións.
- Desembolsar as cotas que se acorden.
- Participar e realizar cantas tarefas lle sexan encomendadas pola Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou outros espazos creados ad hoc.
- Cumprir os deberes que sexan establecidos a nivel estatutario ou regulamentario, e os acordos aos que se chegue na asociación.

A perda de condición de persoa socia pode derivar dos seguintes factores:

- Por decisión voluntaria da persoa asociada.
- Por sanción imposta pola Xunta Directiva, por incumprimento das obrigacións inherentes á condición de persoa socia.
- Por perda de representatividade ou dos requisitos necesarios para ser socio/a.
- Polo impago de cotas que se acorden en Asemblea Xeral.

### Responsabilidade Social Corporativa

Neste apartado recóllense unha serie de recomendacións relativas á aplicación da EDLP e á xestión do grupo, que fomentan a Responsabilidade Social Corporativa en distintos ámbitos:

Táboa 36. Medidas de RSC

Medidas para favorecer a participación das entidades socias e axentes externos
<p>Entidades socias:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Listaxe actualizada de potenciais entidades socias e protocolo de comunicación e achegamento a eles.</li><li>• Definición de protocolos de colaboración, participación e rexistro de diferentes grupos de interese, tanto internos como externos</li><li>• Planificación de datas, horarios, formas e prazos de convocatoria, contidos e devolución da información das reunións.</li><li>• Ordenación e calendarización de reunións cos diferentes sectores e perfís de axentes socias e institucionais.</li></ul>

### Medidas para favorecer a participación das entidades sociais e axentes externos

- Promover horarios compatibles coa vida familiar.
- Garantir información previa ás reunións con suficiente antelación.
- Realización de xuntanzas informativas destinadas a asistencias técnicas das confrarías, agrupacións de marisqueo a pé e a flote, concellos e agrupacións de recursos específicos.

#### Axentes externos:

- Promover espazos networking e outros espazos informais.
- Organización de visitas ou entrevistas con posibles persoas e entidades promotoras.
- Organización de talleres para presentación de iniciativas de animación e de resultados de iniciativas de persoas emprendedoras.
- Promoción en prensa e en Feiras.

### Medidas para favorecer a participación feminina e o asociacionismo de mulleres

- As reunións planifícanse con antelación suficiente para non obstaculizar as responsabilidades persoais.
- Dado que a maioría das entidades asociadas, teñen un representante e un suplente no Grupo, promoverase que sexan unha muller e un home.
- Deseño participativo e implementación dun plan de igualdade e visibilización do compromiso do GALP Ría de Arousa coa igualdade.
- Ofrecer cursos de formación para mulleres en temáticas relacionadas coa participación: liderado, traballo en equipo, confianza e comunicación, apoderamento e motivación, asociacionismo, etc.
- Acompañar e informar a aqueles grupos de mulleres do sector pesqueiro que amosen interese para a creación dunha asociación en favor dos seus intereses
- Desenvolvemento de accións de formación e sensibilización sobre igualdade no seo da entidade
- Velar polo uso non sexista da linguaxe e coidar o tratamento igualitario nos contidos dos dispositivos comunicativos do GALP.
- Velar polo uso de imaxes que promovan a igualdade de xénero (empregadas para difundir actividades, accións programáticas e comunicativas), e que non afonden nos estereotipos de xénero.
- Incorporar a variable “sexo” no deseño e na avaliación das accións desenvoltas, para coñecer o impacto do programa de axudas e das accións de dinamización en homes e mulleres, identificando ámbitos nos que haxa desequilibrios, para poder corrixilos.

### Medidas para un bo goberno e xestión responsable

#### Seguimento órganos sociais e de xestión.

- Definir e aplicar mecanismos de autoavaliación.
- Difusión periódica da memoria de actividades.
- Designar unha persoa responsable de RSC.

#### Incorporación de novas socias

- Planificación reunións informativas e de traballo.

### Medidas para un bo goberno e xestión responsable

- Achega de información.
- Elaboración de protocolos de acollida.

#### Formación órganos sociais

- Identificación de necesidades formativas e organización de accións de formación. Seguimento e recoñecemento da formación.
- Grupo de traballo RSC.
- Fomento do traballo en equipo.
- Establecemento dun Código ético de funcionamento.

#### Integración de todos os territorios

- Encontros en distintos concellos do GALP.

#### Transparencia

- Dar a coñecer as memorias anuais nun formato axeitado para a difusión.

### Medidas para incentivar o traballo en rede e cooperación

- Contacto fluído e intercambio de experiencias con outros GALP, tanto galegos como do resto do territorio español e europeo.
  - Organización de actividades (visitas de estudo, actividades de promoción/sensibilización...) tanto a nivel individual como en cooperación co resto dos GALP de Galicia.
  - Contacto fluído e intercambio de experiencias cos dous GDR ubicados no territorio.
  - Relación con axentes públicos e privados especializados.
- Seguimento de iniciativas en webs de referencia.

### Medidas para o fomento do desenvolvemento sustentable e a innovación

#### Emprendemento e innovación:

- Intercambio de coñecementos e experiencias e boas prácticas.
- Fomentar as relacións con axentes e organismos de innovación.
- Actos e eventos de networking e confraternización
- Realizar eventos de xeración de ideas empresariais.
- Visita da Xunta Directiva do GALP aos proxectos financiados mais significativos de todo o territorio e cambio de impresións entre as persoas socias do GALP e as persoas e entidades beneficiarias das axudas.
- Promoción a nivel español de proxectos financiados polo GALP, a través de presentacións en Seminarios e Conferencias dirixidos aos Grupos españois e, tamén a nivel europeo, facendo presentacións e exposicións nas que incluso participaron os promotores beneficiarios de axudas.
- Información sobre proxectos innovadores e difusión das súas iniciativas.

#### Patrimonio natural e cultural:

### Medidas para o fomento do desenvolvemento sustentable e a innovación

- Deseño de accións destinadas a súa preservación.
- Organización de campañas e talleres informativos e deseño de accións de promoción e divulgación do patrimonio, do turismo mariñeiro e de boas prácticas medioambientais en prensa, radio, webs e redes sociais.
- Campañas de sensibilización entre tódolos colexios do territorio.

#### Desenvolvemento endógeno

- Fomento de produtos locais e de km0.
- Contacto e apoio ás actividades deseñadas por colectivos medioambientais, ecoloxistas, turísticos, etc. do territorio, e promoción das súas actividades a través das redes sociais, así como da potenciación da compra e consumo de produtos sostibles dentro da zona costeira.

#### Identificación e seguimento de iniciativas:

- Información das axudas do programa adaptadas/incardinadas/orientadas as especificidades dos proxectos ou iniciativas potenciais.
- Organización de talleres para promotores, co obxecto de orientar na redacción de proxectos.
- Apoio e difusión dos proxectos despois da concesión da subvención.

### Medidas para fomento do consumo responsable

#### Provedores de bens e servizos:

- Apoio aos produtos/organizacións de comercio xusto, compra pública responsable e entidades de economía social e entidades que garantan condicións laborais dignas, inclusión social, transparencia e respecto ao medio ambiente.
- Accións de apoio á economía do territorio e contratación de empresas, na medida do posible, do territorio.
- Fomento da inserción sociolaboral de persoas en situación o risco de exclusión.

#### Residuos:

- Redución, reciclaxe, reutilización. Limitar o uso de consumibles e favorecer os soportes dixitais, usar produtos con menor empaquetado, separar e reciclar residuos, difundir estas prácticas entre as socias e, en especial, a comunidade pesqueira.
- Consumo responsable de enerxía para calefacción, uso dos equipos informáticos e acendido de luces e reciclaxe do material de oficina.

### Medidas para a mellora da comunicación

- Establecemento de pautas de comunicación das iniciativas
- Prensa e revistas de tirada nacional e internacional, roldas de prensa, entrevistas en radio e TV, visitas de estudo, xornadas promocionais, xornadas de intercambio e de formación, etc.
- Organización de foros de presentación de proxectos aprobados
- Fomento das redes sociais e novas tecnoloxías.

## 10. Complementariedade e coherencia da estratexia con outros programas de desenvolvemento que se apliquen no territorio.

Durante o período 2023-2027, a política agrícola común articularase ao redor de dez obxectivos clave, orientados a fins sociais, ambientais e económicos. Estes obxectivos trasládanse aos obxectivos específicos e transversais no Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PAC) 2023-2027 en España e serán a referencia para a ordenación dos fondos e das políticas para o desenvolvemento rural en Galicia.

Os obxectivos son os seguintes:

- Asegurar ingresos xustos.
- Incrementar a competitividade.
- Reequilibrar o poder na cadea alimentaria.
- Acción contra o cambio climático.
- Protección do medio ambiente.
- Conservar a paisaxe e a biodiversidade.
- Apoiar o relevo xeracional.
- Manter zonas rurais dinámicas.
- Protección da calidade dos alimentos e da saúde.
- Modernizar o sector agrario a través do coñecemento, a innovación e dixitalización das zonas rurais (transversal).

Temos que sinalar, en primeiro lugar, que estes obxectivos incardínanse, claramente, dentro da EDLP do GALP Ría de Arousa e, polo tanto, os obxectivos, liñas de actuación e accións alíñanse e complementáanse amplamente co Plan Estratéxico en España da Política Agraria Común (PAC).

A súa vez, o plan estratéxico da PAC de España desenvolve o programa LEADER, no marco do Feader, e no que establecen os principais obxectivos para o desenvolvemento económico sostible das zonas rurais.

Os principais instrumentos para a posta en práctica dos obxectivos do programa Leader en Galicia son os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) que algúns coinciden na súa actuación no territorio con Grupos de Desenvolvemento Local do Sector Pesqueiro. En concreto, nesta zona costeira o GALP coincide co GDR Deloa e GDR Salnés Ulla-Umia.

Tanto os GDR como os GALP pretenden responder aos mesmos retos económicos, sociais e medioambientais aos que se enfrontan os territorios. Polo tanto crear sinerxías e cooperación entre ambos axuda dar unha resposta máis eficaz ás necesidades identificadas nas estratexias actuais.

No caso do LEADER o principal obxectivo é de promover o emprego, o crecemento, a igualdade de xénero, incluída a participación das mulleres na agricultura, a inclusión social e o desenvolvemento local na zonas rurais, entre elas a bioeconomía circular e a silvicultura sostible. Este obxectivo pretende atender as seguintes necesidades:

Necesidades	Prioridade PEPAC	Relación coa EDLP do GALP
Permanencia e asentamento de nova poboación, mocidade e mulleres	+++	***
Sistemas agro-alimentario e forestal sostibles e diversificadores	++	***
Emprendemento e talento innovador	+++	***
Infraestruturas e servizos en áreas rurais	++	***
Desenvolvemento endógeno	++	***
Mellora de colectivos en risco de exclusión social	+	***
Bio-economía	+++	***
Formación, divulgación e transferencia de coñecemento en bio-economía	+	***
Xestión forestal sostible	++	0
Silvicultura preventiva, restauración danos, infraestruturas forestais, vías pecuarias e pastoreo	+	0
Explotacións de mulleres	++	***
Incorporación e permanencia mulleres	++	***
Órganos de decisión e mulleres	++	***
Prioridade PEPAC: Primeiro nivel: +++ Segundo nivel: ++ Terceiro nivel: + Relación coa EDLP do GALP: Alta: *** Media: ** Baixa: * Sen relación: 0		

As necesidades que atende o obxectivo do LEADER e que coinciden coas principais prioridades do plan estratéxico da política agraria común teñen, tamén, unha ampla cobertura dentro da EDLP do GALP.

É significativo que as necesidades do LEADER cunha atención de primeiro nivel na PEPAC tamén gardan unha forte relación coa EDLP do GALP.

Isto tradúcese en que as principais medidas que desenvolverá(n) o(s) GDR a través do programa LEADER complementáanse coas actuacións recollidas na EDLP do GALP. A atención a novos colectivos (mulleres, mocidade), o emprendemento e a innovación, así como a bio-economía ou economía circular do LEADER están recollidas nos Obxectivos Estratéxicos 1 e 2 da EDLP do GALP. A estratexia do GALP recolle amplamente medidas destinadas a favorecer o incremento de iniciativas emprendedoras e innovadoras, buscando o talento en actividades marítimo-pesqueiras e relacionadas co mar. A súa vez, promóvense accións que xeren novas oportunidades profesionais das mulleres no mundo do mar e co apoio de programas de conciliación. Tamén se destaca e recolle na EDLP, en consonancia co LEADER, a importancia do sector pesqueiro como alternativa laboral e xeradora de emprego e a súa importancia no desenvolvemento cultural, económico e social dos territorios costeiros.

Nun segundo nivel de necesidades que atender, dentro obxectivo LEADER, están as relativas á incorporación e mantemento do emprego e a empregabilidade das mulleres, así como impulso a unha maior participación das mulleres nos órganos de representación. Cuestións que teñen unha importante cobertura dentro da EDLP do GALP a través do Obxectivo Estratéxico 1. Neste sentido a EDLP, promove e pon de relevo a relevancia de iniciativas lideradas por mulleres, incrementando a súa participación e visibilización dentro do sector pesqueiro.

Os sistemas agro-alimentarios e o desenvolvemento endógeno que están contemplados dentro das necesidades do obxectivo LEADER tamén forman parte da centralidade da estratexia do GALP (Obxectivo Estratéxico 1 e 3), xa que é fundamental para o sector pesqueiro a necesidade de conservar o medio e os recursos pesqueiros para un verdadeiro desenvolvemento endógeno, así como a posta en valor do produto pesqueiro a través da mellora da trazabilidade na súa cadea de valor e no seu consumo, dentro dunha alimentación saudable e de proximidade.

As necesidades menos prioritarias que se recollen no obxectivo LEADER tamén se contemplan dentro das actuacións da estratexia do GALP e que aparecen reflectidas, claramente, na EDLP. Desta maneira, no Obxectivo Estratéxico 1, ponse de relevo, dentro da aposta estratéxica do GALP, a necesidade de promover iniciativas que redundan nunha maior inclusión de colectivos sociais nas actividades marítimo-pesqueiras e relacionadas co mar, mellorando así, a súa empregabilidade e integración social da zona costeira. Outra das necesidades que atende o obxectivo LEADER como é a formación, divulgación e transferencia de coñecemento en bio-economía ou economía circular tamén se recolle a estratexia do GALP no Obxectivo Estratéxico 2 que incide, claramente, que o primeiro paso para o fomento da economía azul e a circularidade económica da zona costeira pasa pola investigación, formación e divulgación que aseguren a transferencia de coñecementos e aprendizaxes.



## 11. Plan de animación na aplicación da EDLP

O obxectivo fundamental do Plan de animación do GALP Ría de Arousa é posicionar ao GALP no territorio como unha ferramenta para o seu desenvolvemento, baixo o valor da sostibilidade e mediante a innovación. Para acadar este obxectivo, o GALP Ría de Arousa promove as seguintes accións:

- a) A difusión da estratexia no territorio de actuación. Comprenderá calquera tipo de actividade que teña como finalidade a de dar a coñecer o programa de axudas do FEMPA, que xestiona o GALP, co obxectivo de reforzar o seu coñecemento entre a poboación en xeral, e de maneira especial, entre as persoas e entidades vinculadas ao sector pesqueiro.
- b) Encontros, xornadas, seminarios e congresos. Implicará a realización deste tipo de eventos por parte do GALP, sobre diferentes temáticas que considere de interese para poñer en valor ao GALP, ao programa de axudas, e a todo o entramado de recursos do territorio.
- c) Estudos, informes ou publicacións. O GALP poderá apoiar este tipo de iniciativas, ao obxecto de reforzar o coñecemento dos recursos pesqueiros locais; a idiosincrasia do sector pesqueiro, así como a súa tradición e evolución; a posta en valor dos recursos medioambientais, en especial do medio mariño e a zona costeira; a valorización do patrimonio cultural; entre outros factores que se consideren de relevancia para a zona pesqueira.
- d) Mapas, guías, edición de material de promoción, valorización e difusión do territorio, portais e páxinas web. Con estes materiais reforzase ao propio GALP, mellorando o coñecemento das actividades que desenvolve este, e facendo especial fincapé no coñecemento do programa de axudas.
- e) Intercambio de experiencias, viaxes, presenza en feiras e eventos, incluso no estranxeiro, etc. O principal obxectivo destas actividades será o de incrementar o coñecemento de como funcionan experiencias ou proxectos doutras latitudes, ao obxecto de aproveitar esa aprendizaxe para mellorar a implementación da estratexia no propio territorio.
- f) Valorización do patrimonio cultural inmaterial. Por último, poderán realizarse accións que reforcen ou melloren o coñecemento e a valorización do patrimonio cultural inmaterial, reforzando deste xeito o mantemento das tradicións e a historia ligadas ao sector pesqueiro.

## 12. Comunicación.

No relativo á comunicación do GALP Ría de Arousa deberá desenvolverse unha estratexia extensa para o cumprimento dos obxectivos de difusión de información do grupo. A grosso modo, a comunicación artellarase en dúas liñas separadas:

- Comunicación interna: é a que se desenvolve dentro do GALP, co sector pesqueiro e máis coas entidades socias
- Comunicación externa: vencellada tamén ao sector pesqueiro, compendia a información vertida dende o grupo cara á cidadanía en xeral do territorio e os axentes estratéxicos. As liñas de traballo asóciense cos medios de comunicación tradicionais, as vías de comunicación de outras entidades, as e aos prescriptores da zona costeira e todos aqueles sectores específicos con capacidade ou vontade de presentar iniciativas ao programa de axudas, entre outras.

Para divulgar a súa mensaxe no territorio, valerase de ferramentas en liña (páxina web, redes sociais), de traballo de comunicación de gabinete (envío de notas de prensa, preparación de reportaxes, convocatoria de medios, roldas de prensa...), produción de materiais de divulgación (folletos, dípticos, roll-ups, etc), traballo de campo (mapeo de entidades, mailings, boletíns informativos...), produción de actividades de divulgación (seminarios, webinars, entrevistas, etc) ou calquera outra ferramenta que sexa considerada de utilidade para a dinamización do FEMPA e o labor do grupo no territorio.

A grandes rasgos, a comunicación dende o GALP ao longo do programa seguirá a seguinte estrutura:

EDLP	
Obxectivo de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Difundir os obxectivos do grupo</li> <li>• Consolidar e promover o protagonismo do GALP, xunto as demais entidades do territorio.</li> <li>• Ampliar o coñecemento do GALP na zona costeira</li> </ul>
Mensaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Axudas Programa FEMPA 2021-2027</li> <li>• Cohesión socioeconómica do territorio</li> <li>• Contribución e apoio á difusión e posta en valor da zona costeira</li> <li>• Captación de ideas para o desenvolvemento da mesma</li> <li>• Mapeo de entidades con capacidade de presentar proxectos ao programa de axudas</li> </ul>
Grupo obxectivo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sector pesqueiro</li> <li>• Concellos</li> <li>• Outras entidades do territorio</li> <li>• Poboación en xeral</li> <li>• Mocidade</li> </ul>
Actividade	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xornadas divulgativas</li> <li>• Redes sociais</li> <li>• Seminarios formativos</li> <li>• Roldas de prensa e notas</li> <li>• Cartelería, folletos...</li> <li>• Difusión en medios de comunicación tradicionais</li> <li>• Espazos divulgativos na sede do GALP e outros lugares de interese con información en distintos soportes</li> </ul>

Período	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Difusión de boas prácticas</li> </ul>
	<p>Todo o período de programación das axudas Especial atención con accións específicas en datas de convocatorias abertas</p>
Canle	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Medios de comunicación tradicionais</li> <li>• Redes sociais</li> <li>• Eventos e reunións informativas</li> <li>• Material promocional</li> </ul> <p>Boletíns de correo Envío masivo de correos Reforzos telefónicos</p>

ANIMACIÓN DO PROGRAMA	
Obxectivo de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomentar a participación na divulgación do programa entre os potenciais beneficiarios.</li> <li>• Achegar o sector pesqueiro e marisqueiro á poboación en xeral (mocidade, persoas maiores, diversidade funcional, prescriptores do produto pesqueiro e marisqueiro)</li> <li>• Especial atención a colectivos vencellados á diversificación ou a sectores estratéxicos do territorio</li> </ul>
Mensaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promoción da zona costeira</li> <li>• Dar a coñecer a cultura e as tradicións mariñeiras</li> <li>• Posta en valor ao produto local do mar</li> <li>• Concienciación medioambiental</li> <li>• Divulgación do patrimonio material e inmaterial</li> </ul>
Grupo obxectivo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Confrarías de Pescadores</li> <li>• Entidades minoristas de pescado</li> <li>• Mercados municipais</li> <li>• Centros escolares</li> <li>• Hostalería e restauración</li> <li>• Asociacións diversidade funcional</li> <li>• Outras entidades do territorio e poboación en xeral</li> </ul>
Actividade	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Eventos culturais, deportivos, gastronómicos, turísticos ou medioambientais vinculados co desenvolvemento da EDLP</li> <li>• Accións de participación cidadá</li> <li>• Accións específicas con centros escolares ou asociacións sectoriais do territorio</li> </ul>
Período	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Todo o período de programación das axudas</li> </ul>
Canle	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Medios de comunicación tradicionais</li> <li>• Redes sociais</li> <li>• Eventos e reunións informativas</li> <li>• Material promocional</li> </ul> <p>Boletíns de correo Envío masivo de correos Reforzos telefónicos</p>

## 13. Seguimento e avaliación

### 13.1. Plan de seguimento e avaliación continua

O proceso de seguimento e avaliación terá unha dobre dimensión: a interna e a externa.

1. Avaliación interna. Será realizada polos órganos sociais do GALP, tendo en conta as realizacións e os avances na execución financeira da aplicación da EDLP: programa de axudas, incluída a cooperación, xestión (funcionamento e animación).

O equipo técnico será o responsable de realizar o seguimento da EDLP, informando directamente á Xunta Directiva e Asemblea.

Tendo en consideración os requirimentos específicos establecidos pola Consellería do Mar, definirase un informe anual que abordará:

- O nivel de cumprimento dos obxectivos da EDLP.
- A identificación de riscos e debilidades na execución das operacións.
- Os mecanismos de corrección para optimizar a aplicación da estratexia.

2. Avaliación externa. Nesta dimensión intégranse outras persoas ou entidades para avaliar, dunha maneira máis global, o impacto na aplicación da Estratexia.

Esta avaliación pode integrar a maiores das entidades socias a persoas ou entidades beneficiarias ou non do programa de axudas, ou a calquera outra entidade do territorio que queira participar, de maneira aberta.

O procedemento de avaliación consta de tres fases:



### 1. Avaliación Inicial.

No proceso participativo de elaboración da estratexia, que foi presencial e virtual, realizouse unha avaliación do contexto actual da zona, na que participaron entidades públicas e privadas do territorio representativas do sector pesqueiro e outros sectores. Definíronse as necesidades do territorio, os retos que afrontar e as actuacións a desenvolver para atender estas. Este proceso complementouse cunha análise diagnóstica socioeconómica da zona pesqueira, que atendeu a diferentes factores: a realidade física, social e económica do territorio; ao sector marítimo-pesqueiro e da acuicultura; e aos recursos patrimoniais e medioambientais.

Esta análise foi a base sobre a que se elaborou o plan de acción da estratexia.

### 2. Avaliación intermedia.

O principal obxectivo desta avaliación é o de definir un marco o suficientemente amplo que permita posibles reorientacións e cambios na EDLP, para garantir o cumprimento das metas fixadas e atender ao cumprimento dos obxectivos. Deberá abordar os seguintes factores:

- Análise da execución financeira. Ver o grao de execución financeira, a xestión do programa de axudas, a coherencia na distribución dos diferentes gastos.
- Análise de realización físicas do programa, observando a tipoloxía de operacións financiadas, a súa utilidade e relevancia para dar cobertura ás necesidades do territorio.
- Análise de procesos, vendo como se está desenvolvendo a dinámica do grupo na xestión do programa de axudas, incluída a cooperación, no seu funcionamento e na animación do anterior.

A avaliación intermedia será desenvolva no ano 2025 e atenderá aos fitos definidos. Esta avaliación farase empregando a triangulación metodolóxica, definida a través da utilización de técnicas de carácter cualitativo, cuantitativo e participativo.

Para garantir a operatividade e a lexitimidade do proceso vanse combinar órganos formais do propio GALP (Xunta Directiva, Asemblea) con espazos ad hoc (Mesas Sectorais e Foro).

Os órganos de participación e as funcións expóñense na seguinte táboa:

Órgano	Función
Mesas Sectorais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Implicar aos sectores na valoración da execución do programa de axudas.</li> <li>• Abrir un proceso de reflexión e debate sectorial que permita identificar a atención ás necesidades do territorio e as barreiras no desenvolvemento do programa.</li> <li>• Adoptar propostas de mellora sectorial no desenvolvemento do programa de axudas.</li> </ul>
Xunta Directiva	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Analizar e valorar a información producida polas mesas sectoriais.</li> <li>• Elaborar unha síntese da avaliación para o traballo do Foro.</li> </ul>
Foro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Crear un espazo de encontro que implique aos distintos sectores conformados no proceso, dende unha perspectiva sectorial e transversal.</li> <li>• Integrar as distintas perspectivas e axentes nun proceso de reflexión e consenso.</li> <li>• Asentar e favorecer a corresponsabilización da entidades e persoas participantes na posterior implementación do programa de axudas.</li> <li>• Divulgar na zona pesqueira os resultados obtidos no proceso de avaliación do programa de axudas.</li> </ul>
Asemblea	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Validación final dos resultados obtidos no proceso de avaliación, incluíndo as súas conclusións e medidas correctoras.</li> </ul>

### 3. Avaliación Final.


A avaliación final é unha importante ferramenta para valorar o alcance sobre a aplicación da estratexia no territorio ao longo do período de programación 2021-2027. Esta avaliación realizarase ao final do período, tendo en consideración que de prorrogarse o convenio de colaboración para a aplicación da EDLP, podería ser posterior, cumprindo a regra de ampliación. Teranse en conta para a súa análise os factores relacionados coa execución do programa, tanto dende o punto de vista económico-financeiro,

como social e organizativo, incidindo no impacto xerado no territorio, en especial, en factores como o emprego ou o desenvolvemento económico do sector pesqueiro.

Terase en conta a análise do cumprimento de obxectivos, pero tamén o funcionamento do GALP e da súa política de comunicación e animación da estratexia, co obxectivo de avaliar o peso do mesmo, como axente dinamizador do territorio.

Na avaliación final incorporaranse unha valoración dos diferentes aspectos transversais da estratexia e contemplará o resto de factores de análise (eficacia, eficiencia, relevancia, pertinencia, coherencia, complementariedade, utilidade, etc.).

Ao igual que a avaliación intermedia a estrutura de participación seguirá o seguinte esquema:



Hai unha serie de criterios que se terán en conta á hora de realizar a avaliación e o seguimento do programa:

1. O proceso e criterios de avaliación deberán de axustarse ás recomendacións ou instrucións ditadas pola Consellería do Mar durante o período de execución do programa de axudas. O GALP facilitará toda a información que se defina pola Consellería do Mar para avaliar o grao de cumprimento da estratexia e a súa análise comparativa con outros territorios.
2. Todo o proceso de avaliación deberá de ter mecanismos de publicidade para garantir unha participación efectiva dos axentes e entidades do territorio e unha maior transparencia. Os documentos finais deberán de ser accesibles ás entidades socias como procedemento de transparencia e de fomento da participación.
3. O proceso de avaliación deberá de ser complementado co uso de instrumentos de comunicación e participación virtual, co obxecto de garantir a maior participación posible.
4. A avaliación poderá ser reorientada en función das directrices emanadas do programa operativo do FEMPA, tamén se adaptará ás modificacións da Axenda 2030, e ás novas orientacións que poidan xurdir de fondos complementarios.


## 13.2 Indicadores de avaliación

O seguimento da estratexia é continuo se ben realizárase unha avaliación anual, dando conta da información contida nos indicadores do programa de axudas, accións de animación e cooperación.

Táboa 37. Indicadores para o seguimento da aplicación da EDLP

Indicador	Fonte	Fito	Meta
-----------	-------	------	------

IP1. Gasto público total en proxectos	Rexistro proxectos. Informe de seguimento	1.569.200,05	5.230.666,83
IP2. Inversión total en proxectos	Rexistro proxectos. Informe de seguimento	2.998.117,49	9.993.724,98
IP3. Número de empregos creados nos proxectos financiados (Total)	Rexistro proxectos. Informe de seguimento	8	28
IP3.1 Número de empregos creados nos proxectos financiados (Mulleres)	Rexistro proxectos. Informe de seguimento	5	16
IP3.2 Número de empregos creados nos proxectos financiados (Homes)	Rexistro proxectos. Informe de seguimento	3	12
IP4. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Total)	Rexistro proxectos. Informe de seguimento	30	98
IP4.1. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Mulleres)	Rexistro proxectos. Informe de seguimento	18	59
IP4.2. Número de empregos consolidados nos proxectos financiados (Homes)	Rexistro proxectos. Informe de seguimento	12	39
IP5. Número de empresas creadas	Rexistro proxectos. Informe de seguimento	5	16
IP6. Número total de proxectos impulsados por mulleres	Rexistro proxectos. Informe de seguimento	3	9
IP7. Número total de proxectos impulsados por persoas mozas	Rexistro proxectos. Informe de seguimento	2	8
IP8. Número total de proxectos impulsados por axentes ou entidades do sector pesqueiro	Rexistro proxectos. Informe de seguimento	10	33



Grupos de  
Acción  
Local do sector  
Pesqueiro





